

Número 3 - Ano 2026

ACTA

da sesión ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

26 de febreiro de 2026

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e doce minutos do día vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e seis; baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ, DONA CRISTINA SANZ ARIAS, DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO, DONA FLORA RUBINOS ROIS, DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN, DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, DON AGUSTÍN GALLEGU VIGO, DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO, DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY, DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ, DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Institucionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Ilmo. Sr. tenente de alcalde delegado da Área de Urbanismo e Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros e concelleiras de feito e de dereito, incluído o presidente.

Dá fe do acto a secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o interventor xeral municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 23 de febreiro de 2026 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

A) PARTE RESOLUTIVA

ACTAS E GOBERNO

1/13 PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE COMPATIBILIDADE DO EXERCICIO ESPORÁDICO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL DE SICÓLOGO COA TITULARIDADE DA TENENCIA DE ALCALDÍA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, POR PARTE DE DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN.

PLANEAMENTO

2/14 PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CAMBIO DE USO DE TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PREVISTOS PARA EQUIPAMENTO COMUNITARIO.

PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

3/15 APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA XERAL DO CEMITERIO MUNICIPAL DE MASCOTAS.

PROPOSICIÓNS

4/16 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 87/2026 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á PARALIZACIÓN DA RECONVERSIÓN DE HABITACIÓNS NA RESIDENCIA DE MAIORES DAS GÁNDARAS (2026/G004/000082).

5/17 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 88/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DAS CONEXIÓNS DO RURAL DE LUGO MEDIANTE O TRANSPORTE METROPOLITANO (2026/G004/000083).

6/18 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 89/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A EXECUCIÓN DUN APARCADOIRO PÚBLICO NA PARCELA ONDE SE SITUÁ O 'PARQUE DE ENERXÍAS ALTERNATIVAS DO CEAO' (2026/G004/000089).

7/19 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 90/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A AMPLIACIÓN E MELLORA INTEGRAL DO ACCESO A LUGO POLA FERVEDOIRA (2026/G004/000090).

8/20 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 91/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA REXEITAR A DECISIÓN DO GOBERNO CENTRAL DE PRESENTAR RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE PARA PARALIZAR O PLAN DE AXILIZACIÓN DA DEPENDENCIA E DA DISCAPACIDADE DA XUNTA DE GALICIA (2026/G004/000091).

9/21 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 92/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA, A DOTACIÓN DE PERSOAL E A SEGURIDADE OPERATIVA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO (SPEIS) MUNICIPAL (2026/G004/000092).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

10/22 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2026, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2026/G004/000076).

EDUCACIÓN

11/23 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO.

INTERVENCIÓN

12/24 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DE ANÁLISE DOS EXPEDIENTES DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS POLO SERVIZO DE FACENDA LOCAL NO EXERCICIO 2024.

TESOURERÍA

13/25 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME DE MOROSIDADE DO CUARTO TRIMESTRE DE 2025

14/26 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE XANEIRO DE 2026.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

ROGOS

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 93/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE IMPULSE E EXECUTE UNHA SOLUCIÓN DEFINITIVA AO ASOLAGAMENTO NO CAMIÑO DE CASÁS.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 94/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO DESENVOLVEMENTO DA OBRA DE HUMANIZACIÓN NO TRAMO ENTRE A RÚA MALLORCA E XULIA MINGUILLÓN.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 95/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO SUCEDIDO NA DEPURADORA DE MEILÁN E AS MEDIDAS QUE SE ESTÁN A ADOPTAR ANTE OS ÚLTIMOS EPISODIOS ACONTECIDOS NAS DISTINTAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 96/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO LOCAL INFORME EN RELACIÓN COA PETICIÓN DA VALEDORA DO POBO RESPECTO DO CENSO DE INSTALACIÓNS E LOCALIZACIÓNS CON AMIANTO.

PREGUNTAS

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 97/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONTRATO DAS EXTRAESCOLARES.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 98/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA FIRMA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REURBANIZACIÓN DE SERRA DE MEIRA.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 99/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO DESFRUTE DA PRAIA FLUVIAL NO VERÁN DE 2026.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 100/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ALUGUEIRO DA NAVE DO CORGO ONDE SE GARDAN AS TURBINAS DA FÁBRICA DA LUZ.

D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- PÉSAME POLO FALECIMENTO DE DON XESÚS ALONSO MONTERO, FILLO ADOPTIVO DA CIDADE DE LUGO.

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 2026

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

A) PARTE RESOLUTIVA

ACTAS E GOBERNO

1/13 RECOÑECEMENTO DA COMPATIBILIDADE DO EXERCICIO ESPORÁDICO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL DE SICÓLOGO COA TITULARIDADE DA TENENCIA DE ALCALDÍA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, POR PARTE DE DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN. (Exptes 2026/G023/000011 e 2026/G004/000103).- Vista a proposta da Alcaldía, do 23 de febreiro de 2026, cuxa parte expositiva é do seguinte teor:

Examinado o expediente tramitado e tendo en conta o previsto no artigo 83.2 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo publicado no BOP de Lugo o 8 de maio de 2007 (con modificacións publicadas no BOP de Lugo do 18 de outubro de 2010 e do 27 de xaneiro de 2015) conforme ao que as propostas do Alcalde non deberán ir, necesariamente, dictaminadas pola correspondente comisión do Pleno, e a súa inclusión na orde do día non precisa que concorran razóns de urxencia nin require ratificación posterior polo Pleno.

Vista a solicitude presentada polo interesado relativa á compatibilización do exercicio esporádico da súa profesión de sicólogo coas obrigas que lle competen como tenente de alcalde e concelleiro delegado de Área.

Visto o informe conxunto emitido pola secretaría xeral de pleno e inteventor municipal obrante no expediente 2026/G023/000011 de data 13 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

“Visto o Decreto da alcaldía número 10280/2025, do 4 de abril de 2025 que, entre outros aspectos, no seu resolvo DÉCIMO procede á designación dos titulares das concellerías delegadas, entre os que se atopa don Mauricio Victorio Repetto Morbán á fronte da de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, e resultando que dito cargo está dotado en réxime de dedicación exclusiva.

Vista a solicitude presentada -con datas 28 e 30 de xaneiro de 2026-, na que o concelleiro delegado expón que lle foi asignada unha dedicación exclusiva e que ten o propósito de exercer a actividade privada de psicólogo por conta propia si ben con carácter marxinal, fóra da xornada necesaria para o cumprimento das súas

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

funcións públicas e polo tanto solicita se declare a compatibilidade polo Pleno do Concello.

Tendo en conta os antecedentes epigrafiados, os que suscriben INFORMAN:

O conxunto de dereitos e deberes conectados ao exercicio das funcións propias dos membros das Corporacións Locais integran o Estatuto dos membros destas (artigos 73 a 78 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local).

No que aos dereitos se refire, inclúense uns de carácter instrumental dirixidos, non tanto ao exercicio das súas funcións senón como garantía do axeitado mantemento no exercicio dos seus cargos. Trátase da configuración dunha compensación económica axeitada.

O artigo 75 da LBRL (Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local) ven a establecer, tres tipos de compensación; os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que corresponda.

Tamén poderán desempeñelos en réxime de dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso tamén serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social.

E por último, solo os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, así como indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo. As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos estas retribucións, indemnizacións e asistencias.

Pero este réxime económico non está exento de limitacións ou incompatibilidades retributivas que afectan con distinta intensidade ao caso das dedicacións exclusivas ou parciais, e ao caso de que se pretenda a compatibilización destas retribucións con as derivadas de actividades públicas ou privadas.

Deixando a un lado o réxime aplicable ás actividades públicas en cuxo caso haberá que estar ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, e centrándonos no exercicio de actividades privadas, o artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), establece un criterio para a declaración de compatibilidade que ten tamén o seu reflexo na xurisprudencia consultada no senso

de admitir que os concelleiro/as con dedicación exclusiva dediquen un tempo residual a outras actividades privadas. Así, dispón o apartado terceiro deste artigo que: “o recoñecemento da dedicación exclusiva a un membro da Corporación esixirá a dedicación preferente do mesmo ás tarefas propias do seu cargo, sin prexuízo doutras ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento á súa dedicación á Corporación. No caso de que tales ocupacións sexan remuneradas, se requerirá unha declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno da entidade local”.

Segundo esta norma, si o concelleiro solicitante pretende compatibilizar o desempeño do seu cargo como Concelleiro Delegado de Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais coa actividade privada de psicólogo, deben cumprirse os seguintes requisitos:

1.- Esa actividade non pode obstaculizar ou impedir unha dedicación preferente ás tarefas propias do seu cargo.

2.- Que a segunda ocupación como psicólogo debe ter un carácter marxinal debendo ser exercida de xeito secundario respecto á principal de Concelleiro Delegado de Área.

Para a concreción deste concepto xurídico indeterminado -ocupación marxinal- podemos acodir á xurisprudencia recaída sobre a materia e en concreto á seguinte:

O Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura en Sentenza de 11 de maio de 1999, declarou a compatibilidade co exercicio dunha profesión liberal, con base en que o exercicio libre dunha profesión liberal de forma privada -como é a de psicólogo- pode levarse a cabo con plena dedicación, de forma parcial ou exerceuse esporádicamente ou de forma secundaria ou marxinal respecto doutra.

O Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria en Sentenza de 13 de marzo de 2009 recoñece a condición de marxinal por limitado o exercicio privado da medicina a unhas horas á semana (dúas tardes á semana e 3 ou 4 noites ao mes supeditado ao desempeño de labores administrativos) e baixo a previsión de que, en calquera momento se podería retirar a dedicación exclusiva e a consiganción económica correspondente, de alterarse as circunstancias orixinais que provocasen unha modificación na calificación da actividade, deixando de ser marxinal.

A Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias de 28 de abril de 2006 indica que os recorrentes non demostraron que o exercicio da actividade marxinal por parte do concelleiro vaia restar o máis mínimo rendemento ás súas labores como tal polo que en principio é perfectamente admisible a dedicación plena, cunha actividade complementaria.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

De non ter este carácter marxinal que se deduce da xurisprudencia citada, estaríamos no suposto dunha dedicación parcial respecto da que debe advertirse que o Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía en sentenza de 23 de febreiro de 2018, ten declarado que a diferenza entre esta e a exclusiva non pode ser tan insignificante que permita eludir as restriccións que impón a norma legal e que unha dedicación parcial de ata o 90% ven na práctica a supoñer unha exclusiva, que polo tanto debe ser anulada.

3.- Por tratarse, a actividade de psicólogo, dunha actividade remunerada, se requirirá unha declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno.

Por todo o exposto, e á vista da solicitude presentada, pode considerarse que o exercicio libre da profesión de psicólogo de forma privada, de xeito marxinal e sen restar ás labores de concelleiro delegado de área, é admisible como compatible coa dedicación plena deste, e polo tanto o Pleno do Concello pode autorizar a súa compatibilidade. Non obstante, recoméndase que se concrete na solicitude exactamente o tempo de dedicación como se sinala na Senteza do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria de 13 de marzo de 2009 que considera como tal *dúas tardes á semana e 3 ou 4 noites ao mes supeditado ao desempeño de labores administrativas*, para reforzar a súa marxinalidade e que non quede dúbida de que posúe ese carácter.”

Visto o escrito presentado polo interesado con data 20 de febreiro onde concreta que se trata dunha actividade que se realizará de xeito marxinal á que se dedicarán dúas tardes á semana.

Sometido o asunto a votación acadáronse os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMERO.- Recoñecer a don Mauricio Victorio Repetto Morbán, concelleiro delegado da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais a compatibilidade co exercicio esporádico da actividade profesional de sicólogo constando na súa solicitude que á dita actividade non dedicará máis de dúas tardes á semana sen que esta dedicación reste rendemento ás súas labores como concelleiro nin prexudica os intereses xerais, sempre que manteña dito carácter marxinal.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado, incorporándoo ao Rexistro de Intereses correspondente.

DELIBERACIÓN

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Nós ímonos abster neste punto, pero este asunto non foi ditaminado na comisión correspondente, non sei se obedece a algún asunto de urxencia ou algo. Simplemente, esa cuestión de orde que me gustaría que me aclararan.

EXCMO. SR. ALCALDE: Pois pídlle aclaración á secretaria. Por favor!

SEÑORA SECRETARIA: O artigo 80 do noso regulamento orgánico permite que ... 83, perdón, é que non o teño diante, efectivamente, permite que os asuntos, tanto as proposicións como certas propostas da Alcaldía, poidan ser sometidas directamente ao Pleno sen necesidade de previo ditame [intervencións inaudibles] Ben, sinto esta interrupción, que se poden presentar directamente ao Pleno sen necesidade de ser ditaminadas previamente pola comisión informativa correspondente, e engade que sen necesidade de xustificar nin tampouco de tratar a urxencia no Pleno, e sobre a base dese apartado do artigo 83 tróuxose ao Pleno...

EXCMO. SR. ALCALDE: Perdón, un segundiño!...Se vos parece están entrando veciños e veciñas que lles damos a benvida. Agardamos un momentíño e continuamos... Continuamos, secretaria, cando queira.

SEÑORA SECRETARIA: ... pon que non é necesario ditaminar, e continúa dicindo que sen necesidade de xustificar a urxencia, nin tampouco... E vouno ler que é o máis acaído nestas ocasións e, sobre todo, con relación ao noso regulamento. É o punto dous: as propostas do alcalde ou alcaldesa e as proposicións non deberán ir necesariamente, unha cousa, digamos que é excepcional, ditaminados pola correspondente comisión de Pleno e a súa inclusión na orde do día que normalmente unha regra como un pouco xeral sempre que nos inclúe un asunto na orde do día, tense que xustificar a urxencia porque se dá por feito que non se puido estudar como corresponde dentro do prazo de convocatoria das sesións plenarias, ben, porén continúa dicindo que non precisa que concorran razóns de urxencia nestes supostos nin tampouco require esa ratificación posterior polo Pleno. Entón, sobre a base deste artigo, literalmente, efectivamente, pois deuse trámite a esta solicitude porque se presentou cando se tivo a ben presentala.

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, pois aclarado este punto, e unha vez instalados os veciños e veciñas que nos acompañan, aos que lles damos a benvida, pero lles recordamos que neste Pleno hai que gardar silencio, continuamos coa nosa orde do día, neste caso votando, señora secretaria, cando queira.

PLANEAMENTO

2/14 APROBACIÓN DE CAMBIO DE USO DE TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PREVISTOS PARA EQUIPAMENTO COMUNITARIO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da técnica de administración xeral de Planeamento, do 11 de febreiro de 2026, conformada polo director xeral de urbanismo e o tenente de alcalde delegado da Área de Urbanismo e Deportes e Xuventude, cuxa parte expositiva é do seguinte teor:

A funcionaria que subscribe emite o seguinte Informe-proposta, ao abeiro do establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, con base nos seguintes

ANTECEDENTES

A parcela con referencia catastral 7839043PH1673N0001BF, lindante coa avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo, de titularidade municipal, está clasificada como solo urbano consolidado e cualificada como equipamento comunitario, segundo o vixente Plan xeral de ordenación municipal de Lugo, aprobado definitivamente por Orde do 29 de abril de 2011, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu artigo 42.5, segundo a nova redacción dada pola Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón:

“5. O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do planeamento urbanístico, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para calquera tipo de dotación pública por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública. En todo caso, deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2.

Para os efectos do disposto neste número, entenderase que teñen tamén a condición de equipamentos ou dotacións públicas os que sexan de titularidade pública, aínda que non figuren no planeamento urbanístico con tal condición.”

O Servizo municipal de Arquitectura redactou a memoria técnica xustificativa da necesidade de cambio de uso dos terreos reservados para equipamento comunitario por outro uso dotacional público distinto: viario e aparcamento, mantendo en todo caso a titularidade pública dos terreos.

A memoria elaborada polo Servizo de Arquitectura contén a xustificación do cambio de uso:

“Pola morfoloxía da parcela, este uso xeraría unha medianeira en torno ao equipamento, xa que está rodeado na súa totalidade por parcelas reguladas dentro da zona de ordenanza 2 (quinteiro pechado) do PXOM, salvo unha vía de acceso de arredor de 6 metros de ancho.

En xeral, a tipoloxía edificatoria da ordenanza 2 é edificación con uso específico de vivenda colectiva, permitindo tamén outra serie de usos compatibles en diferentes situacións segundo o cadro que consta na Ficha do Tomo III do PXOM.

Polo tanto, resultaría unha edificación dotacional rodeada por muros medianeiros dunha altura moi superior a esta, xa que o PXOM permite edificacións de cinco e sete plantas ao seu arredor.

O anterior xeraría unha edificación sen vistas e cun soleamento e iluminación deficientes, polo que non cumpriría cos principios de calidade na arquitectura recollidos no artigo 4 da Lei 9/2022, de 14 de xuño, de Calidade da Arquitectura.

../.. Tamén, o feito de que o equipamento xere esta “medianeira” dificultaría a construción das edificacións que o planeamento establece ao seu arredor.

A zona de ordenanza 2 (quinteiro pechado) establece, de forma xenérica, que as edificacións están compostas por unha fachada principal á vía pública e outra fachada posterior cara ao patio de quinteiro.

En xeral, os patios de quinteiro cumpren coas condicións recollidas no artigo 40 da normativa do PXOM para proxectar vivendas exteriores nesa zona.

Porén, o equipamento dentro deste patio de quinteiro impide desenvolver de forma óptima o uso residencial característico desta ordenanza, reducindo a calidade das vivendas e o número de unidades que se poden proxectar, xa que non existiría unha fachada posterior.”

../.. considérase axeitado eliminar o uso dotacional de equipamento e transformalo noutro uso dotacional que permita abrir luces e vistas cara este patio de quinteiro.

Na actualidade esta parcela estase a usar coma aparcadoiro público municipal e ten un uso constante pola súa localización dentro do entorno urbano.”

Sometido o asunto a votación acadáronse os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor: 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

- Votos en contra: 0
- Abstencións: 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobado o cambio de uso de equipamento comunitario, previsto no vixente Plan xeral de ordenación municipal de Lugo para a parcela con referencia catastral 7839043PH1673N0001BF, lindante coa avenida Infanta Elena Duquesa de Lugo, polo uso de viario e aparcamento, mantendo a titularidade pública dos terreos.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e no *Diario Oficial de Galicia* e instar a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

3/15 APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA XERAL DO CEMITERIO MUNICIPAL DE MASCOTAS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa do servizo de Participación e Atención Cidadá, do 12 de febreiro de 2026, conformado pola tenenta de alcalde delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, cuxa parte expositiva é do seguinte teor: Con relación ao expediente relativo á aprobación da Ordenanza reguladora do Cemiterio Municipal de Mascotas do Concello de Lugo, e en orde á súa resolución cómpre tomar en consideración os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Acordo número 3/121 do excmo. Pleno do Concello de Lugo adoptado na sesión celebrada o 29-09-2025, polo que se procede á aprobación inicial da Ordenanza Xeral do Cemiterio Municipal de Mascotas, na súa redacción contida no proxecto aprobado polo acordo 2/305 da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o 30-07-2025.
2. Trámite de información pública do devandito acordo por un período de 30 días ao abeiro do disposto no artigo 133.2 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións públicas, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia núm. 245 do 24-10-2025 e no Taboleiro municipal con data do 29-10-2025.
3. Informe do Rexistro municipal de data 17/12/2025 indicativo de que durante o período comprendido entre o 27 de outubro e o 5 de decembro de 2025 (ambos os dous inclusive), nos que someteu o texto aprobado inicialmente á audiencia pública, consta rexistrado co número 202599900025239 e data de entrada do 5-11-2025, un escrito de alegacións ao expediente, formulado por Luis Alfredo Latorre Real.
4. Informe técnico sobre as alegacións presentadas emitido polo Servizo de Participación e atención cidadá de data 9-02-2025 do seguinte teor literal:

“Con data do 29-09-2025 o acordo número 3/121 do excmo. Pleno do Concello de Lugo adoptou o acordo de Proceder á aprobación inicial da Ordenanza Xeral do Cemiterio Municipal de Mascotas, na súa redacción contida no proxecto aprobado polo acordo 2/305 da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o 30-07-2025.

Unha vez publicado e sometido á información pública, consta unha única alegación formulada por **Luis Latorre Real**, co **DNI 33317150-V**, con data do 5/11/2025, procedendo a continuación ao análise individual de cada unha das propostas de modificación formuladas:

1. Suxerencia sobre a duración da concesión, solicitando que o prazo da concesión de unidade de enterramento se amplie indefinidamente.

As unidades de enterramento do cemiterio municipal de mascotas, constitúen bens de dominio público, polo que os dereitos ou a autorización para o seu uso adquiren necesariamente a forma de concesión demanial cuxas condicións, carácter e requisitos, están taxativamente determinadas no ordenamento xurídico.

Neste sentido, as concesións demaniais teñen un carácter eminentemente temporal, aspecto recollido tanto no artigo 79 do Regulamento de Bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, no cal determínase que as concesións demaniais non poderán ter carácter indefinido, condición corroborada pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións públicas que no seu artigo 93.3 determina que as concesións deberán outorgarse por tempo determinado, o cal descarta a posibilidade de outorgarlle un carácter indefinido.

Por outra banda o uso autorizado, exclusivamente cinerario, sen riscos sanitarios nin ambientais, non altera a natureza demanial nin xustifica a atribución dun dereito de uso permanente ou indefinido incompatible cos principios de temporalidade, igualdade e correcta xestión do dominio público.

En virtude do exposto, procede desestimar a alegación formulada ao contravir o disposto na normativa de aplicación.

2. Proposta de modificación dos artigos 9 e 10 con relación á necesidade dunha maior concreción dos aspectos procedimentais na mesma Ordenanza.

Nestes artigos recóllense os dereitos e obrigas das persoas titulares da concesión, sometendo a execución das accións necesarias para o seu desenvolvemento ás normas que o Concello determine.

Con carácter xeral, e en aras á eficacia normativa, unha Ordenanza debe fixar o marco de actuación que regule a materia para desenvolver despois os aspectos concretos e taxativos mediante normas de carácter regulamentario, técnico e organizativo que permitan e faciliten a correcta execución dos seus postulados en concordancia coa súa natureza esencial.

Neste sentido, mantense a redacción inicial, na cal se determina a obriga das persoas concesionarias de atender o mantemento da unidade de enterramento e adoptar as medidas necesarias para a súa reparación con sometimento ás normas procedimentais e de xestión do propio servizo que estipule o Concello, control dos servizos técnicos e demais normativa de aplicación.

3. Proposta de modificación do artigo 11 para acoller a posibilidade de realizar un cambio de titularidade a favor de terceiros non familiares.

O artigo 11 da Ordenanza regula o cambio de titularidade da concesión da unidade de enterramento, no caso de falecemento da persoa titular, a favor das persoas que ostentando os dereitos sucesorios segundo o previsto no código civil, reúnan os requisitos para ser titular de concesión, sendo o seu alcance o período que reste para a finalización do periodo concesional.

A norma trata así de arbitrar un procedemento excepcional no cal por razóns de continuidade familiar e seguridade xurídica logo do falecemento da persoa titular incorpórase á titularidade aquel ou aquela que ostentando a condición de herdeiro ou herdeira, reúna os requisitos dispostos para ser titular da concesión.

A proposta formulada entra de plano nun escenario diferente, no cal se produciría unha cesión de dereitos de uso entre os herdeiros ou herdeiras, como titulares do dereito sucesorio e outros posibles terceiros cos que non exista necesariamente vinculación familiar, incluíndose persoas xurídicas. Estaríamos diante dun cambio de titularidade “intervivos”.

A Ordenanza, como se indicou en parágrafos anteriores, non contempla a transmisión “intervivos” da concesión, limitandoa expresa e excepcionalmente ao suposto de falecemento da persoa titular e únicamente a favor dos seus herdeiros ou herdeiras lexítimos.

En virtude do exposto, infórmase desfavorablemente a proposta formulada xa que a falta de regulación na Ordenanza desta casuística, non é a causa dunha omisión involuntaria, senón dunha decisión normativa que ten o seu fundamento no respecto á natureza pública e de carácter privativo da concesión demanial, coa que se pretende evitar a posibilidade de que se produzan certas prácticas non desexadas en cesións onerosas, incompatibles coa esencia da concesión demanial de bens de dominio público.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local que nos seus artigos 49 e seguintes determinan o procedemento de aprobación das ordenanzas locais.

Real decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, de aplicación ao procedemento administrativo que culmina no exercicio da potestade regulamentaria por parte da entidade, fundamentalmente no preceptos contidos no seu Título VI.

O Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de go (ROMGA) que no seu artigo artigo 93.1 establece o procedemento para a resolución das alegacións formuladas contra acordos de aprobación inicial das Ordenanzas e Regulamentos municipais, debendo ser valoradas pola Xunta de Goberno Local.

Sometido o asunto a votación acadáronse os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións formuladas ao acordo de aprobación inicial da Ordenanza Xeral do Cemiterio Municipal de Mascotas, reafirmando o seu carácter de marco regulatorio en aras ao principio de eficacia normativa, así como o carácter temporal e privativo do réxime concesional, definido na mesma Ordenanza. SEGUNDO.- Elevar a definitiva a aprobación da Ordenanza Xeral do Cemiterio Municipal de Mascotas na súa redación aprobada inicialmente polo acordo número 3/121 do excmo. Pleno do Concello de Lugo adoptado na sesión celebrada o 29-09-2025, cuxo texto se reproduce a continuación:

“ORDENANZA XERAL DO CEMITERIO DE MASCOTAS DO CONCELLO DE LUGO

Artigo 1: Obxecto

É obxecto da presente Ordenanza a regulación do uso do Cemiterio Municipal de Mascotas do Concello de Lugo, no marco sanitario e ambiental establecido pola normativa en vigor. O Cemiterio Municipal de Mascotas defínese como un ben de dominio público coa calificación de ben de servizo público e está destinado con carácter exclusivo ao depósito de cinzas de mascotas segundo o estipulado no artigo 4 do presente Ordenanza, non admitíndose en ningún caso o enterramento de restos biolóxicos de ningún espécimen deste xénero.

Artigo 2: Ámbito e normativa de aplicación

As disposicións contidas na presente ordenanza serán de aplicación aos servizos, usos e actividades realizadas dentro do recinto do cemiterio de mascotas.

Nos aspectos non regulados pola presente Ordenanza seralles de aplicación a normativa autonómica, medioambiental ou de carácter sanitario atinente na materia.

Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lei 6/2023, do 2 de novembro, do Patrimonio da CCAA de Galicia.

Lei 33/2003, do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións públicas.

Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais
Ordenanzas Fiscais de aplicación.

Artigo 3: Localización e instalacións

O Cemiterio Municipal de Mascotas do Concello de Lugo está ubicado no Camiño de Fontao (Esperante), s/n, perto do Cemiterio Municipal de San Froilán.

Conta coas seguintes instalacións:

- Nichos individuais para furnas de cinzas.
- Cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 4: Destinatarios do servizo

O cemiterio de mascotas ten por obxecto o depósito de cinzas de animais de compañía, é dicir, cans, gatos e huróns, así como aqueles outros que figuren incluídos na listaxe positiva

de animais de compañía, creada a teor do disposto no artigo 35 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais.

Artigo 5: Horario das instalacións

O recinto será accesible para a celebración de actos de despedida, depósito ou retirada de cinzas ou para visitas das persoas usuarias durante o mesmo horario que o cemiterio municipal de San Froilán, cun marxe horario de 00:30 h na saída, para evitar simultaneidade nas tarefas de peche de instalacións.

Artigo 6: Uso das instalacións

O uso das instalacións do cemiterio de mascotas rexeráse polo establecido no presente Ordenanza e demais normativa de aplicación, debéndose gardar en todo momento o respecto e consideración debidos a este espazo.

Estará sometido ás taxas polos diferentes usos e actuacións segundo o disposto na Ordenanza fiscal de aplicación para cada exercicio económico.

As instalacións e recinto do Cemiterio Municipal de Mascotas só poderán ser utilizadas para o depósito e retirada de cinzas das mascotas previstas no artigo 4 do presente Ordenanza e non permitirá a colocación de obxectos ou placas en espazos comúns, fóra dos lugares autorizados.

Para o depósito nos columbarios do recinto, as cinzas deberán ir sempre contidas en furna.

O depósito de cinzas no cinceiro xeral de mascotas realizarase directamente, sen furna.

Artigo 7: Modo de xestión

O Cemiterio Municipal de Mascotas, é xestionado de modo directo pola administración municipal.

As unidades de enterramento/nichos/columbarios, serán outorgados en concesión administrativa por un período de cinco anos, con posibilidade de prórroga por un único período de igual duración.

Artigo 8: Concesións administrativas

A solicitude para ser titular de concesión administrativa de columbario no Cemiterio Municipal de Mascotas, deberá ser formulada por persoa titular de mascota, sendo requisitos para acceder á condición de persoas concesionarias:

- Ser residente no Concello de Lugo
- Estar ao día nas débedas tributarias
- Xustificar a condición de titular de mascota.

O período de duración da concesión administrativa será de cinco anos podendo ser prorrogada por un novo único período de igual duración.

A renovación deberá ser solicitada tres meses antes do fin de vixencia.

No caso de que por parte da persoa titular non se solicite a renovación no prazo indicado e logo da tramitación do expediente regulamentario, será declarada a caducidade da concesión e o nicho será baleirado e disposto para a súa nova concesión. As cinzas depositadas serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 9 : Obrigas do Concello

Son obrigas do Concello:

- O coidado, limpeza e acondicionamento das instalacións comúns existentes no cemiterio.
- A prestación dos servizos, conforme ás normas reguladoras dos mesmos e tralo pagamento das taxas correspondentes.
- A observancia de cantas medidas hixiénico-sanitarias se establezan legalmente.
- A xestión das concesións e do uso do recinto e da prestación do servizo nos termos previstos na presente Ordenanza.

Artigo 10: Obrigas das persoas concesionarias

Son obrigas da persoa concesionaria:

- Manter a unidade de enterramento en perfectas condicións, sendo pola súa conta as reparacións a que haxa lugar polo uso normal da instalación, segundo o procedemento que o Concello estableza.
- Facer efectivas as taxas pola pretación de servizos que se soliciten no cemiterio de mascotas.
- Para a colocación de adobíos ou mensaxes de recordo nas lápidas dos columbarios ou unidades de enterramento, deberanse seguir estritamente as normas procedimentais establecidas polo Concello.

Artigo 11: Cambio de titularidade

No caso de falecemento da persoa concesionaria, a súa comunidade hereditaria deberá solicitar no prazo de SEIS MESES o cambio da titularidade da concesión da unidade de enterramento polo tempo que reste ata a finalización do período concesional xunto coa súa prórroga única.

Para o/a novo/a titular deberá achegar xustificación da súa condición de herdeiro/a.

No caso de que existan varios/as herdeiros/as, deberase achegar unha declaración responsable na cal designen a un/unha única titular.

Artigo 12: Extinción da titularidade

Transcorrido o período de concesión, sen que fose solicitada a renovación no prazo establecido no artigo 8 do presente Ordenanza, será declarada a caducidade e as cinzas depositadas serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

Asimesmo, extinguirase cando, transcorrido SEIS MESES do falecemento da persoa titular, non fose solicitado o cambio de titularidade da concesión.

Artigo 13: Efectos da extinción

Extinguida a concesión ou ben declarada a súa caducidade, a unidade de enterramento deberá ser preparada para a o seu novo outorgamento, polo que se procederá á retirada das cinzas depositadas que serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 14: Depósito de cinzas

Consiste na introdución das cinzas coa súa furna, na unidade de enterramento adxudicada ou ben no depósito directo, sen furna, no cinceiro xeral de mascotas.

A solicitude para o enterramento debe ir acompañada de certificado de incineración expedido pola unidade de cremación.

2. Si para efectuar un novo enterramento fose preciso retirar furnas depositadas con anterioridade, actuarase conforme o disposto no artigo 15.2

Artigo 15: Retirada de cinzas

1. A persoa titular da concesión, previa acreditación de tal condición, poderá instar a retirada da furna coas cinzas da mascota.

Para iso deberá formular a solicitude de acordo co procedemento establecido, que poderá achegar por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Concluído o trámite indícaráselle data e hora na cal o persoal municipal procederá a realizar a retirada e entrega da furna coas cinzas.

2. No caso de que a unidade de enterramento estea ocupada e sexa preciso o seu baleirado para un novo enterramento, a persoa titular deberá solicitar a retirada das cinzas e seu traslado para o cinceiro xeral de mascotas.

Artigo 16. Normas de Respetto e Comportamento

- O comportamento e uso deste espazo debe rexirse por normas cívicas de respecto e convivencia, a fin de garantir o disfrute e benestar do conxunto de persoas usuarias.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

- As persoas visitantes deberán manter unha actitude respectuosa evitando ruídos innecesarios e accións que poidan alterar a paz do espazo.
- As mascotas que os acompañen deberán ir sempre baixo o control dunha persoa maior de idade e suxeitas con correa.
- Os seus excrementos deben ser recollidos polos seus propietarios/as ou persoas que os acompañen.
- Os seus ouriños tamén deben ser limpados das fachadas, instalacións ou mobiliario urbano, con auga ou métodos que garantan a limpeza do lugar.

Disposición final

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP”.

TERCEIRO.- Ordear a publicación do texto íntegro da ordenanza aprobada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, Taboleiro de edictos e Portal de transparencia municipal.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ás partes interesadas con expresión de que é firme na vía administrativa e de que contra el poderanse interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso Contencioso-Administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Justicia de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo segundo o disposto no artigo 10.b) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa.
- Calquera outro que considere atinente aos seus dereitos.

Asimesmo, déaselles traslado aos servizos e dependencias afectados aos oportunos efectos.

PROPOSICIÓNS

4/16 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 87/2026 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á PARALIZACIÓN DA RECONVERSIÓN DE HABITACIÓNS NA RESIDENCIA DE MAIORES DAS GÁNDARAS (2026/G004/000082).- Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Residencia de Maiores das Gándaras está a ser obxecto dunha reforma que, lonxe de mellorar a calidade de vida dos seus usuarios e usuarias, atenta directamente contra a súa dignidade e dereitos fundamentais á intimidade. Tras analizar o Proxecto básico e de execución de remodelación, a realidade técnica confirma o que os/as residentes levan semanas denunciando.

Por unha banda, está a evidencia técnica da perda de intimidade, só hai que comparar o estado actual co estado reformado nos planos de referencia, obsérvase unha transformación sistemática de habitacións individuais (identificadas como DT02, DT03, DT04 etc.) en habitacións dobres (DD02, DD03, DD04 etc.). Esta

duplicidade de camas realízase nun mesmo espazo común sen tabiquería de separación, o que anula calquera posibilidade de vida privada.

Así, aínda que a xestión sexa de competencia autonómica, este Concello non pode ser alleo ao sufrimento dos seus veciños e veciñas máis vulnerables. As/Os traballadoras/es e as familias manifestaron que ninguén escoitou aos residentes antes de deseñar estes planos. Lugo debe posicionarse como unha cidade que coida das persoas maiores e que defende un modelo de residencia baseado en unidades de convivencia individuais e non en pavillóns de amoreamento.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE propónlle ao Pleno da corporación os seguintes puntos de acordo:

1. Instarlle á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a paralización inmediata das obras de reconversión de habitacións individuais en dobres na Residencia das Gándaras.
2. Esixir a modificación do Proxecto de execución para que se respecte a configuración de habitacións individuais, garantindo que cada persoa residente manteña o seu espazo de intimidade e dignidade.
3. Solicitar unha reunión urxente entre a Administración autonómica, a dirección do centro, os representantes dos residentes e persoas afectadas para acordar un modelo de reforma que respecte a vontade dos/as que alí viven.
4. Expresar o apoio institucional deste Concello ás mobilizacións que os residentes realizan cada sábado ás 11.00 da mañá en defensa do seu dereito a vivir en paz.

Vista así mesmo, a emenda 'in voce' presentada polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, autor da proposición, que non é aceptada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|--------------------|----|---|
| - Votos a favor: | 12 | dos Grupos Municipais do PSdG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 13 | do Grupo Municipal do Partido Popular e de dona María Reigosa Castro. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA** rexeitar a devandita proposición.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois ten a palabra en primeira quenda a voceira do Partido Socialista, a compañeira Ángeles Novo. Cando queira. Cinco minutos.

D.^a MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ: Muchas gracias, alcalde. Bienvenidos vecinos, vecinas, usuarios y usuarias da la Residencia das Gándaras. Una sociedad se mide por la manera en que cuida a sus mayores, y esta frase evidentemente no es mía y no sé la autoría, pero lo que sí que sé es que antes la han pronunciado la Organización Mundial de la Salud o el Papa León XIV. Que la Xunta de Galicia invierta en Lugo pues es una buena noticia, es más, podríamos considerarlo en un sentido estricto un hecho noticiable por su improbabilidad, ya que desde la Residencia de las Gándaras hasta la Residencia de la Fundación de Amancio Ortega, han pasado lustros, incluso décadas, porque ni más ni menos que desde el año 1977. Estamos de acuerdo en que el dinero de la Xunta, aunque venga del tan criticado fondo Next Generation, es el de todos los gallegos, y la clave está en cómo lo invertimos. Es ahí donde precisamente nos diferenciamos, porque unos hemos estado al lado de los residentes, de sus familiares, de los trabajadores y trabajadoras de la Residencia de las Gándaras y otros se han puesto enfrente realizando un proyecto muy mejorable, criticando a quien reclama dignidad y, por último, incluso timándolos. Antes de abordar el proyecto, me gustaría hacer una apreciación, ya que este lunes, cuando leí las noticias, hablaban de un cambio de proyecto constructivo y pensé que esta moción, por suerte, hoy no tenía sentido. Es más, pensaba llegar aquí y decir sólo una frase dando las gracias a los vecinos, a los trabajadores, a las familias, por pelear por una vejez mejor y reafirmando el carácter democrático del cambio de postura de la Xunta, que parecía que se posicionaba al lado de la gente, pero me equivocaba. ¿Cómo vamos a conseguir que la gente participe de lo público si sus gobernantes les engañan? El pasado 23 de febrero, el lunes, la Xunta de Galicia emitió una nota de prensa con el siguiente titular: La Xunta presenta a los residentes de As Gándaras los ajustes que se harán en la distribución de las habitaciones para garantizar su intimidad, y leo textualmente, esto decía: Fruto del trabajo conjunto entre el personal de la Consellería de Política Social, de la Delegación Territorial de la Xunta en Lugo y de la empresa adjudicataria de los trabajos, se apostó finalmente por una alternativa que hoy se presentó a los residentes en el propio centro de mayores. La propuesta supone mantener una separación clara entre las camas, similar a la que ya existe y que permitirá garantizar la intimidad y el bienestar tanto de los usuarios como de sus familias. Es mentira porque no es similar un tabique de obra a una cortinilla o una mampara de un box. ¿Y cómo va a garantizarse la intimidad si para pasar de una cama a otra tienes que pasar por delante de la de tu compañero de habitación? Y continuó leyendo, la noticia decía: El delegado explica que se trata de una solución que garantiza la privacidad y cumple al mismo tiempo los estándares de la normativa estatal en materia de seguridad, accesibilidad, que es uno de los objetivos de la reforma. ¿Es que acaso debemos felicitarles por cumplir la normativa cuando usamos el dinero público? Y también decía que se mantiene la

inversión prevista próxima a los ocho millones de euros. Es que ya estaría bien que poner una cortinilla incrementara el presupuesto. Y la más importante viene aquí, porque decía: Mientras otros sólo buscan crear polémicas interesadas, aunque sea a costa de informaciones falseadas, desde la Xunta siempre buscamos lo mejor para el bienestar de los residentes. Obviando que se refiere a todos los partidos políticos que non sean el Partido Popular, a los residentes, a los trabajadores y a sus familias, ¿donde está la información falseada? Porque esa sí que me gustaría verla. Y ahora lo que quiero es repasar el proyecto, ya que lo tengo aquí, es que a lo mejor los señores del Partido Popular no se lo han leído y esto hace que cambien de opinión. En la página 15 de esta memoria dice: implementación de una estructura de ocho habitaciones dobles con baño; un amplio espacio al norte destinado a comedor, office y sala con una capacidad para 16 personas. Se reduce desde 30, y el proyecto sigue hablando de habitaciones dobles. En la página 22 de la memoria constructiva se habla de los sistemas de partición interior que podrán ser trasdosados autoportante de placas de yeso laminado de dureza alta; hoja de partición interior de fábrica de ladrillo LHTC cerámico para revestir con junta elástica, tabique de placas de yeso laminado de dureza alta, o trasdosado autoportante de dos placas de yeso laminado con refuerzo de aislamiento acústico. Va a ser la cortinilla de separación de yeso, ladrillo con aislamiento acústico y de dureza alta, y, por no hablar también de la dureza...de la eficiencia energética, porque en el mismo documento de la memoria constructiva, en la página 20, en el apartado siete punto tres, punto cinco, se habla de que se realiza una instalación de producción solar térmica con paneles en la cubierta del edificio de producción térmica, si bien la ubicación no es perfecta porque una parte de la mañana se produce sombra sobre los mismos.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Novo, rematou o seu tempo. Ten agora a palabra en primeira quenda en representación do BNG, a compañeira Maite Ferreiro.

D.^a TEREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Alcalde, moi bo día a todas e a todos. Benvidos veciños e veciñas, pero, sobre todo, benvidas e benvidos os usuarios e usuarias da Residencia das Gándaras que hoxe veñen aquí a ver, cousa que eu me alegro moito para que vexan realmente como nos pronunciamos aquí e cales son as alegacións, porque as van escoitar directamente da nosa boca, non do que lles vaian contando por aí fóra. Levamos semanas vendo como cada sábado estas persoas usuarias, familiares e persoal traballador da Residencia de Maiores das Gándaras saen á rúa a denunciar o proxecto de reforma do que vai ser e do que é a súa casa. Si, porque para esas persoas usuarias a residencia é o seu fogar. Cada persoa que aí reside ten unha vida, unha historia detrás ou motivo para ter que acabar vivindo nesas instalacións públicas. A min gustárame que me atenderán e deixaran os móbiles, porque despois..., é unha maneira de respecto tamén a quen está aquí escoitando. Dicía que poida que haxa persoas que decidan libremente por non ter medios ou posibles para vivir nas súas casas e ter a atención debida. Tamén, seguramente, haberá persoas que non teñen medios económicos para ir a

unha residencia privada, pero todas as persoas residentes compartían o mesmo temor todos eses sábados que saían á rúa, que era perder a súa intimidade e a súa dignidade, dous dereitos fundamentais que todas e todos debemos defender. Temos compartido, temor compartido, perdón, logo de escoitalos, e de aí vén o noso apoio tamén, e xa digo que imos apoiar esta moción que está presentada polo Partido Socialista, apoiámos as súas reclamacións porque eles queren, o que eles piden, é algo moi sinxelo: primeiro, información que escoitaran e que lles atenderan as súas demandas mínimas. Podemos poñernos no seu lugar, todas e cada un de nós, os que estamos aquí agora, temos ou tivemos os nosos avós, os nosos pais, avoas ou outras persoas queridas que se fixeron maiores, estou segura, estou segura de que todos quixemos para eles a mellor vellez, os mellores coidados e toda esa atención que necesitaron. Imaxinemos que na casa onde vivimos, o noso fogar, é obrigatorio reformalo, entendemos que por normativa. A nosa habitación é dividida en dúas, e temos que convivir case de xeito íntimo cunha persoa que non coñecemos, cunha persoa que ten os seus ámbitos, como nós temos os nosos, seguro que non nos gustaría nada. Mírenos, téñennos aquí, mírenos á cara, mírenos aos ollos e iso é o que lles pasa a estas persoas, iso é o que pretenden facer con esas persoas. Nesa residencia, teñen o seu fogar, e eles teñen ese dereito á súa intimidade e á súa dignidade, e teñen dereito a exixila. E por iso dende o Bloque Nacionalista Galego, sempre defendemos a necesidade de ter uns servizos públicos de calidade para que todas e todos teñamos acceso e non só esas persoas que teñen unha conta bancaria avultada. O Partido Popular leva anos aplicando políticas privatizadoras e recortes nestes e noutros servizos. Vemos estes días nos medios de comunicación como o persoal sanitario está en folga, a comunidade educativa ten unha manifestación en Madrid e, perdón, en Compostela este sábado, á que desde aquí, desde este grupo municipal trasladamos o noso apoio. Hai dous ou tres días, o delegado da Xunta con bombo e platillo na súa visita á residencia, tiveron que pasar dous meses para que fixese a esa visita, para que se dignara a explicar as reformas que, segundo el, van mellorar a seguridade e a calidade da vida das persoas usuarias. A situación non semella moi tranquilizadora segundo publicaron os medios. Todo se arranxa con poñer unha cortina, unha mámpara pregable para separar as dúas camas das habitacións. Con iso pretenden garantir a intimidade para esas persoas usuarias? A estas alturas, os bulos e as mentiras do Goberno do Partido Popular fan que pouco ou nada creamos do que din. Pedimos un pouco de sensibilidade, e en vez de dicir tantas veces o custo da reforma, efectivamente non sabemos moi ben o que van reformar, nin como se vai quedar, pero si sabemos o que van investir, como se os seus cartos foran seus. Estes señores pagaron, traballaron toda a súa vida para pagar uns impostos, e teñen dereito a que se gaste todo o necesario para que teñan un fogar digno, digno, e dereito a defender a súa intimidade. Teñen dereito a que se revise tantas veces como sexa necesario ese proxecto para que lles garantan unha vellez digna, cuns coidados e unha intimidade que eles reclaman, como calquera de nós reclamariamos para nós. Continúo despois...

EXCMO. SR. ALCALDE: Grazas señora Ferreiro. Quenda agora para o voceiro do Partido Popular, Sr. Cabarcos, cando queira

D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Grazas, señor alcalde. E eu tamén lles vou dar a benvida, por suposto, aos residentes da Residencia das Gándaras que van poder escoitar de viva voz e directamente cales son os argumentos dunha parte da outra. A verdade é que de todas as cousas que eu tiven que tomar parte nesta corporación, hoxe é a que máis coraxe me dá. Pero con moita diferenza, estaba escoitando a vostedes dúas facendo de arquitectas afeccionadas sen saber o que están lendo, sen saber o que significa. Dá vergoña, vergoña, vergoña allea, e é que dá vergoña allea, e que estaban dicindo cousas que son completamente razoables sen saber o que significan. É que meterse así a falar do que un non sabe é unha cousa pois realmente axuda, moi pouco, axuda, moi pouco. Eu tamén estaba convencido de que hoxe non imos ter que falar disto, estaba completamente convencido. A miña sorpresa é que temos que falalo, porque efectivamente vimos aquí a tratar un problema que xa está resolto, ou sexa, é increíble. É manter unha emenda, espera que me vou explicar, manter unha emenda, mandar unha reclamación de algo que xa está completamente resolto. Na vosa emenda, na vosa proposición o que dicides e que hai que paralizar as obras inmediatamente para facer un reformado. Ese reformado non fai falla para paralizar ningunha obra e xa está feito. De feito, falaba, señora Novo, falaba de habitacións dobres, como se iso fose un problema, cando lle vou amosar o plano que na reunión do luns nos proporcionou a Xunta de Galicia na residencia orixinal as habitacións non eran dobres, ten vostede razón, non eran dobres, eran triplas, eran triplas. Transfórmanse en dobres coa mesma ou máis intimidade e diferenciación da que había antes. Téñolles que dicir aos residentes que hai aquí que, realmente se están aquí hoxe por descoñecemento do que van ter despois, porque lles podo garantir que van ter habitacións máis grandes cunha privacidade mellor, máis novas, cun baño moito máis amplo, máis utilizable, e coa posibilidade de que cando teñan un problema que ogallá non chegue pero pode chegar, poidan entrar e saír con axudas, cunha grúa xeriátrica, cunha padiola de rodas. E se algunha vez teñen que evacuar a residencia con certa celeridade porque fai falta por calquera cousa, agora vano poder facer, e hoxe non o poden facer. Todo o que se vai facer alí é mellorar a seguridade, a iluminación, a ventilación, renovarse todos os materiais, e a residencia vai ter unhas condicións moitísimo mellores, á parte de garantirlles a vostedes unhas habitacións moitísimo máis practicables. Entón non sei o que estamos facendo aquí, é que non o entendo, non entendo, eu sinceramente non o entendo. Están aquí ou ben por descoñecemento ou ben por engano dalgunha persoa que tenta facer algo con isto, que non é nin ilícito, nin mediantemente lícito. Voulle dicir que quero tamén a partir a maiores disto que estou dicindo, dicir que recoñezo o traballo honesto e produtivo dos responsables da Consellería de Política Social e aplaudo o interese lexítimo que os levou a mellorar unhas condicións que de partida non eran as mellores no proxecto orixinal, non eran as mellores. Niso imos estar de acordo, porque imos ser honestos, pero que agora mesmo melloraron non o proxecto orixinal, melloraron moito as condicións iniciais que tiña esta

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

residencia, é que hoxe mesmo inadmisibles por moitos motivos. Entón, estamos a solucionar aquí un problema inexistente, o cal é curioso, pero quero loar ademais a valentía de mellorar este proxecto, aínda que despois teñan que oírse, con perdón, parvadas como as que acaban de dicir, porque isto se teñen valentía de recoñecelo, e, se saben recoñecelo, porque pode ser que non sexa así, é unha mellora moi, moi grande. Quero dicirlles que a primeira medida que van ter suficiente e vai ser suficiente e vai ser mellor que a teñen ata agora. Eu non teño moito máis que dicir, porque non podo dicir máis.

EXCMO. SR. ALCALDE: Pois, moitas grazas. Segunda quenda, tres minutos para Ángeles Novo cando queira.

D.^a MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ: La verdad es que yo hoy me alegro de que toda esta gente haya sido testigo de las faltas de respeto habituales de los señores del Partido Popular, a las que ya nos tienen acostumbrados. ¿Qué estamos haciendo aquí nos preguntaba?

[Aplausos do público asistente]

EXCMO. SR. ALCALDE: Por favor, por favor! aquí non se permite... garden silencio Por favor, continúe.

D.^a MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ: ...estamos destapando las mentiras del Partido Popular, y si es una mejora o no, lo tendrán que decir los usuarios, que son los que viven allí, y esta residencia es su hogar, que usted por suerte puede vivir en su casa con su intimidad.

Continuando con las mentiras del Partido Popular, nos remitimos a cuando creo que fue en el día de ayer, Javier Arias entrega en la Residencia de Mayores la modificación del proyecto de la reforma, pero se dice que se ha modificado un proyecto que forma parte de una contratación pública que a su vez está financiada con fondos Next Generation. Y esto es otra mentira, porque lo que ha modificado la Xunta es el argumentario: el contrato no puede, partiendo de que la Ley de contratos determina que las modificaciones del contrato de obras se tienen que aprobar, ¿cómo es posible que si entramos en la Plataforma de Contratación de la Xunta de Galicia, el último documento de este proyecto sea del año 2025? Que me lo expliquen, y ya que estamos, a mí me gustaría instar al Partido Popular municipal a que se sume a sus vecinos y a que reclame una mejor solución para los residentes, porque hoy todavía estamos a tiempo de que cambien de bando. Y me gustaría, ya que estamos, presentar una enmienda de eliminación del punto uno y del punto tres, y añadir que se entregue a los usuarios la información de los planos definitivos de cada una de las estancias del edificio, porque además hoy me ha llegado otra información. Es que el documento que mandan como garantía está incompleto porque omiten claramente la colocación de la mampara, de parte fija y extensible, es algo que si publican en prensa, que si que ponen en los planos pero que non nombran en el escrito. Será para no tener la obligación de colocarlas,

supongo, porque, sino, explíquenmelo ustedes. Como esta información técnica ustedes no les ha servido de nada y además la usan para mofarse, no creo que la parte social les influya ni les afecte, pero, bueno, yo creo que estamos a tiempo de hacer una reforma mejor, una reforma más ambiciosa que respete el nuevo modelo de vejez activa, ya que creo que no es lo mismo tener un espacio íntimo en el que reírse, en el que hablar con tu familia, en el que escuchar la radio, tener una intimidad como la que tenemos todos, a tener que hacerlo con otro compañero de habitación, por no hablar de cosas más íntimas, como el cambio de un pañal, por ejemplo. Y, creo que con empatía, todos podemos hacer un mundo mejor. Y todos...

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, acabou a súa quenda. Señora Ferreiro, cando queira.

D.^a TEREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Vaia papelón que nunha cousa onde estamos falando da dignidade das persoas e dos dereitos humanos e da intimidade, sexa un arquitecto o que veña a explicarnos o edificio. Se nós non cuestionamos que o edificio vai estar legal, que vaia estar habilitado para mellorar a atención de medidas de seguridade, o que estamos cuestionando aquí é a intimidade das persoas que van estar nese edificio. En primeiro lugar, xa os está tratando de ignorantes. Díxolles que non se enteraban, que non sabían ler ou que non entendiamos, dígallelo a eles, e son persoas, aí a nós!, a nós, pero logo que fan eles aquí?, que fan eles aquí? Veñen a cuestionarnos a nós ou a cuestionar o que vostedes lles dixeron? Fala de habitacións máis grandes e fala de terrazas e fala de camas. A min gustárame que fora respectuoso, porque eu a vostede escoiteino todas as barbaridades e parvadas que tamén dixo. Dixo el que eran parvadas o que nós dixemos, e non estou insultando. Teñen moita sensibilidade, fala que son aplicables, vostede mesmo se contradí porque si son as habitacións máis grandes, máis practicables, pero incluso van engadir terrazas, como se supón iso que vai funcionar? Como vai funcionar? Que son practicables para quen? Para eles? Para os usuarios?, practicables. Ou sexa, que o feito de que poida entrar unha grúa, como di practicables, pero a súa intimidade, que van ver pasar polo lado como unha grúa entra para levantar unha persoa na habitación, na cama do lado. Mire, vostedes están falando sempre do tema económico, dos millóns que investiron. Espero que non se lles esqueza nin volvan dicir o mesmo que as persoas que estaban alí dentro non merecen nin son dignas do investimento que se fixo, porque tamén xa o fixeron co Gustavo, perdón, co Auditorio Fuxan os Ventos. Acórdase cando daquela que dixeron que era un edificio que investira moitísimos millóns a Xunta de Galicia, e non, non eran dignos os concertos que se facían neles. Aí investiron moitos cartos e as persoas que pagaron os seus impostos están aí vivindo nas súas casas merecen todo e moito máis, e non me gustaría que vostede..., gustárame saber se os metería alí, ao seu pai e a súa nai ou, mesmo, irían vostedes a unha habitación así. E, só para rematar, isto que din aquí é mentira, aquí non fala nada, no documento que presentaron onte. O señor Javier Arias non di nada de como van quedar as habitacións, das alternativas, non fala nin

de mamparas, non fala nada, fale con eles, explíquelles, que non son parvos, entenden? Pero non vostedes, o Partido Popular, a Xunta, porque vostedes aquí non están representando a Xunta ou si, non sei, teñen planos, nós non temos planos. É curioso que o Partido Popular veña agora aquí a defender, a defender, por favor poden calar a boca. E xa remato, escóiteos, escóiteos a eles, non a nós escóiteos a eles.

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, eu antes de lle pasar a palabra ao señor Cabarcos, que lle toca, si que lles pediría a todos, ao seu grupo do Partido Popular, que son os que están interrompendo, que gardemos a suficiente compostura e que esteamos en silencio, cada un ten o seu tempo tabulado, e dende ese momento é cando un pode argumentar. Se a cada un dos intervinientes están interrompendo permanentemente, entón, temos un problema, así que, por favor, pídolles a todos que manteñan silencio como corresponde ao respecto e á dignidade deste Pleno. Ten a palabra o señor Cabarcos.

D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Preguntábame vostede se eu aloxaría a miña nai se fixese falta na residencia As Gándaras, nunha das habitacións que están proxectadas. Por supostísimo que si, encantadísimo, e alegre porque aquela, aquela solución habitacional é unha marabilla, ou sexa, non a que temos agora. Vostede dicía de onde sae a superficie para meter un balcón. Non sei se entendín moi ben, porque igual non lle entendín moi ben, pero é que había tres residentes. Había posibilidade de ter tres residentes, eran habitacións triplas, que agora se transforman en dobres. No, non, a que me fixo? A que me dixo iso? O non nolo non hai. Xa lles dixen que as habitacións asegúrolle que as habitacións que van quedar a partir de agora son moito mellores que as que teñen, pero moito mellores, e incluso no caso da privacidade tamén mellor, e explícollo a vostede que me preguntou. Que non se empregarán como tal, non quere dicir que non foran, pero vostede sabe exactamente...

[Balbordo entre o público asistente]

EXCMO. SR. ALCALDE: Por favor, por favor, non. Perdón. Perdón, non se pode intervir no Pleno, que así non... Pídolles, por favor, que garden silencio a todo o mundo, que garden silencio, que deixen falar ao que está intervindo en cada momento, continúe...

D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: As habitacións a disposición que tiñan era para aloxar a tres residentes que non estiveran ocupadas como tal, non quere dicir que fosen así. E a privacidade que teñen agora mesmo, vostede está alí, sábeo perfectamente que tampouco é completa, porque teñen que compartir o baño e o corredor. Por certo, un baño nunhas condicións moi difíciles para traballar nela, que tanto traballadores da residencia coma os residentes teñen dificultades. E non lle digo nada, cando teñen dificultades de mobilidade, é que non hai partido, non hai caso. A solución é moito mellor que a que hai agora. Lamento dicirlle á xente que

está aquí que ou ben non está ben informada ou está mal informada, e non podo dicir nada máis. Que é o que non entenden?, hai que cumprir unha normativa, e a solución que se cumpre, que se dá agora cunha normativa, é moito maior que a que existe, non hai caso, non hai partido, xa non hai nada de que falar. É unha solución moito mellor. Podémoslles informar mellor do que vai resultar sendo a obra, o resultado final da obra, pero non hai nada máis que discutir. É unha solución moito mellor, van gañar moito con esta reforma, e non se pode dicir outra cousa. Non podo dicir outra cousa. Por certo, a solución indignada que fala vostede, non sei se vostede metería a súa nai, se a ten viva, que non o sei, nunha residencia das da Deputación, porque teñen habitacións dobres sen ningunha intimidade, meteríaa? Fágolle a mesma pregunta, vostede preguntoume a min, meteríaa? Meteríaa?

EXCMO. SR. ALCALDE: Rematou o seu tempo. Rematou o seu tempo, por favor. Estamos hoxe, especialmente, alporizados. Imos manter a orde. Última quenda de peche para a señora Novo cando queira. Non pode... perdoe, non se pode intervir, non se pode intervir, non se pode intervir excepto cando lle toca, non se pode intervir, señora Reigosa. Señora Reigosa, non se pode intervir ata que cando lle toque, excepto cando se está no uso da palabra. Unha cousa, son os veciños que veñen, que non teñen por que saber as normas, pero que se llas recordo, e outras son cada un dos concelleiros e concelleiras que temos a obriga de respectar a normativa e o respecto a esta. Así que ten a última quenda de palabra a señora Novo. Cando queira, un minuto.

D.^a MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ: El señor Cabarcos acaba de comparar compartir pasillo y baño con compartir habitación, es una comparativa maravillosa. Voy a aprovechar este último turno simplemente para recordar que el artículo 10 de la Constitución española reconoce el derecho a la dignidad de la persona; el artículo 18 reconoce el derecho a la intimidad, dos cosas que aquí nos las estamos pasando. El Estatuto de Autonomía de Galicia reconoce la obligación de los poderes públicos a promover el bienestar de las personas mayores, su autonomía y su dignidad. Aquí no existe tampoco. Nada más. Muchas gracias.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, antes de pasar á votación, aínda que creo que quedou meridianamente claro, quería facer as pequenas puntualizacións: que papelón lle tocou ao señor Cabarcos! Que papelón lle tocou! Eu xa vin un pouco de todo aquí, pero, desde logo, defender o indefendible e vir a trasladar unha postura peor da que nós intuíamos, un papelón. Eu comprendo que é un papelón. Miren, eu creo que ... Déixeme falar, por favor, señor Ameijide, señor Ameijide, déixeme falar, xa me estaba tardando, que levamos dúas mocións sen que vostede interrompera, estase superando a si mesmo. Ás veces esperaba á terceira ou á cuarta, hoxe é a segunda. Estou no uso da palabra. Pídlle silencio, a vostede e a todos. Pídlle silencio, pídlle silencio. Si, si, ben, pois continúe. E que cando se din as verdades parece que non gustan, pero que lle imos facer? Cada un ten que asumir. Quere que o chame á orde, é o que pretende, vostede. Está buscando iso?, está buscando un titular?, é o que busca? Está provocando que o chame á orde e que o bote. Pois,

non teño ningún problema. Estou no uso da palabra e retírolle a palabra, e déixeme continuar. Dicía que eu creo que non entenderon e aquí quedou meridianamente claro, porque aquí non se fala nin da confrontación política nin defender, gañar ou perder unha proposición, fálase de algo moito máis serio e, sobre todo, diante destes veciños e veciños. Fálase de dignidade, fálase de xustiza e fálase de respecto aos nosos maiores, diso é do que se está falando aquí. Piden algo moi sinxelo, moi sinxelo, moi fácil de entender, non é nada ambicioso. Queren respecto, queren intimidade, queren un mínimo de confort nos últimos anos da súa vida e despois de botar unha vida enteira de traballo e levantando este país, e queren que os escoite, queren que os escoiten vostedes, nin antes nin vostedes os escoitaron, negáronllelo sistematicamente. Tiveron que celebrar 15 manifestacións ao redor do centro para que se dignarán a recibilos e escoitalos; 15, señores maiores que saían ao redor do centro ás veces con dificultades de mobilidade, ás veces con cadeiras, sabe, 15, para que os escoitaran. Unha reunión que, ademais pola información que eu teño durou 15 minutos, non serviu para nada, onde tiveron que agardar, incluso, pola hora, porque había persoas que chegaron tarde, tiveron que agardar, pouco respecto tamén, e non lles deu ningunha solución, porque ata onde nós sabemos, viñéronlles a falar de que o proxecto cumpría a Lei. Home, faltaría máis que non cumprira a Lei, pero dalgunha maneira lles trasladaron, e así, se viu tamén na prensa, que efectivamente, que aceptaban esas propostas e que intentarían ou que garantirían que ía haber máis habitacións individuais, que se ían aceptar as súas propostas. Claro, cal é a sorpresa agora? Despois de escoitar ao señor Ameijide onte na Deputación Provincial, onde dixo que se atendía e que, efectivamente, ía haber habitacións individuais, cando o señor Cabarcos di non, non son habitacións triplas que se van converter en habitacións dobres. Home, eu viña aquí a pedirilles se é realmente ese compromiso, que lles garantisen os planos, os proxectos, que lles dixeran cantas habitacións individuais quedan en todo o edificio? Cantas desaparecen?, pero non, aquí acaba de recoñecer publicamente que eran habitacións triplas e que se converten en habitacións dobres. Polo tanto, estamos peor ca o inicio. Inicialmente, había algunha individual, agora parece que van ser, como moito, dobres, con mucho confort, con mucha... Non lles piden iso, non o entenderon, piden intimidade, piden dignidade, respecto, piden, pois iso, que os atendan e que se lles teña en conta uns hábitos que tiñan adquiridos. Está claro que o Partido Popular lles mentiu porque nesa reunión do día de onte ou antonte se trasladou publicamente nos medios, e eu creo que os que están aquí moitos deles percibiron iso, ademais, de que efectivamente se ía modificar o proxecto, ían ser habitacións individuais. Hoxe dixeron aquí claramente, publicamente, diante de todos os veciños que non había habitacións individuais, ían ser dobres, entón hai que quedar con iso. Por tanto, témome que os veciños e veciñas van ter que seguir presionando e coas súas mobilizacións e coas súas presións e, desde logo, nós, como fixemos dende o minuto un, estaremos con eles apoiándoos e axudándoos porque é de xustiza, é de respecto, é de dignidade, e é algo absolutamente irracional o que pretenden facer. Dito isto, imos pasar á votación. Pasamos a votar. Non ten a palabra, non ten a palabra, non ten a palabra, non ten a palabra. Pasamos a votar. Señor Ameijide, chámoo, señor Ameijide, chámoo, chámoo á

orde por primeira vez, señor Ameijide, chámoo á orde por primeira vez. Imos pasar a votar. Rogo silencio. Píddolles a todos silencio, píddolles a todos silencio. Respecten un pouco este Pleno, que é a representación da cidade, señor Ameijide, eu píddolle que garde silencio, píddolle que garde silencio. Imos pasar a votar, imos pasar a votar os temas. Aludiu á miña persoa reiteradamente moitas veces, onte dúas ou tres veces, e eu non fixen os aspaventos nin a parafernalia de sentirme moi ofendido, e eu fixen a miña intervención que estou no meu dereito. Píddolle que garde silencio e pasamos á votación. Señora secretaria, cando queira. Píddolles que garden, señor Díaz, píddolles, píddolles que garden silencio. Pasamos a votar, señora secretaria.

SEÑORA SECRETARIA: Desculpen, temos que someter a votación esta proposición.

EXCMO. SR. ALCALDE: Perdón, falta. Fixo unha emenda *in voce*, non sei se aceptan ou deixan de aceptar, que? Si.

D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: [...] o documento para saber como se autoemenda o autor da iniciativa.

EXCMO. SR. ALCALDE: A ver, señora Candia, como moitas outras veces e como está regulamentado, fixo unha emenda *in voce* que a leu textualmente. Se non a percibiron ou non a quixeron escoitar porque están falando e facendo ruído. Píddolle, por favor, á señora voceira, que repita literalmente a moción e votamos sobre iso.

D.^a MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ: Eliminación del punto uno y tres, y añadir que se entregue a los usuarios la información de los planos definitivos de cada una de las estancias del edificio.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois, señor Cabarcos, manifeste se acepta a emenda, simplemente iso, votamos coa emenda. Veña, pois votamos.

SEÑORA SECRETARIA: Debemos someter a votación a proposición coa emenda *in voce* formulada polo propio proponente da emenda. Queda claro que se vota con esta redacción formulada pola voceira do grupo do PSdeG-PSOE.

EXCMO. SR. ALCALDE: Pois, pasamos á seguinte proposición, secretaria. Por favor, por favor, por favor, por favor [balbordo entre o público]. Continuamos ou esperamos a ver. Por favor, por favor, garden silencio, por favor, garden silencio ou abandonen a sala, garden silencio ou abandonen a sala. Como vostedes queiran, aquí esta prohibido facer manifestacións públicas nin participar; por tanto, se se quedan, garden silencio, se se van, abandonen a sala, por favor!

SEÑORA SECRETARIA: Continuamos.

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, pasamos logo á seguinte proposición, secretaria, cando queira.

5/17 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 88/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DAS CONEXIÓNS DO RURAL DE LUGO MEDIANTE O TRANSPORTE METROPOLITANO (2026/G004/000083).- Vista a devandita proposición que é do seguinte teor:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 29 de decembro de 2010, a Xunta de Galiza asinou cos concellos de Lugo: Castro de Rei, Outeiro de Rei, O Corgo, Guntín, Castroverde, Rábade e Friol o primeiro convenio de fomento do transporte público que permitiu implantar nestes oito concellos a Rede de Transporte Metropolitano. Este modelo permitiu que as veciñas e veciños dos 8 concellos asinantes poidan a día de hoxe desfrutar de melloras nos prezos e unha maior cohesión entre o transporte urbano e interurbano, creando unha rede que permite comunicar non só a cidade de Lugo co resto de concellos limítrofes, senón dotar de transporte público a moitos núcleos de poboación que doutro xeito non poderían contar con este servizo público.

Na actualidade, o Concello de Lugo está a traballar nun novo modelo de mobilidade, renovando o servizo de transporte público municipal e probando o transporte a demanda na zona rural, un servizo que permite que o transporte público chegue a puntos no que o bus urbano ou o transporte metropolitano non poderían ter parada.

Este proceso de mellora está levando a moitas asociacións veciñais da zona rural a reclamar máis servizos, non só no transporte público municipal (bus urbano e transporte rural a demanda), senón tamén no transporte metropolitano xestionado pola Xunta de Galiza. Un exemplo claro disto son as reclamacións da Asociación Veciñal Rebordaos-Veral, que solicita unha mellora no transporte das parroquias próximas á estrada LU-232. Estes núcleos de poboación contan co servizo da liña Lugo-Friol, que actualmente conta con 3 servizos diarios, o que as veciñas e veciños consideran insuficientes. Estas reclamacións repítense habitualmente en distintos núcleos do rural de Lugo, como por exemplo as diversas reclamacións feitas nos últimos anos pola veciñanza que vive nos núcleos de poboación comunicados a través da estrada de Portomarín, da Fonsagrada ou a veciñanza de Ombreiro.

O BNG defende o transporte público como un servizo esencial para a veciñanza, que permite reducir a contaminación e a conxestión das estradas, mais este servizo ten que ser deseñado para responder ás necesidades reais do territorio e das persoas usuarias que, cada vez máis, apostan por este modelo de transporte fronte ao vehículo privado.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG propón o seguinte **ACORDO**:

Instarlle á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galiza a:

- Atender a petición da Asociación Veciñal Rebordaos-Veral para aumentar as conexións entre Friol e os distintos núcleos de poboación de Lugo.
- Estudar o incremento de frecuencias no transporte interurbano que comunica os diversos núcleos de poboación do rural de Lugo.

Vista, así mesmo, a emenda de engádegas presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 102/2026 de Rexistro de Pleno, que é aceptada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA**:

Instarlle á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galiza a:

- Atender a petición da Asociación Veciñal Rebordaos-Veral para aumentar as conexións entre Friol e os distintos núcleos de poboación de Lugo.
- Estudar a mellora das frecuencias Rebordaos-Veral: conexión dende Friol pola estrada LU-232, LU-530 (A Fonsagrada-Lugo), LU-612 (Portomarín-Lugo) e LU-234 (zona Ombreiro) no transporte interurbano que comunica os diversos núcleos de poboación do rural de Lugo, no marco do 'Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Lugo'.
- Atender a todas as peticións veciñais se as houbese.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, ten a palabra o señor Arroxó. Cando queira.

D. RUBEN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas, alcalde. Moi bo día a todas e todos. Traemos esta proposición nun momento que entendemos moi acaído. Estamos agora mesmo facendo unha revisión das liñas de bus urbano unha vez que vai finalizar nos vindeiros meses o contrato actual, e que, polo tanto, permite unha modificación das liñas porque se permite un incremento da quilometraxe e que hoxe en día, como xa temos manifestado en diversas ocasións, é insuficiente e, polo tanto, impide cubrir todas as necesidades, todas as demandas que están a ser solicitadas, e que podemos dicir que practicamente a totalidade das propostas que están a chegar teñen toda a lóxica do mundo. E, de feito, nestes días está habendo un proxecto, un proceso participativo, onde está habendo xuntanzas, onde a xente está enviando vía correo electrónico as súas propostas. E a inmensa maioría, tal e como viña sucedendo neste tempo, a inmensa maioría, por non dicir case a totalidade, son propostas que son necesarias cumprir para mellorar o transporte público. Máis nun momento no que hai unha clara aposta, como estivemos vendo nos últimos anos, batendo récords de usuarios e demostra que a xente quere apostar polo transporte público. Nesa liña, estase a recoller todo iso e intentando mellorar para que todo o mundo teña posibilidade de ter unha mobilidade garantida, sen ter que utilizar o vehículo privado, ben porque non se quere, o cal é marabilloso que se aposte polo transporte público, ben porque non hai outra vía, outra forma para moverse. Tamén estamos xa neste período ligando isto ao servizo de transporte a demanda para aqueles puntos que evidentemente é ter unha conexión de bus sería moi complexo, tería un custo inmenso. Entón, que se teña, polo menos, a posibilidade de cubrir cun transporte que funciona a demanda para facelo o máis eficiente posible e que, polo tanto, se poida chegar a máis sitios e facer algo de xustiza, como é que todo o mundo teña a posibilidade de desprazarse nalgún tipo de transporte público. Ben, pois nesa liña temos ante nós unha cuestión na que cremos que todas as administracións teñen que participar para poder mellorar o máximo posible, que é a cuestión de todo o transporte interurbano. Agora mesmo hai unha serie de parroquias que están cubertas polos transportes que se xestionan dende a Xunta. Poderíamos falar de diversas parroquias, pero sobre todo nas que están nas estradas xerais, algunhas delas, como pode ser o caso das que van pola estrada de Portomarín, teñen catro conexións ao día, as que van pola estrada de Friol teñen tres conexións ao día, as que pasan pola estrada que pasa por Ombreiro, Outeiro ou Camoira teñen tres conexións ao día; outras que veñen pola estrada de Castroverde teñen máis, teñen seis, o que pasa é que para algúns núcleos como Romeán, Gondar, teñen que camiñar dous quilómetros ata a súa parada. E entendemos que agora é o momento tamén de avanzar, que poidan ter máis servizos e que incluso se poidan achegar máis aos núcleos das casas, porque ter un transporte que chega a dous quilómetros do núcleo das casas non é un transporte. E, polo tanto, nesa liña xa trasladamos, a raíz de que viñeron moitas solicitudes tanto a nivel individual coma de colectivos, poder mellorar isto, xa lle trasladamos tamén á Dirección Xeral de Mobilidade, tanto por escrito como por vía telefónica, estas necesidades, e quedaron de que o ían estudar. Pero cremos que o

Pleno municipal ten que tomar tamén partido nesta cuestión, e que debe apostar porque así se leve. E nesta liña, expoñer que, dado que o Partido Popular presenta unha emenda de adición, xa dicir de primeiras que imos estar a favor porque, de feito, a emenda de adición o que fala principalmente é adaptar esta situación ao convenio de transporte metropolitano, xa contabamos con que esa é a vía lóxica porque o resto xa están dentro do convenio de transporte metropolitano; polo tanto, é así como ten que ser, pero si que cremos que se debe facer ese estudo para poder cubrir todas esas zonas e que, polo tanto, a liña 11 que agora cobre xa 12 parroquias co transporte a demanda que vai cubrir parroquias que están, digamos, máis illadas do que son a rede de estradas xerais, incluíndo agora unha mellora no transporte metropolitano. Entendemos que podemos facer que todos os veciños e veciñas, independentemente do lugar do municipio no que vivan, teñan un servizo de transporte público.

EXCMO. SR. ALCALDE: Grazas, señor Arroxó, ten a palabra a señora Abelleira.

D.^a ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas, señor alcalde. Eu non quería, empezar sen... Ben, eu creo que, señor Cabarcos, debería, reflexionar sobre o que acaba de comentar, porque trátase dun 'explaining', contra dúas compañeiras que estaban expoñendo a súa exposición na anterior, na anterior proposición, e creo que non se debe consentir. Reflexione e, se o considera oportuno, creo que debería pedir desculpas. De todas as maneiras, o que non se atinxe agora é tamén de importancia, o modelo de transporte metropolitano que comunica Lugo cos concellos limítrofes, como o Castro de Rei, Outeiro de Rei, Friol, A Fonsagrada etcétera. Pois, no seu día foi un avance importante, pero a falta de revisión, a falta ou esquecemento por parte da Xunta de Galicia converteuno hoxe en día nun servizo deficiente. Non o digo eu, se consultan a prensa local, incluso os propios alcaldes, alcaldesas destas zonas din que é moi deficitario. Trátase dun convenio conxelado no tempo. Este transporte público é a nosa columna vertebral da cohesión territorial, é a chave que abre o acceso a moitos servizos, non soamente básicos como a sanidade e a educación, senón tamén para o desenvolvemento económico e social e cultural. En Lugo esa columna está seriamente danada pola Xunta de Galicia, que sempre vén exixindo a outras administracións que lles fagan o traballo, pero cando ela se queda atrasada ou non actualiza os convenios, esquecese de que tamén o rural de Lugo ten dereitos, e debe ser fomentado este transporte público. Este convenio, como digo, asinouse no 2010, pero activouse para a zona de Lugo, a área de Lugo no 2012, e levamos case 15 anos cun modelo caduco que non se adapta á realidade actual. Unha realidade social e demográfica que hoxe é distinta á de hai 15 anos, e non se pode xestionar, evidentemente, o Lugo do 2026 co Lugo da década pasada. Novamente, o Concello non se queda de mans cruzadas, e a través da acción, contraponendo a inacción da Xunta, ten que buscar alternativas a este transporte. Ademais, estase traballando na mobilidade urbana, que por certo tamén se están encargando de desacreditala e de poñer paus nas rodas, como vén sendo habitual por parte dos concelleiros e concelleiras do Partido Popular. E, fronte a todo isto, que está facendo a Dirección Xeral de

Mobilidade?, pois manter un servizo interurbano que obriga á veciñanza a depender de coche ou quedar illado, o que produce ese baleiro do servizo, e que condena a Xunta, a que nos condena a Xunta a non poder ter os servizos requiridos. E xa non porque llo pida o Bloque Nacionalista Galego ou porque o vaíamos aprobar neste Pleno, senón porque hai unha demanda social real, neste caso mencionase a de Rebordaos, pero tamén veciños e veciñas de Portomarín levan moitos anos solicitando da Fonsagrada, que tamén o levan. Todas esas demandas caen en saco roto. Por iso, exiximos unha actualización inmediata do convenio que non sexa papel mollado sen pedir ningún tipo de favor, senón que cremos que o tempo das excusas xa rematou. Non se pode defender o rural asfixiando as comunicacións. E por iso esta proposición de instar á Xunta de Galicia que escoite o clamor das demandas veciñais e tamén dos alcaldes e alcaldesas das zonas para conseguir este servizo que é tan demandado pola sociedade.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, ten agora a palabra o Partido Popular, a señora Candia.

D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Si, pois moi bo día a todos e todas. Indubidablemente, despois de vivir estes episodios dos que seguro que a maioría dos que estamos aquí nunca nos gustaría vivir en políticas que entendemos que á política véñse para contar a verdade e para resolver problemas, e cando aínda encima o destinatario desa mentira son as persoas maiores que, evidentemente, tanto lles debemos, a verdade é que deixa absolutamente a condición de indigno a este goberno. O transporte público, despois de múltiples anuncios onde cada día tiñamos un récord que superaba o anterior, onde o señor Arroxo aplaudía dunha maneira dende a miña humilde posición eu creo que moi sobreactuada, porque a realidade todos xa coñecemos, pois parece agora que ao mellor ten algo que ver, que queda pouco máis dun ano e medio para que se remate a lexislatura, afloran as dificultades, afloran as debilidades e os problemas. Hoxe traemos aquí unha iniciativa que a voceira do Partido Socialista parece que cambiou, porque dende logo aquí non se está falando nin de concellos, nin demandas doutros concellos. Dise que se atenda a petición da Asociación Veciñal de Rebordaos-Veral para o aumento das conexións entre Friol e os distintos núcleos da poboación de Lugo, e que se estude o incremento de frecuencias no transporte interurbano. Paralelamente a isto, onte á tarde chegounos un comunicado oficial da Asociación Veciñal e Cultural e Deportiva de Rebordaos-O Veral, onde nos comunica que quere manifestar publicamente que, en relación coa información publicada na prensa do 29 de xaneiro na que se fai referencia a unha suposta solicitude realizada por esta asociación, queremos desmentir de maneira clara e rotunda que a dita petición fose formulada por esa nosa directiva. Está por escrito. Podémoslle entregar unha copia, pero, ben, iso é o de menos. Home!, queda para poñer en escena da forma, pero a verdade é que nos deixa un pouco preocupados porque confirma episodios como o que acabamos de vivir, que non lles importa alterar a información sexa quen sexa o destinatario. Dito isto, nosoutros efectivamente presentamos unha iniciativa, unha emenda a esta iniciativa, porque, primeiro, no

debate do estado da cidade o señor alcalde dicía literalmente que vai impulsar a constitución dunha área metropolitana. Agora escóitolles a vostedes dicindo que hai un convenio asinado hai miles de anos. Eu teño aquí o último, que está asinado do nove de decembro do 20, hai cinco anos e pico asinado polo señor Arroxó, onde, efectivamente, hai unha área metropolitana, transporte metropolitano de Lugo. Non sei se ao señor alcalde non lle gusta, quere melloralo ou non sabía que existía. Están falando do ano 10, do ano 15, este documento non o cita ninguén. Ese é o contexto, e iso tamén é un pouco o rigor cos argumentos que expoñemos, as reivindicacións. Pero eu, ao señor Arroxó, especialmente, agradézolle o ton e a educación que a que se dirixe nesta iniciativa, e vou intentar como sempre o intento, ás veces consígo, outras veces ao mellor non, corresponder. Por que presentamos unha emenda?, efectivamente, no punto dous, que hai que incrementar as frecuencias no transporte interurbano que comunica os diversos núcleos de poboación do rural de Lugo. A ver, este documento, que parto da base de que vostede está de acordo porque vostede o asinou, ou polo menos non fixo ningunha crítica. Tampouco vin que fixera ningunha crítica na última reunión que mantiveron, que non foi hai miles de anos. Creo que teño aquí unha copia do documento onde se reuniu hai dous meses, onde a directora xeral tivo unha reunión de traballo, porque os debates, uns teñen máis facilidade oratoria, outros teñen menos, uns trabállano máis, outros trabállano menos, pero en política só se ganan con datos ou con argumentos, e non podemos dicir que dende hai 10 anos non se mirou para nada cando hai un convenio asinado no 20, non podemos dicir con que non se fala nada cando hai unha reunión hai dous meses, pero iso non quere dicir que non se poida mellorar as cousas ben. E nese contexto que creo que quedou perfectamente aclarado na argumentación que expoñían. Nosoutros entendemos que non podemos xerar unha expectativa que falte á verdade. Entón, evidentemente, a mellora ten que vir na marxe dese convenio, porque eu non sei se vostede vai facilitar que o transporte urbano leve a lucenses a Friol, non sei se teñen na súa folla de ruta ou no seu modelo de cidade iso ou se realmente van traballar neste marco. Díxome na súa primeira intervención que vai traballar neste marco. Pois, se vai traballar neste marco, a expectativa de mellora que compartimos ten que vir circunscrita a esas conexións das estradas autonómicas: a Lugo-232, Lugo-Friol, a Lugo-530 que nos comunica coa Fonsagrada, a Lugo-612, que nos comunica con Portomarín e a Lugo-234 que nos comunica con Ombreiro. Nomeadamente á que cita vostede ten tres idas e tres voltas, seis. Xa lle gustaría a moitas liñas urbanas que cobren, a pouca parte cobren do rural ter esas frecuencias, pero o que se busca é un acordo

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, segunda quenda, para o señor Arroxó.

D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Non hai ningunha liña urbana que non cubra menos de catro, catro idas e voltas, eh, mínimo catro todas. E aí estamos falando de tres. Efectivamente, isto é algo que se ten que tratar no convenio de transporte metropolitano. Efectivamente, tivemos unha reunión hai dous meses, hai reunións periódicas, normalmente adoitan ser de forma anual. A cuestión é que iso non quita

que haxa unha reunión nun determinado momento e despois se analicen que hai unha serie de demandas, de solicitudes e de cuestións que son mellorables e que haxa que trasladar. De feito, o proceso hoxe tráese ao Pleno porque entendemos que é o Pleno municipal quen se ten que posicionar porque unha cuestión que afecta o municipio de Lugo, pero tamén se lle trasladou á Dirección Xeral de Mobilidade, xa digo, tanto vía por escrito como por vía telefónica, para que analicen e para que a teñan en conta. Evidentemente, eu, como membro dese convenio, fixen o que tiña que facer, trasladar a quen lidera, a quen preside esta comisión, para que o estude e para que o analice, para ver se na viabilidade de cando se modifique se pode incluír, evidentemente [inintelixible], igual que agora, que hai a posibilidade de modificar as liñas de transporte urbano, estanse a incluír cuestións que chegan, e nesa liña nos movemos. Sorpréndome por certo o que fala da asociación. Eu recibín un escrito da asociación, eu non coñezo quen está nesa asociación. Eu recibín un escrito, e o escrito que recibo eu tramítoos como os moitos que recibo diariamente, tamén recibín varios de persoas a título individual. A min non me chegou ese. Tamén me sorprende que lle chegue ao Partido Popular e non lle chegue á Concellería de Mobilidade. Paréceme un pouco curioso que chegue un dicindo que se desmarcan, que non lle chega á Concellería de Mobilidade. Non me chegou, non lle chegou á Concellería, pero chégalle ao Partido Popular o comunicado. A min xa me di tamén que pensar un pouco raro. En todo caso, a min iso dáme igual. O que si existen son demandas, demandas de persoas que, ademais, utilizando un pouco a lóxica, pois, teñen razón. E se en vez de tres liñas poden ser seis, non só vai ser beneficioso para esas parroquias, tamén vai ser beneficioso para os concellos limítrofes, por exemplo, para a poboación de Friol, pois seguramente para un veciño de Friol que queira achegarse a Lugo, un de Lugo que queira achegarse a Friol, que son dous concellos limítrofes, pois tamén poder ter máis liñas pode ser positivo. Entón, entendemos que isto vai na liña do que se está camiñando por toda Europa, que é apostar polo transporte público. En Lugo, imos nesa liña, e poder ter máis frecuencias, pois, entendemos que é positivo, sendo moi conscientes, sendo moi conscientes ademais de primeira man que non se pode chegar a todo porque o transporte público consome moitos recursos, e non sempre se pode chegar a todo, pero todo o que se poida analizar, estudar e levar adiante, sempre será positivo.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Abelleira.

D.^a ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas por desacreditar as miñas palabras, pero non me refería a iso que vostede comenta, senón a que a proposta de hoxe non é unha moción exclusivamente de frecuencias. Ou é que o autobús que pasa por Rebordaos para en Rebordaos, e xa se queda alí. Irá a Friol, como o que vai a Outeiro de Rei, como o que vai a Castro de Rei. Quero dicir hai que tratalo ou polo menos o Grupo Municipal Socialista ou eu, porque fun quen preparou esta moción, foi ou considero que se ten que falar en termos xerais apoiando esa demanda, pero que non é a única, e tamén queremos trasladar á Xunta de Galicia, que non é a única. Non porque o diga eu, senón porque hoxe na

prensa, concretamente, sae que Lugo quere liderar unha área metropolitana real na que é fonte básica de cohesión o transporte. É unha ferramenta que necesitamos non só a que vai a Friol, senón todas esas ferramentas de unión para evitar o illamento. E ademais suma distintos concellos, que é o que está liderando o Sr. alcalde na contorna que nos corresponde para cooperar, para estar abertos a esa área metropolitana, para aproveitar recursos que nos son favorables a todos. Pero ben, para o seguinte Pleno terei en conta que ao mellor teño que consultarlle en que sentido teño que defender as mocións deste Pleno. E vólvollo repetir, señora Candia, os alcaldes e alcaldesas de distinto signo político están reclamando un mellor servizo metropolitano. O alcalde de Castro de Rei, concretamente, está dicindo na prensa que non é normal poder vir pola mañá a Lugo e non poder volver a marchar ata a noite. Os servizos básicos, a sanidade ou a educación, pero é que tamén é unha fonte de axuda e de cooperación para o desenvolvemento económico, social e cultural, eu que son de Castro de Rei ou de Cospeito teño que vir pola mañá non poder marchar ata a noite. É que ao mellor hai que plantexar iso á Dirección Xeral de Mobilidade, que é o que eu veño de expoñer, porque xa dixen que estaba completamente de acordo coa proposición do Bloque Nacionalista Galego, así que a miña intención é esa. Non era contar mentiras aquí ou a que veñen. Pero tamén lle digo, señora Candia, á Xunta de Galicia, cando lle corresponden as competencias que lle son propias, non as executa. Pero non hai quen o critique, porque para vostedes está sempre todo ben feito. E, mentres tanto, o goberno de Lugo ten que asumir competencias continuamente impropias, como é o caso, e adaptar segundo as necesidades para poder cumprir as demandas dos veciños e veciñas de Lugo. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Candia cando queira...

D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Si, mire, señora Abelleira, eu non lle desacreditei nada, vostede dixo que o documento que se firmará fora no ano 2010. Eu expúxenlle o documento asinado en decembro do ano 20 que vostede nin citou nin recoñeceu na segunda intervención. En segundo lugar, e isto si que ao mellor xa é unha reflexión que está cargada máis de opinión ou de subxectivismo, pero mire, o seu alcalde, o noso alcalde, liderar, líderalle pouco, e basta xa ver esta propia corporación. Antes de poñer deberes e intentar resolver os problemas ao alcalde de Castro de Rei, créame, e iso insisto que é unha opinión persoal, creo que debe centrarse en arranxar os problemas do concello de Lugo, porque a traxectoria que nos ten demostrado claramente demostra que a capacidade de liderado, como mínimo, ten unha marxe de mellora moi grande. Entón, no contexto do que temos documentado, no contexto do que temos documentado, que ás veces honestamente, paréceme que non o leron e puido ser calquera moita documentación, e vostedes teñen moito que ler e moito que facer, pero a área de transporte metropolitano de Lugo existe. Está asinada polo tenente alcalde, que el mesmo recoñeceu. Entón, creo que é importante tamén non confundir, xa non digo con mentiras, polo menos con medias verdades. Que aflora detrás de todo isto? Un modelo de transporte público que tamén ten unha gran marxe de mellora, que todos

os esforzos, todos os recursos, todos os anuncios, semana si, semana tamén, de que se baten récords, non ten reflexo na realidade, e tampouco o di o Partido Popular nin Elena Candia, dino vostedes que aprobaron recentemente o tres de decembro un documento que recolle que efectivamente as cousas van a peor. Apostabamos por un modelo sostible, apostabamos pola cidade dos 15 minutos, pois os datos, non o PP, o documento que vostedes contrataron e pagaron di que se no ano 14 había unha porcentaxe de persoas que se desprazaban a pé. Xa vou dar os datos actuais para non confundir a ninguén, neste momento reduciuse. É das poucas cidades que, apostando por un modelo sostible. A intención ao mellor era boa, eu recoñezolle que a intención era boa, pero as políticas fracasaron. Temos un transporte público urbano que cada 100 persoas que ten que utilizar un medio de transporte para ir ao seu traballo, para ir ao seu espazo de ocio, cinco van en bus urbano, e o uso de medio propio, do vehículo propio aumentou, das poucas cidades de España. Iso claramente demostra que as políticas que puxeron en marcha fracasan. Isto pode axudar xa sabe que coa emenda que...

EXCMO. SR. ALCALDE: Rematou señora Candia, moitas grazas, moitas grazas. Razóns. Quenda de peche polo señor Arroxo.

D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: A ver, eu non sei se molesta que se digan cada mes os datos oficiais de usuarios do bus urbano. Nós ímolo seguir informando. Creo que ademais é algo que é importante que a xente coñeza con total transparencia cando son bos e cando son malos. É algo que cando eran malos tamén se dicía, porque houbo épocas, e sobre todo na época do COVID-que eran malísimos. Informáronse todos os meses. Eu creo que é algo que é parte da transparencia. Ben, en definitiva, eu quero agradecer que se apoie esta moción, cremos que é importante e, no que a min respecta, seguirei dende a miña responsabilidade tratando de que na Comisión de Seguimento da área de transporte metropolitano se poidan levar adiante estas melloras que, como digo, teñen todo o sentido común e ademais hai moita xente que a solicita e que seguro que lles facilitaría moito a súa vida.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Pois eu xa sei que non lles gusta moito que interveña, pero dado que a señora Candia sempre apostila sobre algunha proposta que xa se debateu anteriormente, eu non o fago porque confío plenamente nos voceiros que interveñen antes, pero digo que dado que quere apostilar, tamén lle direi dúas pequenas cousas: primeiro, non lle podo dar as grazas por eses consellos que me deu, que eu non lle pedín. E, segundo, falaba vostede de episodios que non nos gustan. Home!, a ninguén, con dous dedos de fronte, con sentidiño lle gusta a crispación excesiva, a confrontación non nos gusta, claro que non, cousas que nós non provocamos de ningunha maneira. Dígolle unha cousa, porque fun testemuña de primeira man. Nos mandatos anteriores, en ningún, en ningún se chegou a este nivel de crispación, en ningún e eu estaba presente. Dígoo simplemente para os efectos de que cada un de nós analicemos ao mellor as causas de porque iso ocorre. E, dito isto, pasamos a votar.

6/18 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 89/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A EXECUCIÓN DUN APARCADOIRO PÚBLICO NA PARCELA ONDE SE SITÚA O 'PARQUE DE ENERXÍAS ALTERNATIVAS DO CEAO' (2026/G004/000089).- Vista a antedita proposición cuxo texto é do seguinte teor:

A parcela municipal situada no Polígono Industrial do Ceao, onde se localiza o Parque de Enerxías Alternativas, atópase na actualidade infrautilizada e nun evidente estado de abandono, desaproveitando o seu potencial estratéxico e a posibilidade de converterse nun espazo de utilidade real para a veciñanza e para as empresas da zona.

O entorno industrial e empresarial de O Ceao presenta unha demanda crecente de prazas de estacionamento para vehículos lixeiros, tanto por parte das persoas traballadoras como de usuarios, clientela e visitantes. A insuficiencia de espazos adecuados provoca dificultades para aparcar, problemas de ordenación do tráfico e unha maior presión sobre as vías e accesos do polígono.

Ao mesmo tempo, as administracións públicas deben impulsar actuacións que favorezan a xeración distribuída de enerxía, a descarbonización, o uso de renovables e a mobilidade sostible. A transformación desta parcela nun aparcadoiro público sostible —dotado de marquesiñas fotovoltaicas, puntos de recarga para vehículos eléctricos e unha zona verde axardinada— permitiría producir enerxía limpa, fomentar a mobilidade eléctrica, mellorar a integración ambiental do entorno e dar un aproveitamento útil a un espazo que hoxe permanece abandonado.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Aprobar a execución dun aparcadoiro público en superficie para vehículos lixeiros, con marquesiñas fotovoltaicas, puntos de recarga para vehículos eléctricos e unha zona verde axardinada, na parcela municipal onde se sitúa o "Parque de Enerxías Alternativas do Ceao".

Vista, así mesmo, a emenda 'in voce' presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, que é aceptada polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor: 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- Votos en contra: 0
- Abstencións: 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

Aprobar o proxecto construtivo municipal para a execución dun aparcadoiro público en superficie para vehículos lixeiros na parcela municipal onde se sitúa o 'Parque de Enerxías Alternativas do Ceao', tal e como se recolle no anexo de investimentos do Concello de Lugo.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, pois primeira quenda para o voceiro do Partido Popular, a compañeira Colmenero, creo, adiante cando queira.

D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Muchas gracias, señor alcalde. Buenos días a todos y a todas. Hoy traemos a debate una propuesta en positivo, una propuesta en positivo para unha parcela municipal. No venimos a hablar del pasado, no venimos a señalar errores. Todos sabemos ya la historia del fallido Parque de Energías Alternativas del Ceao y el actual estado de abandono en el que se encuentra esa parcela. Lo que nos ocupa hoy es algo mucho más importante, y es recuperar ese espacio, recuperar ese espacio y convertirlo en algo útil para trabajadores, clientes y visitantes del polígono. Hablamos de más de 4.500 metros cuadrados de una zona estratégica de Lugo. Estratégica por su capacidad de generar empleo y riqueza, es un polígono industrial y también por ser una de las principales puertas de entrada a la ciudad. Cuidar este espacio, es, sin duda, cuidar el empleo, la actividad económica y la imagen de Lugo. La idea de reconvertir este espacio en un aparcamiento público no es nueva; es algo que ya fue planteada por el Partido Popular, por este grupo en el año 21, y responde a una necesidad imperiosa de estacionamiento, una necesidad que nos fue trasladado en muchas ocasiones, seguro que a ustedes también por la Asociación de Empresarios de los polígonos Industriales. Cualquiera que visite esta zona puede comprobar que existe una seria dificultad de aparcamiento. Podemos ver vehículos estacionados en las aceras, en medianas o en otros sitios prohibidos en los que no se puede estacionar. Con el fin de encontrar, pues, la mejor solución posible de estacionamiento que cumpla además, la normativa técnica y urbanística que sexa viable en definitiva, el año pasado elaboramos un documento técnico, un anteproyecto en el que analizamos diferentes alternativas de actuación, y llegamos, bueno, pues, a varias conclusiones. Soluciones viables, como ustedes saben, hay muchas, y la elección final es una decisión política, y la decisión política es la que debe plasmarse en un proyecto de ejecución. Nuestra propuesta, nuestra idea, la que trasladamos hoy aquí, la que buscamos el consenso y la aprobación de todos ustedes no se basa en un simple losado de hormigón para aparcacar vehículos. Es una apuesta clara por un

modelo de cidade máis sosteñible, máis eficiente e comprometida con a transición enerxética, a xeración distribuída, a descarbonización, que é avanzar cara sistemas libres de CO de combustíbeis fósiles e emisións de CO₂ son hoxe prioridades indiscutíbeis nas políticas públicas, e os gobernos os están impulsando con cambios normativos, incentivos e subvencións. Desde o 2023, é obrigatorio que os aparcamentos públicos de determinadas dimensións inclúan puntos de recarga de vehículos eléctricos. Por outro lado, as administracións están obrigadas legalmente a facilitar e fomentar a mobilidade eléctrica, o autoconsumo e as enerxías renovables; por tanto, se estamos obrigados a instalar puntos de recarga de vehículos eléctricos, por que non xerar a enerxía alí mesmo, a parcela permite ambos usos. Por tanto, o que propoñemos é unha instalación fotovoltaica en réxime de autoconsumo con compensación de excedentes, formada por marquesinas que cubren os vehículos. O sistema de compensación de excedentes seguro que xa o coñecen, e o que permite é que a enerxía que se verteu á rede agora e se consume se descuenta da factura, e se ao final hai un período que queda excedente non compensado pódese vender. Lugo conta con radiación solar suficiente, son viables e rentables estas instalacións. O luns saía en prensa precisamente como Lugo está de potente en fotovoltaica, e por outro lado existen liñas de subvencións anuais tanto do Estado como da Xunta que permiten executar estas instalacións agora mesmo, o que axudan. Agora mesmo está aberta a do INEGA, que para as administracións locais cubren ata o 60% da inversión. Por todo o dito, solicitamos o consenso e a aprobación desta moción, que consiste en desmantelar o Parque de Enerxías Alternativas e construír nesta parcela un aparcamento público en superficie con marquesinas fotovoltaicas, integrado por unha zona verde axardinada. Un proxecto que consideramos útil e sosteñible. Unha inversión intelixente que xera valor para a nosa cidade e os nosos veciños.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Colmenero. Ten a palabra Jorge Bustos, cando queira.

D. JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde. Só recoñecer o ton propositivo na moción, entón é de agradecer nun Pleno onde imos bastante crispados. Mira, vou facer primeiro unha pequena cronoloxía dos relatos, porque, mire, aquí no 21 de agosto, La Voz de Galicia sacaba unha nota onde a alcaldesa Paula Alvarellos, no novembro do 2024 despois das reunións coa Asociación de Empresarios do Ceao, comprometéase a buscar solucións á recente creación, á recente subida do nivel de vehículos que están circulando polo Ceao. É, entón, cando Miguel Fernández, en agosto do ano 25, saca unha solución que é transformar o antigo Parque de Enerxías Alternativas no Ceao nun aparcadoiro municipal. Nós nos poñemos a traballar, e xa no outubro de 2025 se encarga un proxecto de execución para a construción do dito aparcadoiro, que xa o temos aquí. Entón, o que non entendo é porque metedes esta proposición agora, se tiñades o anteprojecto o ano pasado, porque os sacaches este mes, cando nós xa temos o proxecto construtivo e non temos un estudo alternativo, máis que nada unha

pequena puntualización porque creo que ao final, cando imos anunciando cousas. Vós ides á présa e correndo e intentades sacar rédito político, e non o conseguides, entón iso máis que nada, mencionalo. E despois teño un par de curiosidades porque, claro, cando vós encargastes este estudo de alternativas ¿por que votastes entón en contra dos orzamentos, cando no capítulo investimento xa saía reflectida a partida para a elaboración deste aparcadoiro? É o que non acabamos de entender, por que se vota en contra, e logo estades a propoñer cousas que nós temos aprobadas. Ou sexa que está no orzamento, vostedes votaron en contra sen desmerecer a verdade e a súa capacidade técnica, que a verdade é que é moi digno de mención neste Pleno porque presenta un proxecto interesante. Pero, claro, eu teño un par de curiosidades: nós co proxecto construtivo temos un presuposto execución por contrata de 450.000. Vós, segundo estiven lendo noutras notas de prensa, tedes un orzamento e 420.000, non sabemos se é de execución material se é de execución con contratas, se con IVE, se sen IVE, porque, claro, dentro da infografía que vostede amosou, dentro do estudo de alternativas a redistribución das pérgolas nos aparcadoiros, que son creo que 84; iso ten un custo elevado, un custo moi elevado. Despois, tampouco crean moitísimas máis prazas de recarga de vehículos eléctricos; de feito crean tres, e nós no noso proxecto construtivo empezamos con catro, se hai demanda hai que cambiala. Non habería ningún problema en que se poida ampliar. Entón, eu quería saber de onde sacan eses valores, porque, claro, no estou alternativas, non, é que vaiamos ao detalle de como se vai facer a execución. Cousa que nós xa temos. E despois, ben, en relación co sentido de aprobar a execución dun aparcadoiro en superficie, a ver, é que xa temos os proxecto construtivo, xa o temos nos orzamentos, entón, por que vostedes non apoian, vale, o noso orzamento?, porque imos facer o aparcadoiro, que xa temos, traballado nun proxecto de construción e estades agora mesmo, que queredes facer vós tamén. Unha cousa que non sei, é curioso, e despois isto xa é unha cuestión de cara ao Departamento Intervención, porque, claro, é moi interesante o tema de vender excedente de enerxía polas placas solares, placas fotovoltaicas, perdón, aí teñen que preguntarse as placas fotovoltaicas que hai agora se poderán utilizar se non se pode utilizar dentro do proxecto, e despois, claro, porque se vendemos ese excedente enerxía, a mellor solución para todas as competencias impropias que asumimos é que despois temos que ir a un crédito para poder facer capítulo investimento, pódense solucionar facendo granxas fotovoltaicas, e vendendo a enerxía á rede eléctrica. Sería unha solución para evitar pedir ese crédito, porque, claro, se é tan sinxelo como poñer unhas placas e vendelo á rede, eu a verdade é que aí discrepo bastante a viabilidade do que presentan.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Moitas grazas, señora Colmenero, segunda quenda.

D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Muchas gracias. Señor Bustos, me plantea muchas cuestiones que no le puedo responder en un pleno porque tengo muy poco tiempo. De todas formas le invitó a ver el estudio para que vea que es viable,

nosotros no vamos a traer una propuesta, una solución que no es viable. En todo caso, le voy a decir algunas matizaciones de lo que puedo. Me dice que tiene usted el proyecto de ejecución y eso no es verdad, eso no es verdad. Ciertamente, se licitó y se adjudicó la redacción del proyecto de ejecución y ya tenía que estar entregado el año pasado, concretamente el 14 de diciembre, y no lo tienen. Nosotros fuimos hace un par de días a ver ese proxecto y no nos pudieron dar la fecha del registro de entrada. Si usted la tiene, déannos la fecha del registro de entrada; ahora mismo no tiene ningún proyecto de ejecución definitivo; por tanto, es digno, digno de ser modificado e introducir esta instalación fotovoltaica, que le decimos que es rentable y favorable. En cuanto a los presupuestos, que le puedo decir de los presupuestos? Se vota el conjunto de los presupuestos, y además que ustedes lleven en presupuestos esta partida, a nosotros no nos es garantía ninguna de que lo vayan ejecutar. Se lo digo sin querer ofenderlo, pero, es verdad, llevan haciendo muchos años, proponiendo proyectos que después no ejecutan. Y le digo, el pabellón polideportivo, la zona de baño del Miño, la Protectora de Animales, arreglar el puente romano. Bueno, en fin, son son. Otra cuestión que le digo también que me sorprende que el Bloque no tenga nada que decir sobre este asunto, y guarde silencio, porque ahora mismo están en exposición pública el Plan de movilidad de Lugo 2025-2034, un plan que elabora el Bloque, pero que aprobaron ustedes en diciembre. Ese documento reconoce que se necesitan infraestructuras de aparcamiento en el polígono industrial, pero no contempla esta propuesta de aparcamiento nesta parcela. Entonces, pues es algo que no logramos entender como este aparcamiento que dicen que ya tienen tan avanzado no lo contempla un plan de movilidad. Bueno, no se que más decirle, creo que se le atropellan muchos los proyectos energéticos a este Concello, en general. El Plan de energías renovables, perdón, el parque de Energías Alternativas ya es un ejemplo, un millón de euros que reconocen que invirtieron y ahora van a tener que dismantelar y tirar a la basura, la Casa de la Luz perdieron la conexión del aprovechamiento hidráulico, las caldas no tienen agua termal, las calientan con agua de grifo, sin geotermia, los proyectos energéticos en la captación de fondos, que también ya lo vimos con el ciclo del agua, 550 millones disponibles y nin un euro para Lugo. Se les atraganta. Entonces, no sé cuál es su propuesta. Si, hormigonar y pintar plazas. En todo caso, a nosotros enmiéndonos nuestra propuesta porque la fotovoltaica puede serlo en un futuro, enmiéndonos.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Colmenero.

D. JORGE BUSTOS ATANASIO: Grazas alcalde. A ver, pensei que viñamos falar dun aparcadoiro e acábase falando dunha serie de proxectos da cidade, pero, ben, o primeiro que teño que dicir a Protectora de Animais. A Protectora de Animais estivo bloqueada porque unha persoa que foi nas súas listas non modificaba as aliñacións para deixar o retranqueo correspondente á normativa vixente, de acordo? Entón, deixade de malmeter, si, xa de malmeter co tema Protectora. Despois, o luns si que foron, si que foron a ver a enxeñeira municipal, onde entendo que xa lle daría o resultado do estudo de alternativas que fixemos de acordo co

plan. De feito, aínda tamén estiven eu por alí, e dese estudo de alternativas saíu a nosa solución. A nosa solución é recoller as propostas da asociación de empresarios, de todos os usuarios e traballadores do Ceao e facer todas as prazas posibles. Na nosa proposta, que xa ten proxecto de construción está reflectido nos orzamentos. Vanse crear 117 prazas mais catro de recarga eléctrica, de acordo? Entón, hai unha cousa que me gustou moito na súa intervención, pero non acabo de entendela coa liña argumental e política do seu partido, porque, claro, na ZBE van ao contencioso-administrativo contra o Concello. Nós, como Administración pública, pois claro, tamén estamos, como dicíamos na proposición, tamén debemos impulsar actuacións que favorecen a xeración de fluír enerxía, descarbonización no uso de renovables e mobilidade sostible. Pero, a ZBE vai ao contencioso-administrativo por parte do Partido Popular, é un pouquiño contraditorio unha cousa coa outra, pero, ben, imos falar desta proposición. Fágolle unha emenda *in voce* que di o seguinte: aprobar o proxecto construtivo municipal para a execución dun aparcadoiro público en superficie para vehículos lixeiros na parcela municipal onde se sitúa o Parque de Enerxías Alternativas do Ceao, tal e como se recolle no anexo de investimentos do Concello de Lugo. Espero que poidamos desatascar esta situación e que a xente do Ceao poida ter por fin un sitio máis amplo onde aparcas, porque xa o temos feito, solicitamos que apoien esa promoción.

EXCMO. SR. ALCALDE: Rematou, señor Díaz, non está no uso da palabra. Ten unha voceira que se pode defender perfectamente. Ten un tempo de réplica, por favor, vamos a manter a orde un pouquiño, señora Colmenero, quenda de peche, cando queira.

D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Vamos a ver, la instalación de marquesinas fotovoltaicas permitiría a la Administración local cumplir con la obligación legal del fomento de energías renovables, descarbonización y generación distribuida, además de otros beneficios, como la reducción de la factura eléctrica municipal y la posibilidad de generar ingresos. En todo caso, como la instalación fotovoltaica puede ejecutarse en una fase posterior, y lo prioritario para nosotros es que se ejecute el aparcamiento, aceptamos su enmienda y adelanto que vamos votar a favor además. Gracias.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Pasamos logo á votación con esa emenda *in voce* aceptada, señora secretaria cando queira.

SEÑORA SECRETARIA: Sometemos, entón, á votación, como di o alcalde, coa aceptación da emenda formulada neses termos.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, seguinte proposición.

7/19 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 90/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A AMPLIACIÓN E MELLORA INTEGRAL DO ACCESO A LUGO POLA FERVEDOIRA

(2026/G004/000090).- Vista a referida proposición que é do seguinte teor:

Os accesos a unha cidade son a súa carta de presentación. Son a primeira imaxe que reciben as persoas que chegan e, ao mesmo tempo, a última impresión que levan quen a abandona tras visitala. Por iso, a calidade dos viarios de entrada e saída non é un asunto menor: inflúe na percepción xeral da cidade, na seguridade viaria, na mobilidade cotiá e na competitividade urbana.

Lugo presume con orgullo de ter acadado os 100.000 habitantes, esa realidade esixe estar á altura do municipio, uns accesos acordes cunha capital de provincia: seguros, cómodos, ben iluminados, con itinerarios peonís dignos e cunha urbanización completa. Porén, unha das peores imaxes que ofrece a cidade é, precisamente, o acceso por A Fervedoira, que acumula anos de abandono e presenta eivas notorias: carrís estreitos, pavimento deteriorado, ausencia case total de beirarrúas ou beiravías, falta de roza e mantemento, escasa ou nula iluminación e, en xeral, unha imaxe impropia do Lugo que queremos proxectar.

Concello e Deputación Provincial anunciaron a execución das obras da dende a rotonda da rúa Montero Ríos ata o remate da zona urbana en Adolfo Suárez, cun orzamento de 200.767,71 €, actuación que, ademais, se centra esencialmente no firme e inclúe só a renovación parcial de servizos (saneamento) e unha nova capa de rodadura. É dicir: un tramo pequeno e unha intervención parcial que, sendo necesaria, non resolve o problema de fondo do acceso.

Tal e como se recolle na planificación, anunciouse unha segunda actuación que abranguería dende o límite dos edificios ata a rotonda prevista no PXOM (± 300 m), contemplando renovación do firme e ampliación da calzada, agardamos que coas correspondentes beirarrúas, beiravías, iluminación, así como a dotación de servizos necesarios. Pero é imprescindible continuar esta obra ata o final cunha Fase 3, para culminar o acceso e evitar “embudos ou tapóns”, estendéndose unha distancia aproximada de 1.600 m ata a rotonda da Rolda Norte, ampliando a sección da vía, dotándoa de beiravías e beirarrúas, iluminación e sobretudo dando seguridade aos usuarios así como mellorando de xeito definitivo a imaxe desta entrada a Lugo dende o norte da provincia.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Que o Concello de Lugo revise e modifique o proxecto anunciado para a mellora do acceso pola Fervedoira, ampliando o seu ámbito ata a confluencia coa rotonda da Rolda Norte e reforzando as actuacións previstas, de xeito que se ofrezca unha imaxe coidada e acorde cunha entrada á cidade, configurando un espazo humanizado, accesible, amable e seguro tanto para o tráfico como para a mobilidade peonil.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 do Grupo Municipal do Partido Popular e de dona María Reigosa Castro.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA** aprobar a antedita proposición, nos seus propios termos.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, ten a palabra o voceiro do Partido Popular, o señor Ameijide. Cando queira.

D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Grazas, señor alcalde. Como todos saben, a entrada a unha cidade é a carta de presentación de quen nos visita, a postal de despedida de quen nos deixa, a imaxe que queda na retina dos que estiveron aquí, é o que vimos ou o que padecemos cada día a día cando entramos e saímos da nosa cidade, e digo padecemos, concretamente, no caso da Fervedoira. Unha entrada a unha cidade debe estar á altura da cidade que representa, á altura dos seus veciños, pero tamén debe ser segura, e isto precisamente o que tampouco ocorre na Fervedoira. Podería mostrar un montón de imaxes da Fervedoira, do seu estado, de como teñen que ir os veciños para poder moverse entre esas casas, para poder coller o autobús pola beiravía nos sitios nos que hai beiravía. Hai outros sitios que nin sequera beiravía teñen, por onde van as bicicletas. Ver, todos coñecemos perfectamente o estado desta vía. Por iso, hoxe queremos falar diso aquí. Para a intervención, voume apoiar nun artigo do diario El Progreso dun periodista coñecido da cidade, Miguel Olarte, todos o coñecemos, os que estamos aquí, e dun titular: *La entrada por A Fervedoira a Lugo como hace 50 años y sin proyecto*. Reflicte perfectamente a realidade da Fervedoira este titular este xornalista de El Progreso, porque a entrada da Fervedoira leva 50 anos así, e os últimos 27 anos gobernados polo Partido Socialista e polo BNG nesta institución. Cando menos, isto serve para facer unha reflexión do que fixeron, máis ben neste caso do que non fixeron. Este periodista, ademais, fai numerosas reflexións ao longo deste artigo, un artigo ben escrito, evidentemente, e fala das necesidades de iluminación, das necesidades de acometer, acondicionar beirarrúas, de ampliar os carrís, de darlles beiravías e, en definitiva, dunha reforma integral. Unha reforma integral é o que propoñemos hoxe aquí, precisamente, por iso. Reflexiona tamén neste artigo sobre a recepción desta vía no seu momento por este Concello. Reflexiona este artigo porque saben que cando unha Administración cede a outra, e

a outra recibe unha infraestrutura, adóitase exixir ou exíxese, practicamente, polo menos, nos casos que eu coñezo que esa vía se entregue en perfectas condicións e acabada de reformar. Así o fixeron vostedes coa Xunta de Galicia en varias infraestruturas, así o fai a Deputación Provincial cando lles cede infraestruturas a municipios e así o acostuma facer o ministerio cando se lle exige dende os concellos. Aquí, non foi o caso, firmouse a acta de recepción o ano 2011, pero aquí houbo unha curiosa excepción, supoño que os compañeiros do Bloque ou do PSOE o poderían explicar, pero probablemente tivese algo que ver con quedar ben cos xefes de Madrid, por aquel entón Zapatero, un ministro tamén lucense, ou algunha outra historia. Pero deixaron ou firmaron a recepción dun acceso á cidade totalmente indigno con cero euros de investimento para compracer os xefes de Madrid. Por certo, esta historia foise repetindo anos despois, porque agora, en vez de firmar actas de recepción para aplaudir aos xefes de Madrid, agora organízanlles cuchipandas no Pazo de Feiras e decláranos veciños exemplares do ano mentres nos insultan aos lucenses. Non podemos entender nin emendar esta firma en barbeito que se fixo por parte deste goberno provincial xa hai uns cantos anos. Pero si que temos a capacidade de poñer hoxe deberes. E vou repetir o que se dicía por parte de Miguel Olarte nese artigo: iluminación, ampliar os carrís, acometer beiravías, instalar beirarrúas, garantir a seguridade de quen entra e sae na nosa cidade e a nosa seguridade viaria. Dirán que xa hai xa hai un proxecto enriba da mesa, un proxecto que anunciaron como unha iniciativa estratéxica e ambiciosa, segundo palabras do alcalde de Lugo, Miguel Fernández. Claro, e eu para isto voume apoiar noutro artigo, noutro artigo de Suso Varela tamén coñecido xornalista, neste caso doutro medio de comunicación que di: *a Deputación de Lugo reformará por completo a vía da Fervedoira*. Eu, a verdade, cando lin este titular, como os meus compañeiros e o resto de veciños da cidade, dixemos oe, pois que ben, que ben porque era necesario unha reforma integral da Fervedoira dende a ronda Norte ata a rotonda da rúa Monforte, que ben. Pero non era así, non era así, porque isto veu froito dun pacto que fixo o señor Fernández co exdeputado, perdón, co expresidente da Deputación, que se tivo que apartar por un presunto caso de acoso sexual. Intentoulla coar o señor Tomé ao señor Fernández, e cooulla, porque realmente o proxecto que se firmou non ten nada que ver co que anunciaron neste medio de comunicación, porque realmente o que se firmou foron 200.000 euros para acondicionar ou para repavimentar a avenida Adolfo Suárez, a rúa, a rúa Adolfo Suárez, perdón, e despois 300 metros máis concretamente ata aquí, por certo, disto non hai nin proxecto, de momento é un estudo de alternativas, 300 metros máis ata esta rotonda que está pintada no Plan xeral, é dicir, nada, un parche, porque dende ese punto onde din que xa non van facer nada máis dende o Concello nin da Deputación, que era un quilómetro, 600 máis ata a rotonda da ronda Norte, claro, é que o único que se está facendo é un parche. Perdón, alcalde, e moitas grazas pola paciencia destes segundos de máis.

EXCMO. SR. ALCALDE: Grazas a vostede. Ten a palabra o señor Bustos.

D. JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde. O artigo de Miguel Olarte, bo periodista, coincide con vostede, é do 2025, estamos agora mesmo no 26 cun convenio firmado coa Deputación, onde hai xa un proxecto de execución do tramo un, que vai ser unha reposición, ben, substitución e actualización do sistema saneamento dos colectores, despois unha reposición do asfaltado, e tamén o acceso a Venancio Senra. Vai quitarse o empedrado, e vaise poñer unha lousa de formigón con conglomerado encima para que sexa un acceso totalmente seguro. É claro, pero despois, cando empezamos a falar estou totalmente de acordo en que somos unha cidade de máis de 100.000 habitantes e que temos accesos á altura da nosa muralla, por dicilo dalgunha maneira, Pero, claro que o goberno municipal xa está traballando coa avenida da Infanta Elena, xa o fixo cando noutra época coa avenida de Madrid, e agora tócalle a quenda a Adolfo Suárez, e para iso se tramitou un convenio onde primeiro actualizárase a avenida Adolfo Suárez, despois se fará un segundo tramo onde hai unha memoria valorada. Pero, repito, hai un proxecto, de execución, é unha memoria valorada. Temos outras rúas da cidade onde aínda estamos esperando que nos manden o proxecto para que poidamos informar, non é que sexamos máis exixentes, necesitamos un proxecto para que os técnicos municipais poidan valorar esas actuacións. Entón, claro, chámame a atención porque eu, por exemplo, vendo unha sección na rúa de Adolfo Suárez, para vostede hai que ampliar os carrís, pero como facemos, quitamos os aparcadoiros, que estades en contra, son carrís de 3,5 metros, segundo a instrución tres punto un, o que vostede coñece, quitamos as beirarrúas? Claro, que facemos? Expropiamos toda liña residencial para que poidamos ampliar os carrís e poñer catro en vez de dous. Claro, é que son cousas contraditorias, porque, evidentemente, claro que temos que facer e reformar o acceso a Adolfo Suárez, pero non podemos mentirlles aos veciños dicindo que isto vai ser todo un tapón, que non se pode. Sabedes que non se poden desdobrar os carrís alí. Agora mesmo hai unha excepción de 3,5. O tramo dous, na memoria valorada, e vouno ensinar, xa contempla as súas beirarrúas, as beiravías, carrís de 3,5 ata un punto do PXOM e unha rotonda que, ben, haberá que discutir nalgún momento se hai que facela ou non? Pero, claro, haberá que ir por partes, porque, agora, vostedes como viron que anunciamos nós este mes de que imos empezar. En Xunta de Goberno se aprobou o proxecto para a renovación de Adolfo Suárez. Non, non hai que facelo todo, evidentemente, que hai que facelo todo, pero haberá que ir por partes, a casa polo tellado non se pode empezar. Entón, non entendo a vosa proposta no sentido de que digades aos veciños de que isto vai ser un embude, e que non se van solucionar problemas de tráfico, embude, non se pode meter catro carrís. Entón, non lles digades que van ser un embude, pódese dicir que faltan beirarrúas, falta iluminación, vale. Xa está contemplado no proxecto, pero non digades cousas que ao final o único que se fai é malmeter, é crear crispación. É que, claro, mira todo o que non se pode facer iso, é que de verdade. Entón, claro, sabedes cal é unha boa solución cando non se poden desdobrar as cousas?, pois, moi sinxelo, executar o Plan Paradaí, por exemplo, ter máis vías de acceso porque cando unha estrada non se pode desdobrar, hai que buscar outras vías de acceso. Está, por exemplo, o Plan Paradaí, que leva 20 e pico anos, 25, 27 sen executarse. Entón, é unha boa

solución. Podemos dicirlles aos veciños, mirade agora mesmo catro carrís non se poden, teñen que ser dous, pero imos desbloquear o Plan Paradai para que teñamos outra vía de acceso, porque hai moita xente que cando vai ás Gándaras ou vai desde a A6 se incorpora por alí. Entón, claro, iso parécenme propostas coherentes, pero eu aquí o que vexo é que Concello e Deputación van investir preto dun millón de euros no tramo un e no tramo dous de Adolfo Suárez, a conexión coa Fervedoira. Cando rematemos estas actuacións, evidentemente, teremos que ir ata a ronda Norte, evidentemente, pero de momento imos investir un millón de euros, non podemos coller e facelo todo de vez. Entón, críticannos que estamos moi endebedados, despois nos obrigan nos plenos a endebedarnos máis, é que non acabamos de entender. Pídenos cousas que parece que é máis que nada para contrarrestar as notas de prensa que estamos sacando nós durante todo o mes. Entón, claro, eu aquí o que boto en falta é unha solución. Vós facedes unha proposición, unha moción dicindo que hai carrís estreitos, ausencia total de beirarrúas, pero máis que malmeter quero unha solución. Decídeme: podemos ir por Plan Paradai, podemos coller e agora que se vai desenvolver o sector 6.5, S5R, podemos mirar outra vía de acceso. Pero, claro, vostede vaise facer un tapón, e a culpa é do Concello. Solucións, por favor, señor Ameijide, solucións.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señor Ameijide.

D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: De verdade, sabes que che teño aprecio, ademais e no persoal, e sabes que non son sospeitoso de poderte criticar ou facer dano persoal, pero liches a proposición? Ti es técnico ademais, co cal eu podo entender o descoñecemento da descrición que se fixo antes dunha parede de pladur e cuestionarse se unha parede de pladur é opaca ou non é opaca ou dá intimidade ou non dá intimidade. Evidentemente, non imos cuestionar ese tipo de descricións que se fixeron antes, pero en que punto desta moción puxen ou puxemos ningún dos meus compañeiros que tiña que ter catro carrís esta rúa?, onde o liches? De verdade, hai que ser un pouco máis rigoroso. Nós o que estamos formulando é unha solución integral, un estudo integral dende a rotonda da rúa Monforte, perdón da ronda Norte, ata a rotonda da rúa Monforte. Iso é o que pedimos, evidentemente, haberao que facer por fases. Ninguén o cuestiona. O que pedimos é que nos sitios onde se poida ampliar se amplíe, se amplíe evidentemente dotando de beirarrúas e de beiravías, pero ninguén fala aquí de catro carrís en ningún punto, en ningún punto. Non se fala de catro carrís. Fálase de ampliar a sección, ampliar a sección implica facer os carril son máis anchos posibles, de acordo coa zona na que hai. Dotalos de beiravía, dotalos de beirarrúas se é posible, e mellorar a iluminación, exactamente o mesmo que vai propoñer a Deputación para eses 300 metros dese anteproxecto. Esa sección íla replicando ata a rotonda da rúa Monforte, ir facendo os estudos. Iso é o que propoñemos hoxe aquí. Eu entendo que queiras enredar. Claro que non se puido facer a obra de Serra de Meira, porque levades 10 anos para poñernos de acordo coa Confederación Hidrográfica e Concello de por onde ten que ir a estrada bloqueando un investimento da Xunta. Claro que non, pero o que non podes é culpar a outras

administracións do que non sodes capaces de facer vós. Aquí, é algo moi simple e, sobre todo, moi propositivo. Estamos falando dunha solución absolutamente viable, que o único que se pide é que se faga un estudo integral dunha punta a outra non un parche, iso é que propoñemos. E agora estasme dicindo, e dígocho con todo cariño, que xa tedes anunciada esa actuación estratéxica e ambiciosa, e eu dígolle que desconfío e desconfío. Voume apoiar outra vez no artigo de Miguel Olarte, porque nese artigo relatábanse anuncios dun millón de euros no ano 2019 por parte da exalcaldesa desta cidade. Anuncios doutras cantidades inferiores pola seguinte alcaldesa. E Agora tócalle ao señor Fernández facer outro anuncio doutros 800.000 euros. Pero é que o que anunciades moitas veces non se corresponde coa realidade. Eu creo que é unha proposición propositiva, útil e realmente sensata. Agora, se queredes polemizar, se queredes negarvos a absolutamente todo, e, se non queredes ver a realidade de que levades 27 anos gobernando unha cidade, e non fostes capaces nin de ampliar medio metro a estrada da Fervedoira, que é unha verdadeira trampa para os usuarios diarios. A verdade é que a min me decepciona un pouco o voso goberno, e persoalmente coa túa intervención, cando estas manipulando este texto onde non pon o que ti dixeches que poñía, decepciónasme tu neste debate.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, moitas grazas. Señor Ameijide, eu non sei se son 27 se son máis se son menos, pero asegúrolle que estamos dando... Perdón, perdón, perdón, desculpe, desculpe, emocionoume tanto a súa intervención que non puiden... Descúlpeme vostede. Señor Bustos, cando queira.

D. JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde. Ben, señor Ameijide, sabe que o sentimento é mutuo, iso, pero o que pasa, isto e como nun partido. Eu cando estou competindo contra alguén, quero gañar, non quero deixarlle meterme goles. Entón, imos ver se na proposición vostedes din, vostedes din, é imprescindible continuar esta obra ata a fase 3 para culminar o acceso e evitar embudes ou tapóns, se sobreentende que os carrís, vale, hai que desdobrados porque os carrís teñen un ancho. Vostede é técnico tamén, e o que fixo, o que está facendo o proxecto deulle clase, tamén, son de 3,5, é o que marca a normativa. Ben, entón, se eu nunha proposición poño, e os veciños ven que o acceso é para evitar embudes ou tapóns, que van pensar?, que van pensar se non podemos ampliar o ancho do carril porque xa o marca a normativa, que van pensar os veciños cando ven isto? E ademais vino despois ampliando a sección da vía. E non estou malmetendo nin estou liando a realidade. Estou contestando o que di nesta proposición, o cal tecnicamente non é viable. Claro que temos que levar Adolfo Suárez ata a ronda Norte, claro, pero vaíamos por partes, os anuncios de... Está aprobado en Xunta de Goberno que imos empezar coa repavimentación e os sistemas colectores de Adolfo Suárez. Están facendo o proxecto ... na memoria valorada do tramo dous, e terá que haber un tramo tres, de acordo, perfecto. Pero, primeiro, fagamos estes, e logo xa debateremos cando estean feitos cando se debe facer o tramo tres. Pero eu dígolle sinceramente con todo cariño se nunha proposición poñedes evitar embudes ou tapóns, que van pensar os veciños?, que

van pensar?, que hai embudes ou tapóns. A sección tipo que vai ser conectada pola Fervedeira é a que ve, 12 metros, de acordo conforme cos estándares que teñan que ser por normativa. Entón, eu considero, vou rexeitar esta proposición máis que nada porque, primeiro, terminaremos o que estamos a facer, e logo xa miraremos unha vez estea terminado, de acordo, facer o seguinte tramo. Pero eu o que digo que é unha proposición con bo ton ademais, pero dáme solucións. O Plan Paradaí agora mesmo está bloqueado, porque de feito teño unha pregunta despois: non nos achegan o proxecto para que poidamos informar o convenio. Entón, de quen é a culpa?, nosa ou da Xunta. Non acabo de entender. Nós, están os técnicos, están para saír a xogar, e queren saír, queren ver o proxecto. Necesítamolo, non poden informar o aire. Entón, pois ben, déame un pouquiño que dígame que di a realidade, cando na propia vosa proposición sae ampliar sección de vía e acceso, e evitar embudes ou tapóns. Entón, eu non sei se vostede considera que distorsiona a realidade, pero eu considero que, se vostede sendo técnico e sabendo que os carrís son de 3,5, non se poden ampliar máis, non sei, poñeremos carrís de seis metros e expropiaremos unha liña de casas que hai pola Fervedeira que sabes que vive xente, non sei. Grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señor Ameijide.

D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Salvo unha reforma previa porque poderíamos entrar noutro tipo de cuestionamentos e de legalidades. Jorge, de verdade, aquí ningún punto pon catro carrís. A sección ideal para esa zona, precisamente, é ampliar ata tres e medio. Iso é ampliar a sección porque sabes que agora mesmo hai carrís de tres metros sen beiravías e sen beirarrúas. Ampliar a sección dunha vía, iso sabelo ti porque tamén es técnico. Entón, non manipules. Ampliar a sección da vía é pasar de dous carrís de tres metros a dous carrís de tres e medio mais medio metro de beiravía por cada lado mais unhas beirarrúas de dous metros. Iso é exactamente o que se vai facer neses 300 metros. É o que hai que replicar ata a rotonda da ronda Norte, e iso é o que hoxe propoñemos aquí, pero si é que estades votando en contra do que anunciades. Isto é increíble, é que sodes incoherentes a un nivel tan absoluto que non entendo como vos vai crer ninguén nesta cidade.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Pois agora si que vou aproveitar para dicir algo.[...] Non pode, isto está regulado, cada tempo e cada intervención corresponde a un concelleiro, ten que coñecer esa normativa. Non ten a palabra, é que vostede, mire, cada grupo ten un voceiro, que é ao que lle corresponde falar. Non ten vostede a palabra, por tanto, non pode falar, e permítame continuar. Non ten vostede a palabra, permítame continuar. Dícialle, señor Ameijide, desde o meu mesmo aprecio persoal que manifestaron antes e que lle teño, e que sabe que sei que é recíproco, pois estou de acordo con vostede, pero só na primeira parte. Eu estou de acordo en que necesitamos ter unhas vías de acceso á cidade, unhas arterias amplas, seguras, dignas dunha cidade moderna e en evolución, como é a nosa, e por iso actuamos. Actuamos, como sabe moi ben en Infanta Elena, humanizando e desdobrando. Actuamos na avenida de Madrid, e despois

quedábanos a que, pola orografía e por desnivel e demais, era máis complicada que era, efectivamente, Adolfo Suárez, que, como se ben dicía no seu día, foi seguida polo Ministerio de Fomento e este Concello. Descoñezo naquel momento en que condicións nin que requisitos. Entón, puxémonos inmediatamente a petar nas portas para tratar de buscar financiamento para actuar sobre esa vía que, ademais como vostede sabe que tamén é técnico, ten unha contía moi elevada. Petamos en todas as portas, e aquela que nos recibiu e que se fixo cargo da situación e que se brindou a colaborar foi a Deputación Provincial, vale? A partir de aí fíxose unha primeira aproximación por parte dos técnicos da Deputación, quero dicir, non sei se é un estudo creo que dicía integral, se é un documento, non? Os técnicos foron alí, analizaron, miraron distancias, miraron orografía, miraron desniveis, e determinaron que non era posible facer máis de dous carrís, como nos gustaría a todos, seguramente. Entón, decidiuse que a partir de aí vén o desenvolvemento económico. Eu teño o compromiso da Deputación Provincial de continuar ata A Fervedoira, pero en fases, como moi ben dicía o señor Bustos. A primeira fase, que é desde Serra de Meira ata o límite da edificación, xa está incluso creo que adxudicada para executar de forma inmediata. A seguinte fase, que falamos de 600.000 euros, xa está acordada e ata unha rotonda que aparece debuxada, como vostede ben sabe no Plan xeral. Esas dúas fases non teñen volta atrás, xa as empezamos, xa se van executar, e a partir de aí hai un compromiso para continuar ata A Campiña. Eu espero que non se cuantificou porque os recursos son insuficientes para todos, e son para nós, pero tamén é para a Deputación Provincial, pero hai ese compromiso que eu estou seguro que van cumprir. E, como lle digo, hai outras administracións que non se prestaron a colaborar. Vostedes, por exemplo, que son a oposición, e teñen os seus contactos e as súas influencias viríannos moi ben que colaborasen para que a Xunta de Galicia puidera axudarnos tamén, verdade, por exemplo derivándonos parte deses 14 ou 15 millóns do canon da auga, por exemplo pagando o que é de xustiza polo SAF, que, como sabe, está enfastiando, por dicilo así, a todos os concellos nos viría moi ben, pero xa sei que non se trata diso. Hai unha estratexia clara que queda ademais manifesta neste Pleno en tres mocións, en concreto, que presentan, que son Adolfo Suárez, o aparcadoiro do Ceao e a reestruturación integral que estamos facendo dos bombeiros. Vostedes son coñecedores perfectamente que estamos avanzando neses proxectos, que estamos avanzando. Por algunha razón, tráennos mocións porque dalgunha maneira dá a impresión de que pretenden apropiarse. Non señor, son proxectos deste goberno, e axudaría moito que cando os incorporamos dous destes e outros máis que hai por aí nos orzamentos votarán a favor. Pero é que non se pode votar en contra dos orzamentos, incluíndo estes proxectos en concreto, e despois dicir pedindo eses e outro máis. Por tanto, un pouquiño de rigorosidade, e pedíndolle axuda diante da Xunta de Galicia. Está agora investindo 17 millóns no Pazo de Lourizán, temos 15 millóns do canon da auga, temos, temos, temos, e neste Concello non hai ningún tipo de axuda, non será porque non se lles pide. Polo tanto, home, actúen como esa oposición leal que lles corresponde, e colaboren nisto, e logo é o que lle digo, sempre, crítiqúennos,

descualifiquennos etcétera, etcétera. Ben, dito isto, eu creo que podemos pasar a votar, cando queira.

8/20 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 91/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA REXEITAR A DECISIÓN DO GOBERNO CENTRAL DE PRESENTAR RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE PARA PARALIZAR O PLAN DE AXILIZACIÓN DA DEPENDENCIA E DA DISCAPACIDADE DA XUNTA DE GALICIA (2026/G004/000091).- Vista a citada proposición cuxo texto é do teor seguinte:

O Tribunal Constitucional vén de admitir a trámite o recurso presentado polo Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, co aval do seu Consello de Ministros, contra determinados preceptos da Lei galega 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

A decisión do órgano constitucional, que aínda non implica un pronunciamento sobre o fondo do litixio, si trae consigo o bloqueo da norma autonómica na súa vixencia e aplicación dende a data de interposición do recurso: o 30 de setembro de 2025.

Sánchez volve a castigar aos galegos, nesta ocasión, violentando o autogoberno de Galicia e freando os avances lexislativos incluídos na Lei galega, entre outros, os artigos que fan referencia ao ámbito da dependencia.

O atropelo é aínda máis grave e prexudicial se temos en conta a relevancia dos programas impugnados, todos eles coas medidas pioneiras que Galicia impulsou e que son imitadas por outras administracións ou incluso polo propio Estado.

Así, por exemplo, o recurso busca impugnar o plan de axilización da dependencia e da discapacidade, que permitiu as homologacións automáticas, un veto do Goberno do Estado a unha iniciativa da Xunta de Galicia que logrou que se lles recoñecese automaticamente o grao de discapacidade a quen ten recoñecido un grao de dependencia, sen ter que facer papelame.

O Plan de Choque da Xunta de Galicia permitiu que máis de 12.600 persoas vexan recoñecido o seu grao de discapacidade e dependencia de forma automática e simplificada desde a súa posta en marcha en xaneiro de 2025.

Este acto do Executivo Central, ignora a urxencia dos galegos dependentes e actúa como un "pau nas rodas" da autonomía galega.

É cando menos incomprensible que, mentres o Estado mantén unha débeda acumulada con Galicia de 2.900 millóns de euros en materia de dependencia —incumprindo o financiamento ao 50% que marca a lei—, dedique os seus esforzos a bloquear solucións que xa estaban a funcionar.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

1. Dirixirse ao Goberno de España para que retire, con carácter inmediato, o recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

2. Rexeitar a decisión do Goberno central que paraliza o Plan de Choque de Dependencia da Xunta, o que supón un ataque directo aos dereitos dos máis de 12.600 galegos que se benefician da axilización administrativa.
3. Esixir ao Goberno de España que cese no seu afán de bloquear as políticas sociais de Galicia, priorizando o benestar das persoas dependentes sobre as disputas competenciais.
4. Reclamar ao Goberno de España que cumpra as súas obrigas, abonando a débeda pendente cos galegos en materia de dependencia, e cofinanciando o 50% establecido na normativa vixente.
5. Reclamar que se respecte o autogoberno de Galicia que está a verse violentado na súa capacidade lexislativa polas decisións de bloqueo e impugnación promovidas polo Executivo central.

Vista, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, número 103/2026 de Rexistro de Pleno, que é rexeitada polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	12	do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Votos en contra:	8	do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.
- Abstencións:	5	do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA** aprobar a antedita proposición nos seus propios termos.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Ten a palabra a señora Cristina Sanz, cando queira.

D.^a CRISTINA SANZ ARIAS: Grazas, señor alcalde. Buenos días, concelleiras y concelleiros. Van a cumprirse ya casi tres anos de este mandato, lo que es un tiempo suficiente para que podamos establecer un patrón de comportamiento de los grupos en este Pleno municipal. Los dos partidos de gobierno suelen presentar una ou ninguna moción, y siempre, siempre dirigidas al gobierno de la Xunta de Galicia. Cuando se les oye hablar aquí tanto para defender sus propuestas como para posicionarse sobre las nuestras, tenemos la sensación de que estamos en el Parlamento de Galicia, porque continuamente interpelan o critican a la Xunta de Galicia, pero muy rara vez presentan propuestas en positivo para la ciudad. Hoy hemos visto un ejemplo especialmente doloroso de demagogia y de manipulación. Realmente fue muy triste la primera intervención, y desde aquí quiero agradecer a mi compañero Cabarcos por su trabajo en general, pero especialmente por el

trabajo que me consta que ha tenido con su sensibilidad, trabajo personal para intentar mejorar la situación de los usuarios de As Gándaras. Bien, por el contrario, desde el Grupo Popular, y volviendo al tema, presentamos en los plenos el máximo número permitido, cuatro mociones, y siempre, siempre con el requisito de que afecten directamente a aspectos que mejoren la calidad de vida de los lucenses, que afecten a Lugo. Esa es nuestra estrategia, señor alcalde. Hablaba de nuestra estrategia, iniciativas que mejoren la vida de esta ciudad. Y ahora con esta iniciativa exigimos al Gobierno central que retire el recurso de inconstitucionalidad contra el Plan de choque de la dependencia aprobado por la Xunta de Galicia a finales del año 94. Traemos esta propuesta porque cumple con creces nuestro requisito de que afecte directamente a la vida de los lucenses. Porque el intento de Sánchez de paralizar el Plan de choque de la Xunta para agilizar la dependencia tuvo un impacto directo en 858 personas de esta provincia, y en 227 vecinos de nuestra ciudad. 227 personas concretas, ciudadanos lucenses con nombres y apellidos que conviven con nosotros, que son personas vulnerables necesitadas de acompañamiento y cuidados, y que por culpa de una decisión injusta tomada desde la Moncloa con el fin de perjudicar al gobierno de Galicia, realmente lo que se ha hecho es perjudicarlos a ellos. Hablo de 227 vecinos de Lugo que tenían concedida la condición de dependientes y de modo automático se les iba a reconocer la condición de discapacidad equivalente. Homologación instantánea que desde Moncloa intentaron paralizar y que de hecho estaba paralizada desde el 30 de enero de este año. Afortunadamente, este mismo martes el Tribunal Constitucional, atendiendo las solicitudes de los letrados del Parlamento de Galicia y de la Xunta de Galicia, le dió una buena bofetada virtual a Sánchez y levantó la suspensión del proceso de agilización hasta que no se conozca la sentencia. Acuerdo unánime del Constitucional, con el voto incluso del señor Pumpido, lo único que tuvo en cuenta, como no, fue el criterio del abogado del Estado. Pero, en cualquier caso, nos alegramos mucho de ese acuerdo favorable que supone, sin duda, un alivio, aunque sea temporal para estas personas. Y como hemos llegado hasta aquí? Una sociedad con una esperanza de vida cada vez mayor como la de la nuestra incrementa notablemente las solicitudes de los servicios de la dependencia y discapacidad. Galicia no es ajena a esta situación, y por eso a finales del 24 aprobó este plan de choque, este plan de agilización con medidas pioneras que copiaron en otras comunidades. Plan con un doble objetivo: primero, incrementar el número de personas atendidas y, segundo, que los trámites se resolviesen en el menor tiempo posible, y para ello, entre otras acciones, a todas aquellas personas que tengan reconocida la dependencia se les concedía automáticamente la discapacidad sin necesidad de tramitar un nuevo expediente, sin más papeleo y sin obligarlos a superar una nueva valoración médica. Para ver si el plan funcionó, nada mejor que ir a los resultados, y la respuesta es que si, que tanto que funcionó. El plan de choque consiguió reducir en un 45% el número de personas en listas de espera mientras que en España se redujo un 4,5%; un plan que redujo dos meses el tiempo de espera; un plan que permitió valorar el doble de personas, o un plan que permitió que a 12.600 gallegos se les concediese automáticamente la condición de discapacitado, con las consiguientes ventajas fiscales. Y ante este magnífico

balance, ante algo que realmente funciona, a Sánchez le ciega su sectarismo y recurren nuestro modelo. Por que pensamos que hace esto?, evidentemente por su afán recaudatorio, porque el plan gallego, plan que se aplicó en Galicia, permitió que los gallegos ahorrasen en el año 25 114 millones de euros en impuestos. Y esto es lo que le molesta a Sánchez, porque una persona tenga la condición de discapacidad supone que tienen ventajas en el IRPF, el y sus cuidadores. Supone que paga IVA reducido en algunas compras o supone que está exenta de pagar matriculación. Pero esto también afecta a los impuestos municipales, porque, por ejemplo, podían pedir un impuesto, una excepción en el impuesto de rodaje. No sé que opinan ustedes de que esos 227 lucenses que tendrían derecho a esa bonificación por ahora no la tengan. Señores concejales, tenemos claro que Sánchez quiso paralizar por un tema de afán recaudatorio, porque perder 114 millones de euros es incompatible con su voracidad recaudatoria, nunca suficiente, y con esto pretende rellenar su caja infinita a costa de los gallegos y de las gallegas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Gracias, señora Sanz. Pasamos de Cristina a Cristina, neste caso a señora López ten a palabra.

D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Moi bo día a todos e a todas. Dende o Bloque Nacionalista Galego defendemos as competencias plenas para poder decidir en todas aquelas materias que nos afectan. Galicia ten que decidir en todo aquilo que afecta ao noso territorio, e con máis razón cando afecta á vida das galegas e dos galegos, como é no caso que nos ocupa, dependencia e discapacidade. Os servizos sociais son competentes, como ben saben, das comunidades autónomas, unha competencia das comunidades autónomas. Tendo isto moi claro, e que non podemos máis que rexeitar son as modificacións introducidas no procedemento de tramitación da dependencia das discapacidades por dúas cuestións: unha, pola forma de facelo, a través dunha lei de acompañamento aos orzamentos, isto foi metido polo medio de 40 o 50 reformas lexislativas máis. Recordamos que a Lei de medidas é do ano 2024 que é á que se están referindo, non á do ano pasado, e que é a verdade, é que custa moito entender que unha reforma deste calado, como vostede vén di se tratase de ocultar no medio desta lei e algunha razón deben ter para telo feito. E a segunda cuestión, pola creación dunha homologación automática en cuestións que non son equiparables. A discapacidade é unha condición sanitaria que afecta á saúde. Por iso, os equipos de valoración están formados por persoal médico. O ámbito da dependencia o que valora é o grao de necesidade que ten unha persoa para o desenvolvemento da súa vida diaria; é dicir, para asearse, para alimentarse, é dicir, para todas aquelas actividades propias da nosa vida diaria, por iso, os equipos de valoración da dependencia están formados, son do ámbito social, están formados por terapeutas ocupacionais, traballadores sociais e demais, é dicir, que podo estar xorda e polo feito de non oír absolutamente nada, e ter unha discapacidade do 66% non me converteu automaticamente nun dependente de grao dous, a que non! Ben, pois isto é o que queren vostedes facer con este plan de choque que é unha

mestura e para tratar de enmascarar a incapacidade de xestión do Partido Popular destas dúas cuestións: dependencia e discapacidade. A lista de espera para as avaliacións son totalmente escandalosas. Se nos cinguimos á provincia de Lugo, estamos falando de 675 días. A lei di que o período máximo é de 90 días para ser avaliado, é dicir, de tres meses que nos está recollendo a lei, en Lugo, tórdanse case dous anos. Agora, saia aí fora, e explíquelles aos lucenses que o Partido Popular tarda dous anos en tramitar a discapacidade. Pero isto non é de agora, isto vén provocado pola desidia de gobernantes insensibles ás problemáticas dos galegos e das galegas nos momentos que máis necesitan, que é ter unha Administración áxil e eficaz. Recórdolle: Lugo, dous anos, a Lei di tres meses. Isto é unha é unha máis do abandono que a Xunta de Galicia ten cara a Lugo, escasos investimentos e abandono da nosa cidadanía nos momentos máis complicados. Así que déixense de plans de choque e traballen e garantan os dereitos das persoas dependentes e con discapacidade con medidas reais, é dicir, incremento dos cadros de persoal, dos equipos de valoración e orientación, e cumpran cos prazos que marca a Lei. Continúo na seguinte intervención.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. A seguinte quenda de palabra é para a señora Racamonde.

D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Bo día a todos e todas, grazas, alcalde. Eu, dado como se desenvolveu este Pleno ata o momento de agora, quero pedir respecto, quero pedir respecto ás mulleres, ás mulleres políticas que vimos aquí, non por ter unha profesión ou unha titulación, senón que vimos a emitir, a designios políticos e son, non nos implican, obrigatoriamente, como todos ben saben ou deberan de saber, coñecementos técnicos obrigados nesa materia. Temos que ser libres de poñer as nosas ideas sen que nolas mofen. E quero tamén destacar unha vez máis que eu desde que viñen a este Pleno, veño vendo moitas actitudes machistas, moitas por parte do Grupo Popular e así o manifestei xa noutros ámbitos. E tamén quero dicir que estou a verdade orgullosa de pertencer a un partido democrático, a un goberno democrático e non a unha autocracia. Creo que iso é máis importante que todo o que vou poder dicir agora, porque se non hai políticas, se non hai respecto, se só hai demagogia, non imos a ningures ou imos á ultradereita, que é a que parece que imos. Dito isto, e con respecto á proposición que nos atinxe, dicir que eu pensei que retirarían a proposición porque iso me dixeran a min no último Pleno por como teñen suspendida a paralización do seu plan áxil que chaman. Entón, pensarei que é como a min me pediron no anterior Pleno que a retirara, esta moito máis. Moito máis porque quizais non lles convén moito que se saiba porque fan todo isto, porque este plan áxil que realmente non vén dotado dunha contía orzamentaria importante vén a resolver, a intentar resolver un procedemento de listas de agarda, vén modificar un procedemento que é xuridicamente o Tribunal Constitucional, dirá se está ben ou non, eu non son avogada, non me vou meter aí, e moito menos xurista de elite, por suposto, pero o que si recalca é que é unha modificación de procedemento que se verá se compete ao Goberno central ou ao autonómico. Vostedes son moi duchos de meterse ala! a legislar ala tal!, agora si o

cartiño. Ben, agora que non foi para ALTRI, igual nos queda algo máis liberado. Entón, que fan con isto? Vostedes axilizan para que se converta nunha lexitimación dun modelo que vai reducir os tempos de valoración, que non son nin moitísimo menos os tempos da atención real a esas persoas, porque o Partido Popular non fixo un plan *ad hoc* no que vinculado a esa redución das listas de agarda para as valoracións, faga tamén un plan de choque, que é o que se debe facer para permitir que a xente poida acceder ás distintas prestacións. Ben sexa SAF, SOPAGAN, ben sexan as residencias, que non conceden unha nova praza pública, ou, o que si vostedes queren, o Bono Coidado. O Bono Coidado si, porque de feito é unha forma, e digo con esta palabra, de ningunear a nosa veciñanza. De maneira que lle dan a un dependente grao un, grao tres, esa contía ínfima que é realmente miserable para poder ter uns coidados de calidade, e ademais arrastra ás familias e ás mulleres de novo e non xera emprego. Pero con iso vostedes din: ah! teño atendido, de maneira que isto é unha maquillaxe. Unha maquillaxe que ten a conselleira Fabiola, e na que vén a converter o sistema de dependencia publico en dúas alternativas ou ben un familiar ou ben un privado, pero en ningún caso aposta por unha modernización que seguramente fai falta unha modernización e unha adaptación á nova realidade que temos. De maneira que isto é fume, é fume porque vostedes non están a favorecer as prestacións das persoas que teñan valoradas. Está ben que estean valoradas, home, por suposto, por suposto que si, iso ninguén o vai cuestionar. Pero destas valoracións dependen atencións económicas, dependen atencións de coidados que deben de ser atendidos no mesmo eido, porque eu lles direi: temos 600 dependentes en Lugo sen SAF da Xunta de Galicia. Eu agardo que lles dean unha asistencia, que valoren a máis, e ogallá haxa 1.000, e que vostedes lles dean unha saída. Iso é o que espero. Continúo despois.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Quenda agora para a señora Sanz.

D.^a CRISTINA SANZ ARIAS: Gracias señor alcalde. Bien, puedo resumir ambas intervenciones en incoherencia, porque con una mano piden agilizar medidas de dependencia y con otra mano están paralizando todas las propuestas que hacemos para agilizar. Y, señora Racamonde, hablaba de retirar la iniciativa, no se si sabe que lo que se paralizó fue temporalmente. El procedimiento sigue hasta que haya sentencia, retiren ustedes el recurso, que es lo que pedimos y nosotros retiraríamos esta iniciativa. Bien, en cualquier caso, la presentación del recurso por parte de Sánchez ante el eficaz Plan gallego de choque da dependencia es un ataque a nuestro autogobierno, señorías independentistas, pero es, sobre todo, un ataque a todos los lucenses que están esperando a que se les reconozca cuanto antes. A ustedes no parece que les importe mucho que sea cuanto antes los derechos y cuidados asociados a la dependencia y a la discapacidad. Sinceramente, del PSOE no esperamos mucho porque con sus acciones deja claro que non son más que una sucursal de Sánchez en Galicia, que están aquí para defender los intereses de Sánchez, en este caso los recaudatorios antes que los intereses de los lucenses. Pero del BNG, si que solicitamos y seguimos esperando su voto a favor, porque Sánchez ha violentado nuestro autogobierno y nuestra capacidad legislativa, y

entiendo que algo que un partido independentista no puede consentir, pero sobre todo porque estamos ante una medida que objetivamente perjudica a numerosos lucenses, tal como dije en mi primera intervención. Señores concejales, no hay ninguna duda de que estamos ante el Gobierno más antigallego de la historia y también más antisocial, a pesar de que presuman de lo contrario. Están quitando los impuestos, los beneficios fiscales que tienen todas estas personas discapacitadas, no se como puede apoyar una medida así. En cualquier caso, no es la primera vez. Es muy larga ya la lista de agravios a esta comunidad por sectarismo que simplemente nos quieren perjudicar. No voy a entrar en mucho detalle, pero podría, por ejemplo temas muy recientes por pactar con Esquerra Republicana de Cataluña la mal llamada quita de la deuda, cada lucense va a acabar debiendo 220 euros más de deuda pública que antes de la quita de la deuda o, por ejemplo, el sistema de financiación autonómica. Cada lucense hasta este momento, en toda la historia da autonomía, estaba recibiendo del Estado por encima de la media y pasa a situarse en penúltimo lugar. Eso es todo lo que está haciendo Sánchez con Galicia. Y ahora, centrándonos en dependencia, Galicia sigue sin cumplir con la Ley de dependencia. No solo está muy lejos de financiar el 50% que le corresponde, sino que cada año va bajando porque en el año 23 financió el 40%. En el año 24 financió el 34%, y esta insuficiente financiación supone que la deuda con Galicia se sitúa en este momento, como bien sabe, en 2.900 millones de euros. Pero sorpresa, mientras a nosotros nos deben esos 2.900 millones euros, Sánchez pacta unilateralmente con Cataluña pagar ese 50%. Con ello si, para generar dependientes de primera, los vascos y dependientes de segunda, los gallegos y los lucenses. Estoy segura, señora Racamonde, que usted esto no le gusta. En cualquier caso, no sé lo que van votar pero si que sé es que en conciencia es imposible que estén a favor de todos estos agravios a los gallegos y sobre todo a los lucenses, con los perjuicios que esto implicaría, muchas gracias.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Sanz. Quenda agora para a señora Cristina López, cando queira.

D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Miren, en canto ao recurso de inconstitucionalidade, o Estado non o basea, tal e como vimos, na capacidade da Xunta de Galicia para recoñecer ou non o grao de discapacidade de maneira automática e conxunta co grao de dependencia, senón polas obrigas económicas que xera a condición de discapacidade para a Seguridade Social. Ou sexa, que o debate non o son os dereitos das persoas dependentes ou con discapacidade, senón os cartos que ten que pagar a Administración, polo que o BNG, como non pode ser doutro modo, pide que se retire o recurso de inconstitucionalidade porque o único obxectivo que persegue é o aforro económico para a Administración. Pero reitérome no que viña dicindo onte, para dous anos de agarda para ser valorado non o xerou ningún recurso xudicial, e, senón que isto é unha desidia de anos e anos de falta de investimento, e co fin de poder votar ao mellor de forma positiva nesta proposición, pois o que lles trasladamos, que xa llelo enviamos, unha emenda que debería dicir así ou que diría así: O Concello de Lugo insta á Xunta de Galicia

reclamar ao Goberno español a retirada do recurso de inconstitucionalidade no ámbito da dependencia e discapacidade e, punto número dous: duplicar no inmediato bo número de EVOS de discapacidade en Galiza co obxectivo de reducir os tempos de tramitación e as listaxes de agarda neste ámbito, priorizando aquelas áreas territoriais que presenten maior carga de traballo e demora na tramitación das solicitudes. Espero que o Partido Popular teña en conta estas emendas, para así poder que nós poidamos ter un voto positivo neste neste sentido. Como sempre, o Partido Popular pide unha cousa, pide o que despois non fai. Pide que se nos dea, que se nos dean cartos, pero soamente temos que ver o que pasa no Concello de Lugo, a débeda que ten a Xunta de Galicia con Lugo. Soamente, falemos do canon da auga, tal e como dicía antes, neste caso o señor alcalde, case 14 millóns de euros que se nos debe, e non digamos o que está sucedendo co SAF, cinco millóns de euros teñen que poñer os lucenses para poder atender o SAF, que se a Xunta de Galicia pagara a parte que ten que poñer, e se fixera cargo do custo real das horas dos traballadores, os lucenses poderíamos desfrutar ao mellor doutro tipo de cuestións e non teríamos que destinalo a isto, igual que o incremento de horas para poder atender a esta xente. Entón, o de sempre, señores do Partido Popular, pídenlle a outro o que vostedes non fan, están sempre nesa liña. Reitérome, repito, lucenses, veciñas e veciños de Lugo, dous anos, dous anos é o que temos que agardar, dous anos e agora 90 días, é o que di a Lei de dependencia. Fagan vostedes o que teñen que facer. Metan xente para reducir os tempos de espera, e déixense de inventos raros, de plans de choque, trapalladas, porque non o podo definir que doutra maneira, e fagan o que teñan que facer. Metan xente para poder traballar e reducir as listas de espera. Vergonza lles tería que dar que un dependente, que unha persoa que necesita moito neses momentos teña que agardar ata dous anos a poder ser atendido. Non sei como non se lles pon a cara colorada, pero ben, que imos facer.

EXCMO. SR. ALCALDE: Rematou o seu tempo, moitas grazas. Quenda para a señora López Racamonde.

D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Sorpréndeme que sexan vostedes quen fai referencia á débeda. Non, señor Rueda, a vostedes sóbranlles os cartos, que a débeda, a quita da débeda en Galicia non lles fai falta. Entón, se non lles fai falta, terán de sobra para os dependentes, porque a Rueda non lle fan falta ao goberno da Xunta de Galicia, dito por eles mesmos. Así que un pouquiño máis de seriedade, un pouquiño máis. Este modelo que vostedes pretenden trasladar coa axilización, que eu insisto, e non contradiga, minta coas palabras, eu dígo que a axilización é boa. Este goberno entende que a axilización é boa, outra cousa é se normativamente a poden facer así ou non? Pero un plan de axilización ten que ir con recursos. A rapidez sen recursos nunca se viu, e, pero, ben, sóbralles débeda. Teñen que reducir os tempos administrativos, por suposto que si, pero a axilización non pode ir carente dunha prestación de coidados acorde á mesma. É dicir, non se pode facer sen incrementar prazas públicas nas residencias públicas, que hai que ver hoxe como trataron os nosos maiores, non reforzar e pagar a débeda de SAF.

Non crear residencias públicas suficientes, non investir estruturalmente, senón que vostedes que fan un modelo, un modelo que familia rescate, douche o Bono Coidado a ver se calas un pouquiño e logo o modelo privado. Porque eu dígolles cantas residencias de financiamento pública e xestión pública ten a Xunta de Galicia dende que está no goberno? Por favor, trasládenllo, trasládenllo, por favor. Canto nos deben, a nós non, aos dependentes de Lugo? Canto lles deben aos dependentes de Lugo para a prestación de coidados no seu fogar?, que moitos é o que desexan. Entón, isto é un plan que vostedes se lles ocorreu chamar áxil, sen orzamento, sen visión de futuro de cara aos coidados. E, insistimos, axilidade totalmente. Fágana normativamente factible porque o Goberno central recórrea, pero vai ser un Tribunal Constitucional o que dea a razón ou non. Xa repito, eu non, non son xurista, pero en todo caso axilidade, fágana, porque ademais puidérona facer con diálogo, que vostedes o diálogo interésalles depende para que. Entón, se fixeran con diálogo, quizás con política social, outro cambiaría. Porque, tamén, se vostedes tiveran a débeda de dependencia que teñen que pagar aos concellos e o seu financiamento, realmente depurado, estarían en capacidade, se tivesen a débeda, pois estarían en capacidade. Pero é que non os lexitima nada, nada, nada.

EXCMO. SR. ALCALDE: Grazas, quenda para a Señora Sanz.

D.^a CRISTINA SANZ ARIAS: ..., un plan, creo que, rectificar, si hay. Digo que critican un plan y creo que di datos en mi primera intervención que acreditan perfectamente que el plan funciona, allá ustedes. Señora López, respecto al tema de incremento de plantillas, ya incluso su compañera Rodil, que tuvo una intervención muy parecida a la suya de hoy ayer en el Pleno, reconoció el enorme esfuerzo de la Xunta de Galicia en incrementar los equipos de valoración, 54 personas más, y más de cuatro jefes de servicio de discapacidad o sea que el esfuerzo es notable reconocido por su compañera. Señora Racamonde, solo un apuntito sobre el tema de la deuda: no es que no queramos que nos quiten la deuda, lo que no queremos es asumir la deuda de los catalanes, que es lo que nos ofrece Sánchez. Acabo ya, Sánchez prefiere que un lucense en una situación vulnerable pase por una nueva tramitación burocrática innecesaria antes que perder un euro de recaudación fiscal. Les pido que reflexionen y no sean cómplices de ese maltrato a nuestros dependientes cobrándoles unos impuestos que no les corresponden. Les pido que dejen de ponerles obstáculos, que bastante complicada es ya su vida. Nosotros, desde el Partido Popular, seguiremos a su lado personándonos en un recurso al Constitucional y estableciendo todas las medidas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Antes de votar, non manifestaron se aceptan a emenda que formulou o Bloque. Non se acepta a emenda. Por tanto, pasamos a votar coa emenda rexeitada. Cando queiran.

9/21 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 92/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA, A DOTACIÓN DE PERSOAL E A SEGURIDADE

OPERATIVA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO (SPEIS) MUNICIPAL (2026/G004/000092).- Vista a antedita proposición do seguinte teor:

Lugo non pode permitirse un Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) sostido a base de improvisación e voluntarismo. Falamos dun servizo esencial: cando hai un incendio industrial, un accidente grave ou unha emerxencia con risco vital, o que está en xogo son minutos... e eses minutos son a diferenza entre o éxito e a traxedia.

A nosa cidade conta con máis de 100.000 habitantes, o que, de cumprirse o ratio de referencia habitualmente empregado, situaría a dotación do corpo de bombeiros arredor dos 100 efectivos, cando a realidade é que actualmente está en 56, o que implica que de forma recorrente se teña que recorrer ao persoal de descanso para cubrir incidencias simultáneas.

O Goberno municipal leva tempo ignorando: déficit de persoal e dificultades de cobertura, ausencias sen substitución eficaz, falta dunha estrutura de mando técnica e operativa, carencia de apoio administrativo e procesos selectivos sen calendario nin impulso, o que provoca que persoal formado acabe marchando a outros parques onde si hai previsión e seriedade. Tampouco compromiso cos traballadores que seguen a desenvolver o seu traballo sen a formación nin os recursos necesarios.

Pero os problemas non se limitan á dotación de persoal, o parque de bombeiros tivo recursos consignados, pero non houbo capacidade, vontade ou prioridade para transformalos en melloras reais.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

- 1. A elaboración dun Plan de choque e reordenación do SPEIS con dotación real e cobertura efectiva das prazas, estrutura de mando técnica e operativa, apoio administrativo e calendario dos procesos selectivos e de cobertura de prazas.**
- 2. Reprogramar e executar as melloras nas instalacións garantindo o investimento que se viña consignando sen executarse**
- 3. Aprobar un plan anual de formación para o persoal do SPEIS de Lugo.**

Vista, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, número 101/2026 de Rexistro de Pleno, que é aceptada polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

Continuar co plan de reestruturación iniciado polo goberno municipal de acordo coas reunións que se están a levar a cabo coa plantilla, que inclúe a dotación do persoal necesario para o servizo, a súa formación e a renovación integral do Parque de Bombeiros.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Ten a palabra a señora Candia.

D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moi bo día outra vez. Antes de empezar a analizar a situación do servizo do noso concello, e toda vez que a nosa iniciativa a rexistramos o 16 de febreiro, e tres días despois, nun concello irmán, no Concello de Ferrol prodúcese un terrible incendio onde falece unha persoa; e ademais un bombeiro sofre unha lesión importante con resultado dunha amputación dunha perna. Creo que as miñas primeiras palabras teñen que ser para el e tamén para a súa familia e, por suposto, para os familiares da persoa falecida. Un contexto duro, un contexto que a todos nos ten que levar a reflexionar, e tamén, por suposto, unha mensaxe de ánimo a un compañeiro, o seu alcalde, que, máis alá de calquera debate ideolóxico e político cónstame que é apreciado por toda esta corporación, e que está francamente pasando un mal momento. Pero ponnos en contexto, o que o que pasou en Ferrol podía pasar aquí. Nós traballamos para poñer enriba da mesa propostas para que non pase. E se pasa un sinistro desta envergadura, uns incendios voraces, como ademais xa tivo episodios a nosa cidade, esteamos o mellor preparados posible. Un accidente ás veces é imprevisible, pero o que tampouco pode ser permisible é que de maneira constante e continuada, nós xa trouxemos este debate no ano 24. Consequimos ademais naquel momento un acordo que tivo o apoio por unanimidade, pero coa dotación do Servizo de Bombeiros sexa a mesma que cando se creou en 1989. Pasaron 37 anos dende que Vicente Quiroga deu un paso valente, decidido, que eu hoxe quero agradecer. Non oculto a miña enorme empatía con ese corpo e con todos os servizos de emerxencia que ao longo da miña etapa, das distintas responsabilidades que asumín, sempre os tiven moi presentes. Estiven sempre moi ao seu lado das súas reivindicacións. Non é concibible, que presumamos de que superamos os 100.000 habitantes e que teñamos os mesmos efectivos ou menos que nese ano 89 que tiñamos ao redor de 86.000 lucenses. A realidade da cidade require reforzos e a

profesionalidade dos bombeiros desta cidade requiren solucións. É obvio que están cansados de promesas: de xa estamos facendo, estamos mirando. É que, realmente, o único avance que se fixo real e efectivo foi ese incremento que nin sequera acadou eses 26 euros exentos de tributación e fiscalización, que era o noso, o noso intento, que ademais me consta que as principais reivindicacións ata non son no ámbito remunerativo. Necesitan máis efectivos. Hai un déficit de persoal indiscutible. O traballo está saíndo adiante, evidentemente moitos casos, porque os acompaña a sorte, pero en todos, polo seu voluntarismo. Moitas veces estando nos seus días de descanso ou nas súas vacacións, interrompéronas de maneira inmediata e voluntaria para vir atender e protexer os lucenses. Non se tomou este tema en serio. Evidentemente, dende o ano 89 gobernaron vostedes, case levan gobernando 27 anos. Restémolles aos catro con responsabilidade, Joaquín García Díez. Gobernaron o resto. Máis de 20 anos son moitísimos para aprobar unha RPT, para actualizala. Incumpriron os compromisos da RPT do ano 20. Eu creo que incidir nos incumprimentos, que eu creo ademais que vostedes coñecen, xa parece, a verdade, un pouco, que lle pon a un mal corpo e sobre todo no contexto que estou dicindo. Entón, a nosa iniciativa, dous anos despois, con escaso ou nulo avance, volve a pedir un plan de choque e de reordenación do servizo, cunha dotación real, cunha cobertura efectiva das prazas, cunha estrutura de mando técnica e operativa, cun apoio administrativo e calendario dos procesos selectivos e a cobertura das prazas. Pedimos reprogramar e executar as melloras das instalacións garantindo o investimento que se viña consignando e sen executarse. Cantas veces citaron hoxe que ían cousas sen orzamentos e poderíamos estar cun pleno monotemático do que levan prometendo nestes 27 anos e nunca foron realidade, e aprobar un plan de formación. Eu creo que todos van estar de acordo. Rexistraron unha emenda agora minutos antes de entrar no Pleno. Son moi pouco ambiciosos, porque di continuar, eu gustárame aceptar a emenda e gustárame que puideramos saír cun acordo unánime, pero que foran un pouquiño máis ambiciosos, intensificar, mellorar, porque, honestamente, se continúan como levan facendo nos 27 anos, seguiremos igual.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Abelleira.

D.^a ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas señor alcalde. Tamén se une a estas verbas de condolencia para o servizo de bombeiros, para o bombeiro e a súa familia, amizades, loxicamente. Pero, ben, tamén pensei que esta proposición igual era máis acaída naquel municipio. Pero ben trae hoxe o Partido Popular unha proposición que falan de improvisación e voluntarismo, pero que realmente é un exercicio de improvisación, e a súa moción, un corta e pega de titulares, que ignora o traballo técnico e administrativo que se leva feito rigorosamente por este goberno impulsado polo alcalde, executándose dende o verán de 2025, con reunións mensuais e con aquelas que fan falta para estruturar o servizo. Vostedes non pretenden axudar, señora Candia, acaba de definir, pretenden poñer paus nas rodas dos procesos que xa se están facendo. E voulle explicar o motivo, que ao mellor ten razón que deberíamos incluílo integramente nesa emenda, pero para que

saiba o que se está levando a cabo en materia de persoal. Este goberno levou no mes de febreiro, recentemente, á Xunta de Goberno Local a modificación para acumular as prazas das ofertas de emprego público de 2023, 24 e 25, que xa están programadas e consensuadas, para levar ou para poñelas en marcha, porque vostede parece que, é dicir, colle un bombeiro e póñao alí, pero teñen que seguir os procedementos administrativos correspondentes. En canto á estrutura, estase deseñando unha nova RPT, tamén consensuada nesas reunións que lle digo cos bombeiros atendendo as súas propostas, e que se trata de profesionalizar, como vostede di, o servizo. Catro sarxentos, dous técnicos superiores e apoio administrativo, que, por certo, empezou recentemente a traballar, o que supón 62 postos totais. Fala de dereitos, e aprobouse no Pleno, e seguimos con ese compromiso a subida precisamente da que vostede mencionaba. E en formación a súa moción pide un plan que xa existe e que ademais ten carácter obrigatorio, que foi comunicado a todo o cadro de persoal do parque a través blugo.gesparque.es que é a aplicación que utilizan ademais da oferta da mutua do Concello de Lugo, onde tamén poden optar a outros cursos de formación, e cónstame que se inscriben todos os bombeiros para realizar esas formacións que non teñen ese carácter obrigatorio. E falan vostedes de orzamentos ou investimentos non executados, cando saben perfectamente que a reforma que se ten prevista no edificio está a piques de comezar e que ademais volvo a dicirlle consensuada co persoal, respectando toda a normativa rigorosamente para o servizo do que se trata. Por todo iso, presentámoslle a emenda, que eu creo que se realmente lles interesa aprobar por unanimidade esta proposición votarán a favor. Do contrario, porque di exactamente o mesmo, e demostrarán a súa verdadeira cara. A cara porque o Parque de bombeiros non se xestiona con esas pancartas interesadas nin comprando vontades, nin mal informando, senón coa RPT na que se está traballando coas opes, atención ás ofertas de emprego público e cos orzamentos que vostede, por certo, vostedes do Partido Popular votan en contra. Entón, pedímoslle que abandonen ese cinismo e que non veñan aquí dicirnos que non se están a facer cousas, porque xa estamos acostumados á súa política do medo, da incoherencia selectiva, da instrumentalización das persoas e de servizos de promesas baleiras porque están utilizando o traballo e o medo. Sinalo, porque a súa declaración hoxe aquí foi por se pasa algún problema ao parque de bombeiros, así como todos os servizos de emerxencias actuaron correctamente en todas as emerxencias que puido haber nesta cidade, vano a seguir facendo. Polo tanto, eu creo que deben abandonar ese cinismo político e aceptar a emenda se verdadeiramente queren continuar e respectar o traballo que se está a facer dende o goberno de Lugo.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Candia.

D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Se eu interpretara o debate como o interpreta vostede, e xa tivo varios episodios, diría que vostede me acaba de chamar cínica, pero, como efectivamente non, non o fixo, seguro que se refería á exposición, vou intentar outra vez con argumentos e con datos demostrar que vostede falta á

verdade. Chámame poderosamente a atención que presuma de caducar prazas, porque, realmente, despois de escoitala, toda vez que o tempo sempre pon a cada un no seu sitio e que se demostrou que non se cubrían as prazas non pola taxa de reposición nin a Lei Montoro, que vai bo, senón porque vostedes simplemente non tramitaban as correspondentes ofertas e as convocatorias en vez de pedir desculpas, aínda se veñen arriba. Pero a min aínda me chama máis a atención a falta de empatía e a falta de coidado que teñen cos seus. Como nos tratarán a nosoutros! Porque dicir que empezaron a traballar e xusto cando chegou este señor alcalde e ignorar o traballo que tiña feito a señora Alvarellós, en paz descanse, e o señor Permuy, en paz descanse. Paréceme ata ben pouco empático cos seus, como será co resto? É tanta a sobreactuación que queren facer para esa dinámica interna que teñen, que eu intento evitala, pero obviamente condiciona aí na intervención, porque, mire, vostede, parece que traballa pouco. Isto díggollo con todo o respecto, porque nin leu o que se nos contestou hai dous anos, porque se o lera, polo menos, poñería en valor aínda que sexa por un tema sentimental e un pouco de xustiza o traballo que fixo o señor Pablo Permuy e a señora Paula Alvarellós neste tema, que foron os que interviñeron na moción anterior. Pero, miren, se non ten sensibilidade cos seus, non o vai ter con nós, pero pedímoslle que teña sensibilidade cos bombeiros. O que nós traemos aquí traballouse nunha reunión con eles, non o sacamos de ningún titular. Claro, vostedes están habituados a traballar así, parécelle que o Facebook é o BOE, ou parécelles que Instagram é o DOG, e hoxe traballan, así traballan. Como ve, a nosoutros tamén nos interrompen. En cambio, vostede [...] unha boa dobre vara de medir. Neste contexto, neste contexto son insuficientes os efectivos que temos, e así o recoñecía con total humildade o señor Permuy. Explicaba os traballos que estaban facendo, ben, polas razóns que sexan, polas razóns que sexan que nosoutros respectamos, pois, non foi unha prioridade, non foi unha prioridade. E doe dicir e escoitar o corpo de bombeiros, os profesionais que nos coidan cando hai un sinistro, que se senten desprezados, que non se senten escoitados. E o que máis doe, que se senten enganados, e iso escoiteino e escoitárono os meus compañeiros nunha reunión absolutamente transparente e honesta no contido que lle estou reproducindo. A realidade, mal que lle pese, mal que nos pesa é que está exactamente igual, excepto eses 10 euros que estaba hai dous anos. Por iso lles pedimos que intensifiquen o traballo.

EXCMO. SR. ALCALDE: Grazas, señora Candia. Señora Abelleira.

D.^a ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, señora Candia, mire, recórdolle que as prazas de bombeiros non computan para as ofertas de emprego público; polo tanto, infórmese antes de falar, porque si poden saír, pero si que teñen que seguir os procedementos establecidos na normativa, como son as oposicións, as bases etcétera, etcétera, para que se lles garanta esta praza de funcionario. En canto ás reunións de bombeiros, efectivamente, que lle van demandar nas reunións, pois o mesmo sobre o que estamos traballando. Por iso lle digo, acepten a emenda que di exactamente o que vostede acaba de dicir, porque son as demandas que está

trasladando o persoal de bombeiros e que se está traballando sobre elas, nos prazos que temos que traballar. Pero vólvolle dicir, señora Candia, a incoherencia que mostra a súa pretensión da ratio que di esta proposición dun bombeiro cada 1.000 habitantes, tamén eu lle digo que é demagogia porque non a esixe nin en Ferrol, nin na Xunta de Galicia, nin nos consorcios de bombeiros. Polo tanto, miremos, mirémonos para dentro e non intentemos sempre botar a culpa aos mesmos. Nós estamos traballando para que ese cadro de mando sexa o axeitado, para que a estrutura do parque de bombeiros sexa a axeitada, e recoñecemos, porque así o fixemos, que nesa oferta de emprego se inclúan esas prazas que lle digo que non computan porque caducarán as anteriores. Polo tanto, cando acuse que sexa con realidades. E, por outro lado, o PP segue aplicando o modelo do abandono no resto da comunidade autónoma e dos concellos onde goberna efectivamente, exixindo onde non goberna e prometendo, que é o máis, o peor viuse antes nas anteriores mocións, cousas que para facelas realidade teñen que constar nos orzamentos, teñen que traballarse administrativamente rigorosamente e pasar os procesos selectivos correspondentes, e así si veremos reflectido todo ese traballo. Polo tanto, acepten a emenda e non ensinen a cara B. Se, de verdade, están polo labor, e ademais fixo mención a unha proposición que xa aprobamos unanimemente. Polo tanto, acepten a emenda que vén dicir exactamente o mesmo que dixo vostede na súa primeira intervención. E deixe de vender esa sensación de inseguridade ficticia porque temos un dos mellores parques de bombeiros de Galicia, señora Candia, e van seguir traballando en prol da seguridade, e pódolle garantir que os veciños e veciñas de Lugo non están en situación de inseguridade.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Quenda de peche, señora Candia.

D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Mire, as prazas de bombeiros claro que van a unha oferta de emprego público, o que non computan é na taxa de reposición de efectivos. Entón, agradezo moitísimo que o recoñeza, porque xustifica que se non se cubriron durante todo este tempo non foi por ningunha lei estatal que o impedise, senón porque non o consideraron unha prioridade. Dito isto, que están sen cubrir é a realidade. Diríalle o alcalde que non dialogue e que estou na miña quenda de palabra. O que aquí se pide, o que aquí se pide é que se melloren os efectivos, que se lle dea máis medios, que se lle organice o cadro de persoal, que se faga o que lle pedimos hai dous anos e que está exactamente igual, e que volveremos a traer dentro dun ano, por suposto, se segue sen ningún avance, E iso é investir en seguridade, iso non é xerar alarma. Cando non hai efectivos suficientes, o servizo préstase peor, igual que pasa no Servizo de Augas e igual que pasa en moitos servizos deste Concello, porque a materia de persoal é a materia na que nunca se matriculan, que decidiron absolutamente xa non matricularse. Non, non, é que estuden un pouco a ver se aproban, é que xa non se matriculan. É o que pide o Partido Popular é moi clara: unha estrutura de mandos, técnica e operativa, unha cobertura efectiva de prazas, un apoio administrativo, un calendario dos procesos selectivos e a cobertura de prazas; mellorar o investimento nos medios e, por

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

suposto, aprobar un plan anual de formación, que vostedes recoñecen ou que di que están facendo iso. O que lle pedimos é que metan unha marcha.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, rematou o tempo. Pois, eu, en realidade, coincido con ambas as voceiras en que o servizo como outros en todas as subministracións necesitan melloras, pero, desde logo, eu creo que no está en solfa nin en discusión a seguridade nin o funcionamento e, por tanto, non deberíamos crear ningún tipo de alarma porque sería infundada. Buscar solucións si, e alarmar non. Grazas ao traballo que dicía dos nosos compañeiros anteriores que fixeron un excelente traballo e grazas ao excelente traballo que se está facendo agora, asegúrolle que estamos acadando grandes resultados e grandes avances, sempre contando coa participación de todo o colectivo implicado. Por tanto, está claro que o tomamos en serio, que estamos traballando niso. E como sería serio tamén pola súa parte aceptar esa emenda que vén recoller, como moi ben dixo a voceira, precisamente moitas das opinións e dos argumentos que vostede, que vostede expuxo. Por tanto, agardamos esa responsabilidade que nos acepte a emenda e, polo tanto, poidamos votar a favor. Votamos. Falta...? Acéptase a emenda?, pois logo votamos coa emenda aceptada.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

10/22 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2026, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2026/G004/000076).- En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran na Secretaría Xeral (Vicesecretaría), dende o día 14 de xaneiro de 2026, coa numeración 172/2026 a 1044/2026, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2026.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

EDUCACIÓN

11/23 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO 2025/J012/000070.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o

informe proposta da xefa do Servizo de Educación, do 13 de febreiro de 2026, conformado pola concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, que é do seguinte teor:

Antecedentes

1. O Pleno do Concello de Lugo, en sesión ordinaria do 27/11/2025 acordou aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Consello Escolar Municipal.
2. O expediente someteuse a información pública mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 284, do 12/12/2025, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal durante un período de 30 días hábiles.
3. Visto o informe da xefa de Negociado de Rexistro do 10/02/2026 do teor literal seguinte:
"EXPEDIENTE 2025/J012/000070
Consultados os datos do Rexistro Xeral, do Rexistro Telemático de Entrada de documentos deste Concello e da Oficina de Intercambio, non constan alegacións ao expediente de referencia."

Consideracións xurídicas

Os artigos 49 e 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establecen o procedemento de aprobación das ordenanzas e regulamentos locais.

Conforme ao anterior, PROPOÑO:

PRIMEIRO: Dar conta ao Pleno da Corporación da aprobación automática da modificación do regulamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Lugo trala aprobación inicial acordada en sesión ordinaria do 27/11/2025, por non terse presentado alegacións durante o período de exposición pública.

SEGUNDO: Publicar no BOP o texto íntegro do regulamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Lugo que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

"REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

CAPÍTULO 1.- FINALIDADE, COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS

Artigo 1.- O Consello Escolar Municipal configúrase como un órgano de consulta e participación da cidadanía, organismos e sectores afectados pola programación xeral do ensino dentro do termo municipal de Lugo. Terá como finalidade o

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

asesoramento e a elaboración de propostas á corporación municipal sobre todos os aspectos do ensino non universitario que incida nos intereses da veciñanza.

Artigo 2.- O Consello Escolar Municipal estará integrado por:

Presidente: alcalde ou alcaldesa ou concelleira/o en quen delegue.

Secretaria/o: a/o do Concello ou, por delegación súa, unha funcionaria ou un funcionario do Concello ou da administración docente en quen concorra o requisito de idoneidade.

Conselleiras/os:

a) 10 profesoras/es dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia, que propuxeran os sindicatos ou asociacións profesionais proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente, no termo municipal, distribuídos da seguinte maneira:

6 profesoras/es do ensino público

4 profesoras/es do ensino privado ou concertado

b) 6 nais ou pais de alumnado proposto pola Federación de Asociacións de Nais e Pais: 4 pertencerán ao sector do ensino público e 2 á privada ou concertada. De non existir federacións en calquera dos dous sectores citados, serán as asociacións de nais e pais de alumnado as que designen a respectiva representación.

c) 4 alumnas/os tanto do ensino público como privado ou concertado elixidas/os polo persoal representante do alumnado en consellos escolares dos centros existentes no municipio, na forma que se expresa no capítulo 4 deste regulamento.

d) 10 representantes dos distintos sectores implicados no ensino non universitario, que serán os seguintes:

2 representantes dos centros públicos que impartan educación infantil ou primaria propostos polo conxunto de directores/as

2 representantes dos centros públicos que oferten ensinanzas de educación secundaria propostos polo conxunto de directores/as

1 representante das e dos titulares dos colexios privados ou concertados propostos polo conxunto de directores/as

1 representante dos Movementos de Renovación Pedagóxica elixido entre estes

1 representante da Inspección de Educación, que será o/a presidente/a da Comisión de Escolarización de Lugo

1 representante da Unidade Técnica da consellería competente en materia de Educación

1 arquitecto/a técnico municipal

1 pedagoga/o municipal

e) 1 representante da consellería competente en materia de Educación

Artigo 3.- Será función do Consello Escolar Municipal a emisión de informes e propostas nas seguintes materias:

a) Convenios e acordos de colaboración coa consellería competente en materia de Educación ou con calquera outra Administración pública que afecten ao ensino non universitario dentro do termo municipal.

b) Actuacións e normas municipais que lles afecten aos servizos educativos municipais complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos

centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza, conservación e vixilancia de edificios.

c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares, coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.

d) Localización de centros docentes dentro do termo municipal.

e) Fomento das actividades tendentes a mellorar a calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación do medio.

f) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación lles outorgue aos municipios.

g) Na programación de investimentos en materia educativa.

h) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.

CAPÍTULO 2

RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DO CONSELLO

Artigo 4.- O consello terá a súa sede no concello de Lugo ou no lugar que se designe por acordo deste, sempre que sexa dentro do termo municipal.

Artigo 5.- Para a válida celebración de sesións requírase que concorran, en primeira convocatoria, un terzo do número legal de integrantes, sempre que entre estes se encontren a presidencia e a secretaría. En segunda convocatoria celebraranse sesións media hora despois da prevista para a primeira, co mesmos requisitos do parágrafo anterior, e sempre que o número de persoas asistentes non sexa inferior a 5.

Artigo 6.- Os debates dirixiraos a presidencia ao seu prudente arbitrio, e os acordos adoptaranse por maioría simple.

Artigo 7.- Os acordos emitiranse en forma de ditame ou proposta. Os ditames entenderanse preceptivos e non vinculantes.

Artigo 8.- O voto é persoal, salvo os supostos de substitución, intransferible e non suxeito a prazo, condición ou modo. Cada integrante, excepto quen exerza a función de secretaría, terá un voto, emitido de forma ordinaria, que se manifestará por signos convencionais de asentimento, desistencia ou abstención. En caso de empate, realizarase unha nova votación e de persistir, decidirá o voto de calidade do presidente ou presidenta.

Artigo 9.- O consello celebrará sesión ordinaria dúas veces ao ano, nas datas que determine este, e extraordinaria cando o ordene a presidencia, ben por iniciativa propia, ou a pedimento dun terzo das súas persoas integrantes.

Artigo 10.- As convocatorias cursaráselle a quen forme parte del con dous días de anticipación, salvo o caso das convocatorias de sesións extraordinarias e urxentes.

CAPÍTULO 3

MANDATO, SUBSTITUCIÓN E REVOGACIÓN DE CONSELLEIRAS/OS

Artigo 11.- O mandato das e dos compoñentes do consello durará 4 anos, e renovarase a medias cada dous anos. O prazo computarase desde a última constitución do consello.

Se transcorrido este prazo non fose posible a súa renovación total, continuarán nos seus cargos as e os membros non renovados ata a súa substitución polo novo persoal integrante.

Artigo 12.- As concelleiras e os conselleiros que non se elixiran en votación poderán ser revogadas e revogados nos seus cargos pola autoridade que os nomeara. Igualmente, a cada persoa non elixida poderá nomeárselle substituta.

Artigo 13.- Seis meses antes de que expire o mandato darase comezo ao proceso de renovación, de conformidade co disposto no capítulo seguinte.

Artigo 14.- Quen forme parte do consello poderá renunciar aos seus cargos e comunicarllo ao consello no prazo de 10 días. Na próxima reunión do consello, aceptárase a renuncia e instarase a súa substitución.

Artigo 15.- Quen forme parte do consello ten o deber de asistir ás sesións e de darlle coñecemento á presidencia das ausencias coa anticipación suficiente.

CAPÍTULO 4

DO NOMEAMENTO E ELECCIÓN DAS PERSOAS QUE FORMEN PARTE DO CONSELLO

Sección 1ª.- Da designación de integrantes do consello

Artigo 16.- As persoas integrantes do consello que deban ser nomeadas ou designadas pola autoridade, organismo ou entidade determinada por este regulamento, deberán facelo no prazo de 10 días a partir do momento en que reciba requirimento en tal sentido por parte do Concello de Lugo. Se non o fixesen tras un segundo requirimento, entenderase que renuncian ao seu nomeamento.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- En todo o non previsto neste regulamento no que atinxe ao réxime de constitución e funcionamento do consello, celebración de sesións, debates, votacións, estarase con carácter supletorio ao que dispoña a lexislación de réxime local.

Segunda.- No prazo máximo de 3 meses, contados desde a entrada en vigor deste regulamento, iniciárase o proceso electoral a que se refire o capítulo 4 deste regulamento."

TERCEIRO: Este regulamento entrará en vigor aos quince días da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Lugo do acordo plenario de dación de conta da aprobación definitiva automática.

CUARTO: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

INTERVENCIÓN

12/24 DACIÓN DE CONTA AO EXCMO. CONCELLO PLENO DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DE ANÁLISE DOS EXPEDIENTES DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS POLO SERVIZO DE FACENDA LOCAL NO EXERCICIO 2024.- Vista a proposta da Alcaldía, do 11 de febreiro de 2026, na que se pon de manifesto que o artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que *“1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria”*.

En cumprimento da mencionada normativa, o 29 de xaneiro de 2026, a Intervención Xeral Municipal emitíu o Informe Definitivo de Control Financeiro de análise dos expedientes de devolución de ingresos polo Servizo de Facenda Local no exercicio 2024 (Ref: 2026/75).

En virtude de todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou enterado do Informe Definitivo de Control Financeiro de análise dos expedientes de devolución de ingresos polo Servizo de Facenda Local no exercicio 2024 (Ref: 2026/75).

TESOURERÍA

13/25 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2025.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 12 de febreiro de 2026 que, a continuación e literalmente, se transcribe:

Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dase conta ao Pleno da Corporación do Informe de morosidade correspondente ao cuarto trimestre de 2025 emitido pola Tesoureira Municipal en data 29 de xaneiro de 2026 e que literalmente dí:

«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO CUARTO TRIMESTRE DE 2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- *Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego*
- *Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*
- *Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*
- *Lei 11/2013, de 26 de julio, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*
- *Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da debida comercial no sector público.*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).*
- *Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*
- *Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.*

INFORME.

PRIMEIRO. A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define ésta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da debida comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro,

pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramento de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o decheño automático de xuros da débeda impagada.

Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que si pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.

Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores. Asimesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.

SEGUNDO. *O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que*

«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos

das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».

TERCEIRO. Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 31 de decembro de 2025, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

1. Obrigas pagadas en prazo.

No cuarto trimestre do ano 2025 realizouse o pagamento de 2.628 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 20.892.405,15 euros. De ditas facturas, 1.024 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 16.567.306,73 euros.

O número de facturas pagadas en prazo supón o 38,96%do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 79,30 %do total pagado.

2. Obrigas pagadas fora prazo.

No cuarto trimestre do ano 2025 realizouse o pagamento de 2.628 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 20.892.405,15 euros. De ditas facturas, 1.604 foron pagadas fóra do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascendeu a 4.325.098,42 euros.

O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 61,04% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 20,70% do total pagado.

3. Período medio de pago.

O período medio de pago (PMPE) é de **63,39 días**.

4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 31 de decembro de 2025 1.716, que representan un importe global total de 7.505.619,96 euros.

Das anteditas facturas, 523 por importe de 6.515.256,83 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 1.193 restantes por importe de 990.363,13 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.

5. Período medio de pago pendente.

O período medio de pago pendente (PMPP) é de **47,35 días**.

6. Xuros de demora.

Durante o cuarto trimestre de 2025 aboáronse xuros de demora por importe total de 5.212,25 euros.

7. Períodos medios de pago mensuais:

Os períodos de PMP consolidados incluídos son os seguintes:

Períodos de PMP incluídos	PMP (días)
Outubro 2025	6,82
Novembro 2025	4,68
Decembro 2025	4,72

CUARTO. Respecto aos datos de Evislusa, o período medio de pago (PMPE) é de **11,34 días**, e o período medio de pago pendente (PMPP) é de **9,00 días**.

QUINTO. De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.

SEXTO. Os datos do cuarto trimestre 2025 reflicten un mantemento dos datos do trimestre anterior na tramitación e pago das facturas, pero aínda superando o PMPE os 60 días (63,39). Respecto aos pagos dentro do prazo legal, diminúe a porcentaxe de facturas pagadas dentro do prazo legal e increméntase o importe pagado dentro deste; as porcentaxes de facturas e importes pagados fóra de prazo increméntanse e diminúen respectivamente, e respecto ás facturas pendentes, diminúe o PMPP ata os 47,35 días, debido fundamentalmente á tramitación e pago neste trimestre dun elevado volume de facturas de subministración eléctrica moi atrasadas.

Ditos datos reflicten que non hai mellora neste trimestre na tramitación das facturas, xa que o PMP mantense moi por debaixo de 30 días. Extraídos os datos das facturas rexistradas de entrada e anotadas respecto ás que o último día do 4º trimestre de 2025 transcorreran máis de tres meses sen que foran obxecto de recoñecemento da obrigación remitido á Intervención Municipal, compróbase que acadan un importe de 367.579,77 euros, reflectindo unha diminución importante respecto ao 3º trimestre, debido esencialmente ao traballo desenvolto al final do exercicio para recoñecer o maior número de obrigas posibles.

O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para altera-los datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. Igualmente, existen facturas de subministración de electricidade de exercicios anteriores que figuran pendentes de pago e **das que resulta preciso levar a cabo unha labor de depuración** das mesmas en colaboración co servizo correspondente.

E non se pode esquecer que existen tamén outras facturas pendentes de pago de exercicios anteriores que tamén foi preciso levar a un recoñecemento extraxudicial de créditos a aprobar polo Pleno, polo que **resulta preciso que por parte das Áreas Xestoras se extreme a dilixencia debida na prestación de conformidade ás mesmas e na xestión dos gastos de forma que non queden pendentes facturas por falta de crédito axeitado e suficiente tanto de exercicios anteriores como no presente**.

A maiores a execución do gasto sen consignación orzamentaria suficiente, provoca a estas alturas de exercicio que consten facturas que, conformadas

pola Área Xestora correspondente, non poidan continuar a súa tramitación, incrementando o período legal de pago.

Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días**. De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a conformidade das facturas ata o seu pago efectivo, **o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos**. Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello **coaduxan á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas**.

Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade seguen a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na tramitación administrativa das facturas que debe continuar mellorando.

SÉTIMO. Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en cuantía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademáis de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.

Este reparto que permite unha estabilidade na liquidez da Tesourería non resultou xa suficiente en determinados períodos do exercicio en exercicios anteriores, o que poñía de manifesto a insuficiencia dos ingresos do Concello con carácter xeral e estrutural, tal e como se viu nos resultados da liquidación de 2023 e se indicou nos informes da Intervención Municipal á mesma. Aínda así, no exercicio 2025 notouse unha mellora derivada, entroutros factores, da sensible mellora experimentada con medidas de contención do gasto, así como do incremento de determinados impostos e taxas (IBI e auga e lixo), pero tamén dos elevados importes ingresados correspondentes a proxectos financiados con recursos alleos cuxas obrigas foron imputadas a exercicios anteriores, o que conlevou as dificultades no exercicio 2024 ao anticipar recursos e a mellora no 2025, tal e como reflicte o informe da Intervención Municipal á liquidación do exercicio 2024.

Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no cuarto trimestre de 2025 segue estimando que se garantiza a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes, pero este atópase cada vez máis axustado.

Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada (prestación de conformidade á mesma ou rexeitamento) para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta

entidade, e un maior control do gasto que impida a execución de gastos sen consignación orzamentaria suficiente».

Á vista do anterior a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

14/26 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓN DE TESOURERÍA DO MES DE XANEIRO DE 2026.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de XANEIRO de 2026, coa numeración 1/2026 a 6/2026.

Do 01 ao 31 de XANEIRO de 2026 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2026/ T030/000001	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo ARTURO TRABADA ARIAS IVTM/24 nº recibo 12199684	2026/1	05/01/2026
2026/ T030/000003	Resolución Tesourería.- Recurso de reposición dilixencia de embargo soldos e salarios de DIANA BRITO BUENO orixinado polos recibos IVTM 2012-2015 matrícula B5140SL (Expte executivo 2011EXP47006589)	2026/2	13/01/2026
2026/ T030/000002	Resolución Tesourería.- Recurso reposición contra providencia de constrinximento de RICARDO SEGUNDO CORRAL LAGO do recibos 12147562 e 12147519 do IVTM/24 (Matrículas 6913GDR e 6325GHF)	2026/3	13/01/2026
2026/ T030/000004	Resolución Tesourería.- Recurso reposición contra requerimento de pago por execución de HLT QUIRINO & BROKERS ASOCIADOS CORREDURÍA DE SEGUROS SL (Exp.47010000058373)	2026/4	19/01/2026
2026/ T030/000005	Resolución Tesourería.- Rehabilitación a voluntaria DACARPA GESTION PATRIMONIAL SL das liquidacións 12476667-12599593 na Ronda da Muralla, 98 bx	2026/5	28/01/2026
2026/ T030/000006	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de apremio e dilixencia de	2026/6	30/01/2026

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal/jbn

Ref: 26ap032602

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-2-2026

	embargo Ariana Celeste López González dos recibos nº 11986508, 12058245 e liquidación 12525361.		
--	---	--	--

De todo o cal a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 93/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE IMPULSE E EXECUTE UNHA SOLUCIÓN DEFINITIVA AO ASOLAGAMENTO NO CAMIÑO DE CASÁS.- Visto o citado rogo expresivo do seguinte:

Fai aproximadamente un ano, o goberno local comprometeuse a dar solución ao problema existente no barrio de Casás coa fonte situada na contorna do camiño de Casás, co obxectivo de evitar que a estrada se asolague e que a auga discorra pola calzada.

Porén, a situación continúa reproducíndose e, durante o inverno, coas choivas, convértese nun episodio recorrente que xera unha circulación de auga constante pola vía. Este feito supón un risco evidente para a seguridade viaria e peonil, ao incrementar a probabilidade de derrapaxes e caídas, especialmente en motocicletas e bicicletas, e ao poder producirse xeadas en días fríos, elevando aínda máis o perigo de accidente. Ademais, a presenza continuada de auga acelera a deterioración do firme e dificulta o tránsito normal.

Cómpre lembrar que, con carácter xeral, o texto refundido da Lei de augas considera as augas continentais como parte do dominio público hidráulico e subordinadas ao interese xeral, aínda que o Código civil contempla determinados supostos de augas que nacen e discorren por predios privados. En todo caso -e isto é o esencial- a discusión sobre a titularidade da fonte non pode servir de escusa cando existe unha afección directa á vía pública e un perigo viario obxectivo: o Concello ten a obriga de actuar para garantir a seguridade e a integridade da estrada, con independencia de onde se orixine a saída de auga.

En consecuencia, resulta imprescindible unha actuación efectiva e inmediata para eliminar ou minimizar esta situación de risco no camiño de Casás.

Por todo o exposto, rógaselle ao goberno municipal que, con carácter urgente, impulse e execute unha solución efectiva e verificable para evitar a saída de auga e o asolagamento no camiño de Casás, fixando un calendario concreto de execución ata a completa resolución do problema.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, ten a palabra o señor Vázquez.

D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Buenos días. Muchas gracias, señor alcalde. Hace aproximadamente un año, el gobierno se comprometió a dar solución a un

problema que existe en el barrio de Casás. Hay una fuente que es de titularidad privada, así nos lo manifestaba también además el concejal señor Bustos, que en una pregunta traída aquí a comisión. La realidad es que existen unas inundaciones que son recurrentes, que son permanentes, lo cual provoca una serie de peligros que están a la vista de todo el mundo, tal cual además se pudieron apreciar y se pueden comprobar si ustedes tienen la oportunidad de visitar la zona: riesgos de caídas, riesgos de derrape, sobre todo cuando hay heladas. Este peligro se acrecienta lógicamente, y, además, con las lluvias existentes y el agua bajando de una forma descontrolada, como lo está haciendo, lo que provoca es el deterioro del firme de una forma recurrente y permanente. Indudablemente, como les decía antes, el concejal señor Bustos nos aseguraba, y así era porque lo hemos comprobado que esa fuente donde nace el agua es de titularidad privada. De todas formas, cabe recordar que con carácter general el texto refundido de la Ley de Aguas considera a las aguas continentales como parte del dominio público hidráulico y subordinadas al interés general. Bueno, lo esencial aquí estaremos de acuerdo es que no es lo importante, no es lo esencial, no es la titularidad de la fuente, sino que eso no puede ser una excusa para mantener una situación que agrava, como he dicho, el hecho de que de una forma recurrente el agua esté descendiendo y provocando, pues, estas molestias a todos los vecinos. Por tanto, y por todo lo expuesto, se arroga al gobierno municipal que con carácter urgente impulse y ejecute una solución efectiva y verificable para evitar la salida de aguas e inundaciones en el camiño de Casás, fijando un calendario concreto de ejecución hasta la completa resolución del problema. Muchas gracias.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señor Vázquez. Contesta o señor Bustos.

D. JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde. Señor Vázquez, a verdade é que a súa insistencia coa fonte merece que lle chamemos a fonte do señor Vázquez, porque madre mía. Dilucidamos que primeiro era municipal, logo non era municipal, está nunha parcela privada, e a verdade é que xa por insistencia. Ben, despois de falar cos técnicos que consideran ao final o aparcadoiro da avenida Breogán que o tema de formigón que é impermeable, toda a auga que desliza cara ás hortas de abaixo é o que está a facer que sexa, que saia un regueiro natural por unha parcela privada que causa esas charcas que se ven nas curvas. Pero, ben, por insistencia, comprométome ir con vostede a semana que vén e cun técnico para que lle explique exactamente que está pasando alí, de acordo?, porque xa é a cuarta, quinta ou sexta vez que vén esta pregunta aquí, e xa non sabemos como explicarllo.

EXCMO. SR. ALCALDE: Logo deste ofrecemento de traballo en equipo que se agradece. Pasamos ao seguinte rogo.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 94/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO DESENVOLVEMENTO DA OBRA

DE HUMANIZACIÓN NO TRAMO ENTRE AS RÚAS MALLORCA E XULIA MINGUILLÓN.- Visto o antedito rogo do seguinte teor:

A veciñanza da contorna da rúa Milagrosa leva tempo trasladándolle a este Grupo Municipal a súa preocupación polo desenvolvemento da obra de humanización no tramo entre Mallorca e Xulia Minguillón, ao entender que se iniciou sen unha planificación integral e sen abordar unha cuestión clave: os problemas recorrentes da rede de saneamento.

Por ese motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular levou ao Pleno unha iniciativa para incorporar a renovación do saneamento e atender as demandas veciñais, pero foi rexeitada polo goberno local. Ante a falta de solucións efectivas, solicitámoslle amparo á Valedora do Pobo, advertindo da necesidade de garantir unha actuación completa, eficiente e acorde cos principios de boa administración.

Pola súa banda, a veciñanza comezou unha recollida de sinaturas e solicitudes reiteradas para que o Concello aproveitase a apertura da rúa para renovar o saneamento pedíndolle tamén amparo á Valedora do Pobo.

Nos últimos meses, a información pública xerou máis incerteza: anunciouse que o Concello aceptaba finalmente cambiar todo o saneamento, pero na Xunta de Goberno Local que se celebrará o próximo 18 de febreiro de 2026 un dos puntos desta é a incoación de expediente de resolución do contrato por demora no cumprimento de prazos. Esta decisión posiblemente lles creará novas dilacións cos conseguíntes prexuízos á veciñanza e comerciantes.

Baseándose no anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, un rogo para que o goberno local garanta o saneamento, aprobe o modificado, e informe da situación na que se encontra a obra e a data de remate prevista.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, señor Cabarcos.

D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Co seu permiso, señor alcalde, comezo os primeiros segundos dicindo que, no caso de que na miña anterior intervención tivese algunha expresión que fose ofensiva, que quero desculparme por iso. Eu non teño claro de que existise, pero se existiu foi froito da vehemencia de ver que non me daba explicado para que, sobre todo, os veciños non marcharan de aquí coa idea de non van ter a mellor das solucións posibles que xa van ter, e que o seu desexo é lexítimo e honesto, que lles podo explicar todas cantas posibilidades hai. Estarán de acordo comigo que a obra terminará e que os residentes estarán moi satisfeitos con ela. En todo caso, agora trátase de falar da peonalización, obras de humanización da rúa Milagrosa. Xa hai moito tempo que falamos disto, e que evidenciamos que o maior problema que existían nesta rúa relacionábase coa infraestrutura que tiña que ver co saneamento. Naquel intre parecía non estar clara a situación para o goberno municipal e poñían a esperanza en que as obras que estaban proxectadas foran suficientes ou, en todo caso aparecerá unha forma de arranxalas dun xeito que, dun xeito menor que non obrigase á reposición do saneamento. Pasado o tempo, parece ser que o que nós dicíamos que resultaba tecnicamente moi difícil facelo doutro xeito. Asímesa como

lórico, como normal, e que se vai levar a cabo unha reposición do saneamento dándolle as pendentes axeitadas e conectando coas rúas de ida e de saída desta infraestrutura. Entón, agora o que nos atopamos é con que na Xunta de Goberno pois deciden, supoño que haberá un motivo que o lexitimara, rescindir o contrato coa empresa construtora, creo que por exceder os prazos do contrato, para poder entendo que contratar outra empresa e acometer novamente as obras que, segundo din xa contemplan esta infraestrutura feita novamente. Entón, dada a incerteza que supón tanto tempo de obra e os veciños preocupados por saber cal é o alcance das obras, cal é a solución, cal é o tempo de remate, o noso rogo, que vén dicir é que lle solicitamos, pois iso, rogamos que os veciños sexan coñecedores, a través da súa resposta, da situación na que está esta obra, o alcance da mesma e os prazos nos que se pode desenvolver.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Ten a resposta o señor Alex Penas.

D. ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Moita grazas. Moitas grazas, señor alcalde. En primeiro lugar, no seu escrito falan de que había unha deficiente planificación, pois eu nego a maior. Eu creo que houbo unha planificación moi ben feita por parte dos funcionarios deste Concello co fin final de garantir o ben público. Todo está completamente documentado e avaliado por mecanismos que ten esta Administración. E tamén me estraña moitísimo que fale nesta rescisión do contrato da empresa que algún motivo haberá? Pois haberá, como oito ou nove informes que teñen as 25 persoas chegamos aquí o acceso a eles paralelos en Xunta de Goberno, e me parece que vostedes non o leron, porque se o leron preocúpame moitísimo máis, aí ver por que? Queda explicado. Acábo dicir vostede, é que non sabe, que non sabe por que? Nesos informes dunha maneira pormenorizada, funcionarios de Enxeñaría, o propio xefe de servizo de Enxeñaría, a parte da directora de obra, dirección técnica contratada, todos explican o que lle foi pasando á obra dunha maneira moi pormenorizada. Que se se garante o saneamento, que pregunta no seu rogo? Se leran eses informes, di claramente que si, iso si cos parámetros que marca a Lei de contratación do sector público. Nesos informes, en varios deles, hai sete ou oito que puideron lellos, se non foron demasiado vagos, fala de que sobre un seis ou un sete por cento o orzamento inicial hai que incrementalo para completar ese saneamento e que se vai facer. O que non imos facer é saltarnos a Lei de contratación, como vostedes piden neste escrito e como andan dicindo en diferentes foros, interventores e outro persoal do Partido Popular, porque sería prevaricar e sería unha ilegalidade que di a Lei da contratación pública cando esas unidades están contempladas e non supera o 10%, porque se pode facer, como así están en todos os informes que se leron, saberían, e non tería que traer este rogo aquí outro [...] sería prevaricación. Outra cosa é que preguntan é que vai pasar? Ben, pois, efectivamente, si que se chegou á resolución do contrato, porque durante todo o contrato, e despois de moitos informes, sobre 60 ou 70, o seguimento da obra se viu sen complementos de atrasos constantemente da empresa, o que parece é que semellaba unha falta de solvencia para realizar a obra. Entón, nós creo que xa lle contestei, si que me parece que o Partido Popular

que fixo un fraco favor aos veciños creando, sempre, unha idea negativa desta obra cando todo está escrito e está documentado. Eu creo que é a liña que ten o Partido Popular en xeral neste Concello. Son ben alumnos do que é a súa xefa de organización, Paula Prado, esa que levaba diñeiro das empresas, ou iso se gravou, que eran regalos “de la hostia”, e agora están insinuando que se pague moito máis a esta empresa sen ler os informes que están en Xunta de Goberno, o que me parece indecente. Tamén está a sombra de dúbida, desde logo, que é normal que haxa sombra de dúbida cando o PP fala de obras, porque acabamos de velo en Alacante, como reparten vivendas entre os seus militantes, cando vostedes están en obra pública. Nós desde logo non o imos facer. Nós coa lei na man.

EXCMO. SR. ALCALDE: Señor Pena rematou o seu tempo. Por favor, grazas, señor Penas. Eu quero darlle as grazas tamén ao señor Cabarcos por esas palabras que eu creo que non só o honran a el, senón a todos nós pola imaxe que trasladamos. De verdade, é que moitas grazas. Non sei se imos estar debatendo...

D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: ...afirmacións tan duras por parte do señor Penas, e prégolle que retire o de Canosa, secretario de organización levaba as mans cheas de diñeiro para a súa casa. Creo que igual que recoñeceu as desculpas do señor Cabarcos é moi feo iso que denuncia.

EXCMO. SR. ALCALDE: Dito iso... tivo ocasión de manifestalo publicamente. Queda dito, e aquí cadaquén asumirá o que corresponda. Non sei se podemos... retiramos iso do Pleno.

D. ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Eh, alcalde, mira, o que quixen dicir é que a súa secretaria de organización se a gravou presumindo dos regalos “de la hostia”, textualmente, que daban empresas, textualmente, iso está gravado. O señor Feijóo a apartou, e agora nesta nova dinámica de extrema dereita que teñen vostedes a volveron a recuperar, e é na dinámica que vostedes traballan coas empresas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Parece que quedou suficientemente aclarado, señora Candia. Continuamos, continuamos co seguinte rogo.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 95/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO SUCEDIDO NA DEPURADORA DE MEILÁN E AS MEDIDAS QUE SE ESTÁN A ADOPTAR ANTE OS ÚLTIMOS EPISODIOS ACONTECIDOS NAS DISTINTAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.-
Visto o referido rogo cuxo texto é do seguinte teor:

Nos últimos días, tivemos coñecemento de que as instalacións da Depuradora de Augas de Meilán foron obxecto dun espolio, aparecendo ademais numerosa documentación tirada na contorna do edificio, feito especialmente grave polo que implica en termos de custodia de información, seguridade e responsabilidade municipal.



Este episodio súmase a outros danos sufridos en instalacións municipais recentemente, como no Local Social de Meilán ou na Escola Rural de Santa María Alta, xerando unha evidente preocupación veciñal e unha sensación de abandono e falta de protección do patrimonio público.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta un rogo a Pleno para que o goberno municipal informe do sucedido na Depuradora de

Meilán, así como das medidas que está a adoptar ante os últimos episodios acontecidos nas distintas instalacións municipais.

EXCMO. SR. ALCALDE: Formula o rogo a señora Rubinos, cando queira.

D.^a FLORA RUBINOS ROIS: Nos últimos días tivemos coñecemento de que as instalacións da Depuradora de Augas de Meilán foron obxecto dun acto vandálico, aparecendo ademais diversa documentación tirada no exterior do edificio. Trátase dun feito de especial gravidade, tanto polos danos ocasionados nunha infraestrutura municipal como polas implicacións que supón en materia de seguridade, custodia documental e responsabilidade patrimonial do Concello. Este episodio súmase a outros actos vandálicos e danos rexistrados recentemente noutras dependencias municipais, coma no Local Social de Meilán ou a Escola Rural de Santa María Alta, o que está a xerar unha lóxica preocupación entre a veciñanza e unha sensación de falta de protección do patrimonio público. A reiteración destes feitos pon de manifesto a necesidade de reforzar as medidas de vixilancia, control e mantemento das instalacións municipais, así como de garantir unha correcta xestión e custodia da documentación que podía atoparse nas mesmas. Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular formula o seguinte rogo: que o goberno municipal informe ao Pleno de maneira detallada sobre os feitos acontecidos na Depuradora de Meilán, as actuacións realizadas tras o acto vandálico, as posibles responsabilidades derivadas e as medidas concretas que se van adoptar para reforzar a seguridade e evitar que se repitan situacións similares noutras instalacións municipais. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Grazas señora Rubinos.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 96/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO LOCAL INFORME EN RELACIÓN COA PETICIÓN DA VALEDORA DO POBO RESPECTO DO CENSO DE INSTALACIÓNS E LOCALIZACIÓNS CON AMIANTO.- Visto o antedito rogo que é do seguinte teor:

No pasado mes de decembro, a Valedora do Pobo de Galicia remitiulle un escrito ao Concello de Lugo, no marco do expediente C.8.Q/16065/23, no que se pon de manifesto que este Concello non tería elaborado, dentro do prazo legalmente establecido, o censo de instalacións e localizacións con amianto nin o calendario para a súa retirada, tal e como obriga a disposición adicional décimo cuarta da Lei 7/2022, de residuos e solos contaminados.

No devandito escrito recórdase, ademais, que as instalacións de carácter público con maior risco deberán estar xestionadas antes do ano 2028 e solicítaselle ao Concello información concreta sobre as actuacións realizadas ou previstas para dar cumprimento a esta obriga legal.

Baseándose no anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, un rogo para que o goberno local informe da razón pola que non elaborou en tempo e forma o censo de instalacións con amianto, nin o calendario

de retirada esixidos pola Lei 7/2022, e que actuacións concretas se levaron a cabo dende a recepción do escrito da Valedora do Pobo, así como o estado real no que se atopa actualmente a planificación para a retirada do amianto nas instalacións municipais.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben formula a pregunta, rogo, perdón, a señora Goás.

D.^a AURORA AIDA GOÁS CASTRO: Bo día, no pasado mes de decembro, a Valedora do Pobo de Galicia remitiu un escrito ao Concello de Lugo no marco do expediente C8Q/16065/23, no que se pon de manifesto que este Concello non tería elaborado dentro do prazo legalmente establecido o censo de instalacións e localizacións con amianto nin o calendario para a súa retirada, tal e como obriga a disposición adicional 14^a da Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados. No devandito escrito recórdase que as instalacións de carácter público con maior risco deberán estar xestionadas antes do ano 2028, e solicitaráselle ao Concello información concreta sobre as actuacións realizadas ou previstas para dar cumprimento a esta obriga legal. O Grupo Municipal do Partido Popular pregunta: Pode explicar o goberno municipal por que o Concello de Lugo non elaborou en tempo e forma o censo de instalacións con amianto nin o calendario de retirada exixidos pola Lei 7/2022?, que actuacións concretas se levaron a cabo desde a recepción do escrito da Valedora do Pobo?, e en que estado real se atopa actualmente a planificación para a retirada do amianto nas instalacións municipais? Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Goás e contesta a señora Abelleira.

[Inaudible a señora González Abelleira]

Pasamos logo á primeira das preguntas.

PREGUNTAS

A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 97/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONTRATO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.-

Vista a citada pregunta expresiva do seguinte:

Á vista das incidencias reiteradas na prestación das actividades extraescolares -cancelacións e interrupcións por falta de persoal, períodos sen servizo en centros e queixas por seguridade e falta de material- resulta imprescindible coñecer, con claridade e a día de hoxe, se o Concello mantén o contrato tal e como está, se o ten en trámite de penalización ou resolución, e que decisión adopta respecto dunha posible prórroga, garantindo en todo caso a continuidade dun servizo clave para a conciliación das familias.

Baseándose no anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

En que situación administrativa está o contrato das actividades extraescolares (vixente, penalizado ou en resolución) e cal é a decisión do goberno sobre a súa prórroga e, que garantías inmediatas ou que calendario de saída formula para asegurar a continuidade do servizo?

EXCMO. SR. ALCALDE: Ten a palabra o señor Vázquez.

D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Muchas gracias, señor alcalde. En primer lugar, una pequeña reflexión: todos nos preocupamos por el bien de las personas a las que amamos, especialmente nuestros niños, nuestros adolescentes y nuestros jóvenes, porque al final es de ellos de quien depende el futuro de nuestras ciudades. Indudablemente, aquí existe una serie de responsabilidades educativas, responsabilidades educativas que vienen en primer dadas, pues probablemente siempre por las familias, por los padres, también por los centros educativos, también por los propios profesores, pero indudablemente también por las administraciones. Una Administración que, desde luego, no ha estado a la altura de las circunstancias, visto lo que ha ocurrido, que han sido ausencia de monitores, retrasos de los mismos en la llegada a las distintas actividades extraescolares, falta de material, custodia por parte de los propios monitores del alumnado, lo cual requiere hacérselo mirar, porque es una falta realmente grave, o problemas con los pagos que ustedes mismos han reconocido con las propias empresas, aún en este caso, problemas con los pagos de la empresa con los monitores. La realidad es que decía antes la señora Ferreiro, y coincido con ello, que hay que exigir servicios públicos de calidad, en este caso en los servicios públicos de calidad para 1.500 familias, de acuerdo, que no están recibiendo ese servicio de calidad. Un servicio de calidad que tiene que ser educativo y, desde luego, a nivel de conciliación de las propias familias. Han privatizado ustedes el servicio. Se han despreocupado completamente de ellos. Y a lo largo de estas semanas hemos visto varias versiones, la primera de ellas decían que iban a mantener el contrato hasta el día 31 de mayo y esta misma mañana yo leí en prensa y entrecomillo: “estamos dándole prioridad a un novo contrato para que se incorpore outra empresa o antes posible”. Por tanto, hoy la pregunta viene completamente a colación: ¿en que situación administrativa está o contrato das actividades extraescolares: vixente, penalizado ou en resolución, e cal é a decisión do goberno sobre a súa prórroga, e que garantías inmediatas ou que calendario de saída formula para asegurar a continuidade dos servizos? Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Buide. Cando queira.

D.^a IRIA BUIDE PENA: Ben, en primeiro lugar eu teño que dicir que a ver, desde o Servizo da Educación dende que tivemos coñecemento desta situación, o que priorizamos foi buscar unha solución que non implique a resolución prematura do contrato, porque isto afectaría á conciliación. E é certo que está habendo deficiencias no servizo que intentamos paliar coas armas que temos, pero non queremos retirar esa posibilidade para os centros e as actividades que non se están

vendo repercutidos. No caso da situación administrativa do contrato, o contrato actualmente conta cunha sanción e estase traballando en propoñer unha segunda sanción, no caso de que non se solucionen todos os incumprimentos que se están dando. E ademais disto, é certo, redactouse un novo prego que está en trámites administrativos, e esperamos que se poida contar cunha nova empresa no prazo máis áxil posible. E tamén, mentres isto sucede e para evitar, intentar paliar os inconvenientes que está xerando o mal funcionamento desta empresa ou deste contrato, estamos traballando buscando outras alternativas ata que ese novo contrato se poida licitar.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Buide. Pasamos logo á seguinte pregunta.

B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 98/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA FIRMA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REURBANIZACIÓN DE SERRA DE MEIRA.- Vista a antedita pregunta do seguinte teor:

O pasado 14 de outubro de 2025, celebrouse unha reunión entre o alcalde de Lugo e a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas en Santiago de Compostela para abordar o texto do convenio de colaboración para a reurbanización de Serra de Meira. Nesta reunión, os representantes municipais manifestaron a súa conformidade co convenio proposto e co proxecto, pero a día de hoxe o convenio segue sen firmarse.

Por iso, e ante o atraso inxustificable na firma do convenio, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o Pleno a seguinte pregunta:

Procede o sr. alcalde á firma do convenio para poder levar a cabo o proxecto de Serra de Meira?

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, formula a pregunta a señora Candia.

D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas de novo. Rematadas as obras que executou o Concello coa colaboración da Confederación Hidrográfica para minorar o risco de inundacións en Serra de Meira. Avanzouse no que tiña que ser precisamente a reposición e o proxecto de Serra de Meira. Dígoo, dende logo, nun ton positivo e construtivo, porque era algo que levaba un atraso inxustificable e que, efectivamente, por primeira vez se vía algún avance. O seguinte paso era intervir en Serra de Meira, unha estrada, unha rúa municipal estritamente municipal, ninguén dúbida diso, pero que estaba englobada neste proxecto, e que o financiamento ía ser asumido por parte da Xunta de Galicia. Resumindo moito, porque evidentemente tres minutos non dá para contar toda a historia de 30 anos. Hai unha reunión, o 14 de outubro do 25, onde a señora conselleira, co talante que a define e que ademais é unha persoa supereficiente, a verdade, moi moi traballadora e que intenta dar sempre solución a todo. Puxo a disposición do Concello a aposta, intentou negociar, intentou conseguir un cofinanciamento que o Concello se negou, correctamente, que evidentemente aí están as negociacións. Cada un defende os

intereses e neste caso aplaudo esa decisión de que o Concello non puxera un duro, pero que se diga que non vai poñer un duro, e poñen en marcha o que vai ser a sinatura dun convenio e posteriormente a execución da obra. A obriga da Xunta é aprobar ese proxecto, financiar o 100% desas obras, levar todas as actuacións de contratación, de execución de dirección de obra, e despois, ben, veremos a ver que estamos aínda esperando polo aparcadoiro na avenida Breogán, pero trasladala ao Concello. Ben, a miña pregunta é por que non se asina este convenio que está a firma dende o día 21 de xaneiro?, cando se contacta telefonicamente a información que se nos dá, a primeira desculpa é dos orzamentos, agora dixo antes o señor concelleiro que xa me ían contestar. Era porque non tiñan o proxecto cando isto realmente non é absolutamente necesario. Asinaron Adolfo Suárez e ben escoitou o que dixo o alcalde que tiña.

EXCMO. SR. ALCALDE: Rematou o tempo, señora Candia. Contesta o señor Jorge Bustos.

D. JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde. Primeiro, teño que agradecerlle ao compañeiro Álex Penas, que ten aí unha cronoloxía dunhas cuestións curiosas, porque no ano 2022 di a portavoz do Grupo Popular, Elena Candia, que o Plan Paradaí non é prioritario. Pois mira, alégrome de que unha vez que chega a Lugo por fin vexa as necesidades lucenses, que é prioritario, perfecto. Despois resulta que agora mesmo acaba de contradicirse a vós mesma, porque di: A Xunta está pendente de aprobar o proxecto. Moi ben, dixeches, pero é que despois temos, despois temos as declaracións do delegado da Xunta onde a Xunta di que o proxecto é prioritario, que o Concello debe informar un proxecto consensuado cos representantes das mesmas administracións, pero na seguinte frase di: para axilizar os trámites enviará o proxecto construtivo para que se poida informar. Como imos informar un proxecto que non temos? A Deputación xa mandou unha memoria valorada polo trazado e a sección que vai poñer, de acordo, no tramo dous de Adolfo Suárez, e o tramo un xa ten o proxecto en execución. Firmouse un convenio conforme a unha documentación técnica, pero é que nós non temos nada. Falei eu primeiro, cando fomos a Santiago, coa conselleira, logo chamaron por teléfono, e só podemos contestar que imos informar. Non imos poñer ningún tipo de pega, pero que manden un proxecto. Como vai informar ese estudo de alternativas, señora Candia? Por Deus, o que ten por detrás da proposición na pregunta, é o estudo de alternativas. Pero imos ver, un estudo de alternativas que significa? Que para ver, vale, que tipo de solucións adopta?, que pasa? que nós agora, que se supón que a solución está adoptada, necesitamos o proxecto para informar, porque, se non, como sabe o Departamento de Enxeñaría, o señor Penas, por onde van as tubaxes de abastecemento e saneamento? Como sabe o Servizo de Urbanismo se ten que facer algún tipo de trámite ou expropiación? Ben, pois entón, de acordo, xa que vostede ten toda a información, o único que pedimos é que manden o proxecto, e nós informaremos da maneira máis rápida posible. Non teña dúbida, de acordo? Entón, o primeiro non confunda un estudo de alternativas cun proxecto, e despois non me compare o convenio Adolfo Suárez, onde hai

documentos e hai aprobación técnica, cando aquí non temos nada, É o propio delegado dixo en prensa que o Concello facilitará o proxecto construtivo, vale?, para poder informar, o di o propio delegado. Falen entre vostedes, por favor.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Pois pasamos á seguinte pregunta.

C) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 99/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO DESFRUTE DA PRAIA FLUVIAL NO VERÁN DE 2026.- Visto o referido escrito no que se formula a seguinte pregunta:

No Pleno ordinario do pasado 29/05/2025, o Grupo Municipal do Partido Popular levou a Pleno unha iniciativa para que o Concello de Lugo convoque un grupo de traballo para estudar a situación da praia fluvial na contorna dos Robles, na que o goberno local votou en contra.

Baseándose no anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno a seguinte pregunta:

Que traballo ten feito o goberno local dende o Pleno do pasado mes de maio para que os lucenses poidan desfrutar no verán do 2026 da praia fluvial?

EXCMO. SR. ALCALDE: Fale logo a señora Candia de novo cando queira.

D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: A ver se me esforzo porque para entender primeiro hai que atender. Entón preguntei porque non se firmaba o convenio, non porque non se informaba o proxecto. Cada un contesta o que quere. Manzanas doy, pero as traio. Neste caso imos facer a seguinte pregunta, que vaia por diante, e neste asunto tamén, que é importantísimo que pregunten en todos os departamentos, pero fai un rato estábanos acusando de intentar tirar por terra a Ordenanza da zona de baixas emisións. Eu preguntolle que busque o informe de Urbanismo no Plan de mobilidade ou que se lea o informe do director da Asesoría Xurídica na propia ordenanza. A ver quen tira por terra o que están vostedes traballando. O 14 de outubro do 25, celebrouse unha reunión, perdón, esta era anterior. O un de marzo do 22, o Concello de Lugo, e aquí podería dar 500 datas, pero vou facer a pregunta máis concreta, senón non me vai dar o tempo. Estamos rematando febreiro do 26, en breve, agardamos especialmente despois de tantísimas precipitacións e borrascas que virá o bo tempo, e non queremos chegar aos 30 graos na cidade, e preguntar que pasa coa praia fluvial. Entón fágolle a pregunta hoxe para saber que xestións fixo o goberno local?, que traballo ten feito para poder garantir se efectivamente o vai facer que no verán do ano 26 os lucenses poidamos ter unha praia fluvial?, toda vez que parece que hai un acordo na localización e que ademais o dicía publicamente, vou dar o dato, este xa sen discusión en maio do 25, anunciaba que esa localización lle parecía axeitada e parecía que descartaba esa colocación desa rampla na outra localización. A pregunta é: que traballo ten feito o goberno para que no ano 26 os lucenses teñan praia fluvial?

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois, contesta o señor Bustos.

D. JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas alcalde. Señora Candia, acábase de contestar porque aínda non está firmado o convenio de Serra de Meira, e agora mesmo acaba de dicir que o Departamento de Urbanismo, a Asesoría Xurídica, informou, pois aquí o mesmo. Para que Serra de Meira se firme, ten que informar o departamento de Asesoría Xurídica, Intervención, Fomento, Enxeñaría e Urbanismo. Para iso fai falta un proxecto. Ben, falando da praia fluvial, estamos a traballar todo o posible para que todas as administracións estean de acordo e espero que haxa unha colaboración fluída e fundamental para que a praia fluvial sexa unha realidade, e os lucenses poidan desfrutar dunha zona de baño pública sen molestar os mexilóns e que entre todos poidan ter no río pois o seu espazo e que non haxa problemas de ningún tipo. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Pasamos á seguinte pregunta.

D) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 100/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ALUGUEIRO DA NAVE DO CORGO ONDE SE GARDAN AS TURBINAS DA FÁBRICA DA LUZ.- Vista a devandita pregunta cuxo teor é o seguinte:

Dende o 1 de marzo do ano 2022, o Concello de Lugo vén asumindo o custo dun arrendamento destinado a gardar as turbinas da Fábrica da Luz, ao que posteriormente se sumaron as piscinas flotantes anunciadas para o río Miño e que finalmente nunca chegaron a instalarse.

No orzamento municipal deste ano figura unha partida de 20.400 € para facer fronte a este alugueiro, sen que conste publicamente unha data de retirada do material nin unha previsión de fin deste gasto, que se está a prolongar demasiado no tempo.

Baseándose no anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

Ata cando ten previsto o Concello seguir pagando o alugueiro da nave do Corgo e que medidas vai adoptar para poñer fin a este arrendamento?

SEÑOR ALCALDE: Moi ben, ten a palabra a señora Candia.

D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Cando se pregunta que traballos se están facendo?, a contestación é: estamos traballando e, como por definición, e por historia e precedentes, estar traballando é o mesmo que non están facendo nada porque pasan anos eran o resultado é 0. Pois aquí imos á pregunta aínda máis concreta, a ver se é posible, aínda que sexa unha de catro. Dende marzo do 22, o Concello vén asumindo o custo dun arrendamento destinado a gardar as turbinas da Fábrica da Luz. Teño aquí a partida orzamentaria do ano 26, que concretamente ascende a 20.400 euros. Parécenos que este é un gasto do que se pode prescindir, probablemente ao que se refire moitas veces o interventor cando lle di que hai que facer unha contención de gastos superfluo e innecesario. Eu podíalle traer aquí a

contestación que nos deu noutros lugares, que era: Estamos traballando para buscar, para vender, para..., pero a realidade é que estas turbinas seguen alí. E agora creo que tamén están as plataformas de baño, que a Unesco lles indicou que poñerían incluso en perigo a distinción como Patrimonio Mundial da Humanidade algúns dos elementos da cidade. Imaxínade a gravidade do proxecto que vostedes pretendían facer, e non sabemos neste momento que vai pasar. Entón preguntamos: ata cando, ata cando ten previsto o Concello seguir pagando o alugueiro da nave do Corgo? e ¿que medidas vai adoptar para poñer fin a este arrendamento? E, se estivésenos nun dos tres, diríalle e: Estamos traballando, non nos vale como contestación, moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, contesta a señora Abelleira.

[Inaudible a intervención da señora González Abelleira]

Moi ben, pasamos secretaria ao seguinte punto.

SEÑORA SECRETARIA: Efectivamente, o derradeiro punto. Trátase de dúas declaracións institucionais relativas á primeira delas ao pésame polo falecemento de don Xesús Alonso Montero, Fillo Adoptivo da Cidade de Lugo; e a segunda é a declaración institucional do Oito de Marzo, Día Internacional da Muller, neste caso, do ano 2026.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben. Son dúas declaracións que se presentaron e se acordaron por unanimidade dos tres grupos na Xunta de Voceiros, e por tanto hoxe materializámolas.

D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

15/27 PÉSAME POLO FALECEMENTO DE DON XESÚS ALONSO MONTERO FILLO ADOPTIVO DA CIDADE DE LUGO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 19 de febreiro de 2026 que, a seguir, se transcribe:

‘O pasado día 12 de febreiro de 2026 faleceu don Xesús Alonso Montero nado en Vigo en 1928.

Nado en Vigo no ano 1928, ensaísta, sociolingüista, poeta e conferenciante galego, Catedrático de Literatura Galega, membro da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega.

Dende o ano 1960 foi profesor no Instituto Masculino (IES Lucus Augusti) e na Escola de Maxisteiro (Facultade de Formación de Profesorado). Foron quince anos de ampla actividade tanto na docencia de Lingua e Literatura Española coma na crítica literaria.

Unha boa mostra do seu labor como docente é a innegable importancia que moitos dos seus alumnos lucenses acadaron na literatura galega, como é o caso de Darío Xohán Cabana, Claudio Rodríguez Fer ou Xesús Rábade Paredes, entre outros. Esta implicación e apoio a novos escritores pódese observar, por exemplo, no limiar do primeiro libro de Fiz Vergara Vilariño, «Pra vós» (1971).

Recibiu varios premios e galardóns entre os que destacan: premio Galicia de Periodismo (anos 1986 e 1990), premio Nacional de Periodismo Julio Camba (1988), premio Otero Pedrayo (1989) e o Premio Trasalba (2000) e ocupou a presidencia da Real Academia de Galega entre o ano 2013 e 2017.

Dada a innegable traxectoria profesional e valorando a importancia que a figura de Don Xesús Alonso Montero supón para a cultura galega, sendo un dos ensaístas máis importantes das últimas décadas na nosa Comunidade, a súa impronta como escritor, tradutor e conferenciante fan del un dos intelectuais máis recoñecidos e premiados da actualidade. Fora recentemente recoñecido como fillo adoptivo de Lugo.

Esta Alcaldía, de xeito consensuado cos voceiros dos grupos municipais propón ao Excmo. Concello Pleno amosar a condolencia desta Corporación polo falecemento de don Xesús Alonso Montero e darlle traslado á súa familia do acordo que se adopte'.

O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, expresa a condolencia da Corporación Municipal por este pasamento e faille chegar o seu sentimento e pesar á familia do Profesor Alonso Montero.

16/28 DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 2026.- Vista a proposta da Alcaldía, do 24 de febreiro de 2026, do seguinte teor:

‘O Concello de Lugo, con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, súmase á conmemoración desta data reafirmando o seu compromiso coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, principio esencial do noso ordenamento xurídico e fundamento dunha sociedade democrática avanzada.

Esta xornada constitúe unha ocasión para recoñecer os avances logrados en materia de dereitos das mulleres, froito de décadas de loita social e institucional, así como para reflexionar sobre os desafíos pendentes para alcanzar unha igualdade plena en todos os ámbitos da vida política, económica, social e cultural.

A pesar dos progresos alcanzados, persisten desigualdades estruturais que afectan de maneira específica ás mulleres, entre as que destacan a brecha salarial, a maior incidencia da precariedade laboral, a desigual distribución das responsabilidades de coidado, a infrarrepresentación en determinados ámbitos de decisión e a persistencia da violencia machista.

O Concello de Lugo manifesta a súa preocupación por estas situacións e recoñece a necesidade de seguir impulsando políticas públicas integrais que garantan a igualdade de oportunidades, a autonomía persoal das mulleres e o pleno exercicio dos seus dereitos.

Así mesmo, recoñécese o papel fundamental das administracións locais, pola súa proximidade á cidadanía, na promoción da igualdade e na prevención e atención das situacións de discriminación e violencia.

Neste sentido, o Concello de Lugo:

- Reitera o seu compromiso coa aplicación do principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as políticas municipais.
- Expresa o seu rexeitamento firme e rotundo a calquera forma de violencia contra as mulleres.
- Impulsa medidas destinadas a favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral desde unha perspectiva de corresponsabilidade.
- Promove accións de sensibilización e educación en valores de igualdade, respecto e non discriminación.
- Recoñece a contribución das mulleres ao desenvolvemento social, económico e cultural do municipio.

O Concello de Lugo fai un chamamento á cidadanía para que participe activamente na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria, baseada no respecto aos dereitos humanos e na eliminación de calquera forma de discriminación por razón de sexo.

Neste 8 de marzo, renovamos o noso compromiso institucional coa igualdade entre mulleres e homes, convencidos de que só desde a implicación conxunta das administracións públicas e da sociedade no seu conxunto será posible avanzar cara a unha igualdade efectiva e duradeira.

Esta Alcaldía de conformidade cos voceiros dos grupos municipais, propón ao Excmo. Concello Pleno elevar esta declaración institucional para a conmemoración do día internacional das mulleres 2026.'

O Excmo. Concello Pleno aprobou a antedita proposta nos seus propios termos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr. alcalde deu por rematada a sesión, ás trece horas e vinte e dous minutos do expresado día vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e seis. Esténdese esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno, dou fe, asinando comigo a actual alcaldesa presidenta dona María Elena Candia López, por finalizarse no día de hoxe, vinte e nove de maio de dous mil vinte e seis, a transcripción das intervencións desta sesión.